

# Programación Xeral Anual

PXA

Curso 2024/2025

CEIP de Roxos



## ÍNDICE

### INTRODUCCIÓN

Páx.4

### 1. OBXECTIVOS DO CENTRO E CONCRECIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

Páx.5

1.1. Obxectivo xeral.

1.2. Obxectivos específicos.

- De carácter xeral
- En relación á organización do centro.
- En relación co proceso de ensino aprendizaxe.
- En relación ao profesorado.
- En relación ao alumnado.
- En relación a plans, proxectos e programacións.

1.3. Medidas a desenvolver para a súa consecución.

1.4. Recursos.

1.5. Concreción do proxecto educativo.

### 2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN DO ALUMNADO CON NEAE.

Páx.11

### 3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

Páx.12

4.1. Órganos Colexiados de Goberno.

4.2. Órganos Unipersoais de Goberno.

4.3. Órganos de coordinación docente.

- Equipos de ciclo.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Departamento de Orientación.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Equipo de Biblioteca.
- Equipo de Educación Dixital.



4.4. Titorías.

4.5. Alumnado.

- Grupos.
- Composición de unidades do centro.

#### 4. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

Páx.17

5.1. Xornada lectiva.

5.2. Calendario escolar e conmemoracións.

5.3. Calendario de reunións de avaliacións.

5.4. Horario de dedicación aos cargos directivos.

5.5. Horario de espazos de traballo distintos das aulas ordinarias.

5.6. Vixilancia no tempo de lecer e no transporte escolar.

5.7. Libros e materiais.

5.8. Persoal non docente.

#### 5. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E EXTRAESCOLARES. Páx.27

6.1. Servizo de madrugadores e comedor.

6.2. Transporte escolar.

6.3. Plan específico de actividades extraescolares da ANPA.

#### 6. RELACIÓN COA COMUNIDADE E FAMILIAS.

Páx.29

7.1. Horario de atención ás familias.

7.2. Xornada de portas abertas.

7.3. Reunións de comezo de curso.

7.4. Relación con centros educativos adscritos.

7.5. Participación en celebracións.

#### 7. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

Páx.31

8.1. Programa de Formación.

8.2. Innovación educativa.

- Contratos programa
  - o CPIInclúe.

- o CPconvive.
- o Educalidade

## 8. PLANS E PROXECTOS DE TRABALLO.

Páx.33

- 9.1. Actividades complementarias e extraescolares.
- 9.2. Proxecto lingüístico.
- 9.3 Fomento do uso do galego.
- 9.4. Fomento da lectura.
- 9.5. Fomento da educación dixital.
- 9.6. Plan de auto-protección do centro.

## 9. AVALIACIÓN.

Páx.36

## ANEXOS

Páx.36

- I. Plan de Orientación.
- II. Plan de Atención á Diversidade. [\(ENLACE\)](#)
- III. Concreción anual do Plan de Atención á diversidade.
- IV. Plan de Acción Titorial.
- V. Plan de Mellora
- VI. Plan Dixital
- VII. Fomento do uso do galego.
- VIII. Proxecto lingüístico. [ENLACE](#)
- IX. Plan de actividades físicas e hábitos saudables.
- X. Fomento da lectura.
- XI. Fomento da educación dixital.
- XII. Plan de convivencia. [\(ENLACE\)](#)
- XIII. Plan de igualdade. [\(ENLACE\)](#)
- XIV. NOFC. [\(ENLACE\)](#)
- XV. Plan de Auto-protección. [\(ENLACE\)](#)



- XVI. Plan de Actividades extraescolares
- XVII. Plan de activades extraescolares ANPA
- XVIII. Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos no centro.

## INTRODUCCIÓN

O CEIP de Roxos está situado nunha zona rural do Concello de Santiago de Compostela, no límite co concello de Ames. A procedencia da maior parte do alumnado corresponde a unha zona non urbana do Concello, aínda que tamén se escolariza alumnado de poboacións relativamente próximas (Bertamiráns, Milladoiro, Brión...). Conta con núcleos de poboación dispersos e urbanizacións de vivendas unifamiliares construídas nos últimos anos.

Nestes últimos anos estase a consolidar un asentamento poboacional na zona de influencia do colexio asociado á aparición destas novas urbanizacións e vivendas de nova construción próximas ao centro. Este crecemento urbanístico contribuiu a incrementar ano tras ano a matrícula e o número de unidades do Colexio nos últimos anos.

Actualmente contamos con 284 alumnos e alumnas, repartidos en 16 titorías, 4 de educación infantil e 12 de educación primaria.

O centro educativo consta de dous edificios de planta baixa rodeados de zonas verdes e asfaltadas. Aínda que o edificio de primaria é de planta baixa existen dous niveis a ras de chan comunicados entre si por unhas escaleiras interiores dotadas cunha plataforma salva escaleiras Vimec modelo V-64.

No edificio de primaria sitúanse as dependencias de administración, a sala de profesorado, a conserxería, dous pequenos armarios, a biblioteca, un patio xardín, os aseos femininos e masculinos para alumnado, un baño adaptado e un baño mixto para o profesorado, un cuarto de limpeza, o despacho de orientación, doce aulas de primaria, unha aula de música e inglés e unha aula de pedagogía terapéutica. O edificio conta con dúas portas laterais que dan acceso ao patio cuberto e ao espazo habilitado para comedor escolar cun único aseo e unha pequena sala de usos múltiples. Comunícase co edificio de infantil a través da zona de lecer ao aire libre.

No edificio de infantil atópanse seis aulas de infantil, dúas aulas de desdobre utilizadas pola especialista de audición e linguaxe e pola mestra de relixión católica, un cuarto de electricidade, a sala de psicomotricidade, un almacén, un cuarto de limpeza, aseos e un almacén na parte baixa do edificio.

O pavillón municipal está ao carón do edificio de primaria e é utilizado polos especialistas en educación física dentro do horario lectivo, e no recreo polos diferentes grupos de Primaria.

A caldeira de gasóleo sitúase no edificio de primaria mentres que a de pellets está no de infantil.

O centro educativo atópase nun recinto pechado con sete entradas. Catro empréganse como entradas principais e outra como entrada do alumnado usuario do servizo de madrugadores e do transporte escolar. Dentro do recinto hai unha zona acoutada para aparcamento do profesorado e entrada de persoal de mantemento que comunica, a través dun corredor estreito, coa entrada do edificio de primaria mediante unha cancela pechada con chave.

## 1. OBXECTIVOS DO CENTRO E CONCRECIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

### 1.1. Obxectivos xerais.

- Mellorar o modelo organizativo de forma que permita unha intervención máis integradora e un mellor aproveitamento dos recursos tanto persoais como materiais do centro.
- Consegur que o centro se convirta nun lugar de fomento da autonomía do alumnado no que a convivencia e o respecto definan a nosa identidade.

### 1.2. Obxectivos específicos.

- De carácter xeral.

1. Mellorar as infraestruturas do centro.
2. Cumprir as normas básicas de convivencia do centro.

3. Promover unha boa coordinación pedagóxica entre docentes e os distintos equipos.
4. Promover unha boa relación coa comunidade educativa e coas institucións coas que nos relacionamos.

● En relación á organización do centro.

1. Velar pola saúde de toda a comunidade educativa.
2. Mellorar a convivencia e organización dos espazos no tempo de lecer.
3. Facilitar e colaborar na organización e realización das actividades xurdidas e promovidas dende os diferentes equipos ou plans.
4. Dinamizar a biblioteca.
5. Continuar coa abordaxe da actualización do PEC.
6. Revisar e aplicar o Plan Lector.
7. Revisar e aplicar o Plan de Educación Dixital.
8. Favorecer a comunicación e colaboración coa Asociación de Nais e Pais.

● En relación co proceso de ensino aprendizaxe.

1. Potenciar no alumnado o equilibrio, a autonomía persoal e o sentido da responsabilidade.
2. Espertar no alumnado valores, actitudes positivas e de respecto ás diferenzas.
3. Responsabilizar ao alumnado no coidado das instalacións do centro.
4. Favorecer unha educación inclusiva do alumnado, desenvolvendo as potencialidades de cada alumno e alumna.
5. Potenciar aprendizaxes significativas nas que empreguen os coñecementos aprendidos na resolución de problemas.
6. Ensinar ao alumnado técnicas que favorezan a súa autonomía.
7. Espertar o gusto e hábito pola lectura.
8. Fomentar a Educación en Igualdade.
9. Potenciar o coidado do medio ambiente.
10. Fomentar a Educación para a saúde
11. Favorecer a educación en valores: respecto, empatía, solidariedade...

● En relación ao profesorado.

1. Estimular no profesorado o interese para participar en equipos, plans e actividades para lograr un mellor funcionamento do centro.
2. Potenciar a acción titorial como ferramenta para previr dificultades académicas e mellorar a convivencia e clima de aula.
3. Potenciar e apoiar a organización e desenvolvemento de actividades de innovación educativa e de formación do profesorado.
4. Proporcionar ao profesorado os medios, condicións e recursos que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.

● En relación ao alumnado.

1. Favorecer un clima de confianza e motivación cara á aprendizaxe que estimule actitudes positivas no alumnado.
2. Sensibilizar o alumnado de cara á diversidade, desenvolvendo actitudes de aceptación, tolerancia, respecto e inclusión.
3. Desenvolver medidas de atención ao alumnado con NEAE ou con necesidades de reforzo educativo.
4. Favorecer a inclusión do alumnado procedente doutros centros ou do estranxeiro.

● En relación a plans, proxectos e programacións.

1. Potenciar os plans de formación do profesorado.
2. Poñer en práctica o Plan de Auto-protección.
3. Aprobar do Plan de Igualdade e poñer en práctica o alí definido.
4. Desenvolver o plan de biblioteca escolar e o plan lector.
5. Potenciar o coñecemento e uso da lingua galega a través do plan de dinamización lingüística.
6. Aplicar a concreción dos plans do centro.

**1.3. Medidas a desenvolver para a súa consecución**

- Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación.
- Organización dos horarios para a mellora da atención do alumnado.

- Asignación horaria para as coordinacións dos proxectos.
- Elaboración do proxecto de orzamento adecuado ás necesidades programadas.
- Aplicar e avaliar o Plan de Auto-protección.
- Reunións dos distintos equipos: ciclo, biblioteca, convivencia, educación dixital, actividades complementarias e extraescolares, dinamización lingüística, comisión de coordinación pedagóxica...
- Coordinación entre o profesorado co fin de consensuar proxectos e actividades programadas.
- Solicitar a implicación do Concello de Santiago e da Consellería de Educación na mellora das instalacións do centro.
- Consideración das propostas presentadas dende a ANPA.
- Procuraranse medidas de apoio, reforzo ou todas aquelas precisas para darlle unha axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas específicas.
- Garantírase na docencia o equilibrio no emprego das dúas linguas oficiais da nosa comunidade.
- Potenciación de actividades de dinamización da lingua galega.
- Participación nos PFPP que solicitou o profesorado do centro.
- Asesoramento do equipo de Orientación tanto ao profesorado coma ao alumnado e ás familias.
- Promoverase o emprego da lingua galega por parte do profesorado, para que sirva de modelo e referente para o alumnado.

#### 1.4. Recursos.

- **HUMANOS:** Consello Escolar, Claustro, persoal non docente, ANPA, Concello de Santiago de Compostela, Consellería, Policía Local, Policía Nacional, outros organismos.
- **MATERIAIS:** Biblioteca, audiovisuais, tablets (en Educación Infantil e D.O), material impreso, xogos, materiais feitos polos propios docentes e discentes, comedor escolar, aulas e pavillón municipal.
- **ESPAZOS:** Comedor escolar, aulas e pavillón municipal, patio exterior.
- **INFORMÁTICOS:** Xade, material Abalar, servidores de contidos, portal web, Aula virtual...

- **ECONÓMICOS:** Asignacións orzamentarias da Consellería de Educación.

### 1.5. Concreción anual do proxecto educativo.

A atención á diversidade, convivencia e igualdade son as liñas de traballo que neste curso definen a nosa actuación.

Levaremos a cabo distintas accións: sinalizar o centro con pictogramas, facer visible a diversidade, deseñar e estruturar os espazos de xogo, biblioteca inclusiva... co fin de favorecer o desenvolvemento das interaccións do noso alumnado e fomentar valores solidarios.

A concreción do proxecto educativo versará arredor de dita inclusión levada a cabo a través de actividades que estimulen a toma de decisións e as habilidades sociais do alumnado.

## 2. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DO ALUMNADO CON NEAE.

As mestras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe serán as responsables directas de atender o alumnado con necesidades educativas específicas baixo as directrices da xefa do departamento.

Plan de orientación. ([Ver Anexo I](#))

Plan de atención á diversidade. ([Ver Anexo II](#))

Addenda do plan de atención á diversidade.

CRONOGRAMA			
ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Trámite de bolsas para alumnado con NEAE.	Orientadora.	Familias.	Setembro.
Revisión dos expedientes do alumnado con NEAE que recibían atención de PT/AL o curso pasado.	D.O.	DO, profesorado.	2ª quincena de setembro.
Proposta de apoio alumnado NEAE.	Orientadora.	Xefatura de estudos.	Setembro.
Participación no período de adaptación de E.I. (entrevistas familias, enquisa...).	Titoras de 4º de E.I., orientadora.	Alumnado.	Setembro.



Participación no plan de acollida informando, de ser o caso, funcións do D.O e integrantes.	D.O.	Familias.	Setembro-Outubro.
Información sobre as funcións dos membros do DO, das actividades previstas e entrega de referentes legislativos vixentes.	Orientadora.	Profesorado.	Setembro-Outubro.
Elaboración/visión dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas, autorizacións, ACS, Av. Psic.,...	Orientadora	Comunidade educativa.	Setembro.
Realización/actualización/visión das Av. /informes Psicopedagóxicos.	Orientadora.	Alumnado.	Todo o curso.
Asesoramento e colaboración na avaliación inicial.	D.O.	Alumnado. Profesorado	Setembro-outubro.
Identificación temperá de necesidades educativas (aplicación BADYG-I).	D.O.	Alumnado.	Todo o curso, principalmente no 1º trimestre.
Recollida de datos: DRDADI.	Orientadora.	Xunta.	1º trimestre.
Elaboración, concreción do PXAD para a PXA.	Orientadora.	Claustro, director.	Outubro.

D.O (Departamento Orientación)

### 3. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

#### 3.1. Órganos colexiados de goberno.

##### ● Consello escolar

- Manuel Ángel Garea Penas (Presidente)
- Rosa María Rodríguez Rodríguez (Secretaria)
- Verónica Blanco Quintás (Xefa de estudos)
- Isolina González Vidal (Sector profesorado)
- Elisa María Freire Ramos (Sector profesorado)
- María Jesús Pardiñas Fernández (Sector profesorado)
- Manoel Iago Vázquez Rodríguez (Sector profesorado)
- Ana María García Darriba (Sector PAS)
- Mariña Penas Vázquez (Sector familias)
- Paula Chantada Adán (Sector familias)
- María Cruz-Villalón García (Sector familias)
- María Dolores Calvo Ferreiro (Sector familias)
- Eva León Arceo (Representante da ANPA)
- Pilar Lueiro García (Representante do Concello)

Dentro do Consello escolar existe unha “**Comisión de Convivencia**” con carácter consultivo, que está constituída por:

- Manuel Ángel Garea Penas.
- Verónica Blanco Quintás.
- Elisa María Freire Ramos.
- Ana María García Darriba.
- Mariña Penas Vázquez.
- María Cruz-Villalón García

E unha “**Comisión Económica**” con carácter consultivo, que está constituída por:

- Rosa María Rodríguez Rodríguez.
- Manoel Iago Vázquez Rodríguez.
- María Dolores Calvo Ferreiro.

● **Claustro e adscrición.**

María Martínez Castiñeiras ( <i>Substitúe a María Isabel Chao Martínez</i> ) Alejandra Villar Pereiro Rosa María Rodríguez Rodríguez e María del Pilar Piñeiro Rodríguez Sonia María Pérez Fernández	Apoio Inf. 4º Inf 5º Inf. 6º Inf.
Mª Asunción García Alvarez e Mercedes Calvo Pallas Irene Formoso Lago e Antonio García Río Elisa María Freire Ramos e Verónica Blanco Quintás Carmen Gómez Vilacoba e Aida Lorenzo Arceo Ana Belén Fontáns Rilo e David Calvo Caamaño María Isabel Fandiño López e Manoel Iago Vázquez Rodríguez	1º 2º 3º 4º 5º 6º
David Calvo Caamaño e María Begoña Santamaría Pérez	Educación Física
Mª Carmen Vázquez Espantoso e Secundino Picos Peliquín ( <i>Substitúe a Sara Maroño García</i> )	Inglés 4º- 5º- 6º Pri
Mª Jesús Pardiñas Fernández	Relixión Católica
Luís Cacheda Cajaraville	Educación Musical
María del Pilar López Freire	Orientadora
Ana Isabel Vázquez García e Johanna Soledad Otero García	Pedagogía Terapéutica
Isolina González Vidal	Audición e Linguaxe

**3.2. Órganos unipersoais de goberno.**

- Director: Manuel Ángel Garea Penas
- Secretaria: Rosa María Rodríguez Rodríguez
- Xefa de estudos: Verónica Blanco Quintás

**3.3. Órganos de coordinación docente.**

- **Equipos de ciclo/nivel.**





INFANTIL	1º CICLO
María del Pilar Piñeiro Rodríguez <b>(Coordinadora)</b>	María Mercedes Calvo Pallas <b>(coordinadora)</b>
González Vidal, Isolina	Formoso Lago, María Irene
María Martínez Castiñeiras ( <i>Substitúe a Chao Martínez, María Isabel</i> )	García Río, Antonio
Pérez Fernández, Sonia María	García Álvarez, María Asunción
Rodríguez Rodríguez, Rosa María	Vázquez Espantoso, María Carmen
Otero García, Johanna Soledad	Pardiñas Fernández, María Jesús
Villar Pereiro, Alejandra	Santamaría Pérez, María Begoña
	López Freire, María del Pilar

2º CICLO	3º CICLO
Freire Ramos, Elisa María	Fontáns Rilo, Ana Belén
Blanco Quintás, Verónica	Garea Penas, Manuel Angel
Vázquez García, Ana Isabel	Vázquez Rodríguez, Manoel Iago
Gómez Vilacoba, Carmen	<b>Calvo Caamaño, David (coordinador)</b>
<b>Cacheda Cajaraville, Luís (Coordinador)</b>	Fandiño López, María Isabel
Lorenzo Arceo, Aida	Picos Peliquin, Secundino ( <i>Substitúe a Maroño García, Sara</i> )

(Data de reunións: 2º luns de mes en horario de 17:30/18:30)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA
López Freire, María del Pilar	Garea Penas, Manuel Ángel
González Vidal, Isolina	Calvo Pallás, Mercedes
Vázquez García, Ana Isabel	López Freire, María del Pilar
Otero Castro, Johanna Soledad	Otero Castro, Johanna Soledad (secretaria)
Calvo Pallás, Mercedes	Vázquez García, Ana Isabel
Rodríguez Piñeiro, María del Pilar	Blanco Quintás, Verónica
Calvo Caamaño, David	Freire Ramos, Elisa María
Pose Castro, Rosa Mar (Responsable da EEI do Rial)	González Vidal, Isolina
	Piñeiro Rodríguez, María del Pilar
	Calvo Caamaño, David

Reunións 3º e 4º luns de cada mes.

<b>EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA</b>
Rodríguez Piñeiro, María del Pilar
Garea Penas, Manuel Ángel
Freire Ramos, Elisa María (coordinadora)
Formoso Lago, Irene
García Río, Antonio
Lorenzo Arceo, Aida
<b>EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>
Rodríguez Rodríguez, Rosa
Santamaría Pérez, María Begoña (coordinadora)
Fontáns Rilo, Ana Belén
Gómez Vilacoba, Carmen
Vázquez Espantoso, María Carmen
<b>EQUIPO BIBLIOTECA</b>



García Álvarez, María Asunción
Picos Peliquín, Secundino
Fandiño López, María Isabel
González Vidal, Isolina
<b>Pardiñas Fernández, María Jesús</b> (coordinadora)

<b>EQUIPO DE EDUCACIÓN DIXITAL</b>
Pérez Fernández, Sonia María
Vázquez García, Ana Isabel
<b>Otero García, Johanna Soledad</b> (Coordinadora)
Vázquez Rodríguez, Manoel Iago
Calvo Pallas, María Mercedes

(Data de  
reunións: 1º  
luns de mes  
en horario de  
17:30/18:30)

<b>EQUIPO DE CONVIVENCIA</b>
López Freire, María del Pilar
Blanco Quintás, Verónica
Calvo Caamaño, David
María Martínez Castiñeiras ( <i>Substitúe a Chao Martínez, María Isabel</i> )

<b>COMISIÓN COORDINACIÓN AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO</b>
Garea Penas, Manuel Ángel (Director)
Blanco Quintás, Verónica (Xefa de Estudos)
López Freire, María del Pilar (Xefa de Departamento de Orientación)
Gómez Vilacoba, Carmen (Titora de 4º Primaria)



### EQUIPO ACTUACIÓN ANTE O ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR

López Freire, María del Pilar (Xefa Departamento Orientación)

Blanco Quintás, Verónica (Xefa de Estudos)

Garea Penas, Manuel Ángel (Director)

Fontáns Rilo, Ana Belén (Instructora)

### 3.4. Titorías. Plan de Acción Titorial (Ver Anexo IV)

TITOR/A	ETAPA/NIVEL
Alejandra Villar Pereiro	4º infantil A
Rosa María Rodríguez Rodríguez	5º infantil B
María Pilar Rodríguez Piñeiro	5º infantil B
Sonia María Pérez Fernández	6º infantil A
María Asunción García Álvarez	1º primaria A
María Mercedes Calvo Pallas	1º primaria B
Irene Formoso Lago	2º primaria A
Antonio García Río	2º primaria B
Elisa María Freire Ramos	3º primaria A
Verónica Blanco Quintás	3º primaria B
Carmen Gómez Vilacoba	4º primaria A
Aida Lorenzo Arceo	4º primaria B
Ana Belén Fontáns Rilo	5º primaria A
David Calvo Caamaño	5º primaria B
María Isabel Fandiño López	6º primaria A
Manoel Iago Vázquez Rodríguez	6º primaria B
<b>16 titoras e titores</b>	<b>16 unidades</b>

### 3.5. Alumnado.

Grupo	Educación infantil			Educación primaria					
	3 años	4 años	5 años	1º	2º	3º	4º	5º	6º
A	18	13	19	17	20	14	19	24	14
B	18	13		17	19	14	20	25	18
<b>Total discentes</b>	<b>26</b>	<b>26</b>	<b>19</b>	<b>34</b>	<b>39</b>	<b>28</b>	<b>39</b>	<b>49</b>	<b>32</b>
	<b>63</b>			<b>221</b>					
	<b>284</b>								

Grupos.	Educación infantil			Educación primaria					
	3 años	4 años	5 años	1º	2º	3º	4º	5º	6º
<b>Total grupos</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>2</b>	<b>2</b>
	<b>4</b>			<b>12</b>					
	<b>16</b>								

Composición de unidades do centro.	Catalogadas	En funcionamento	Diferenza
<b>Educación infantil</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>1</b>



Educación primaria	12	12	0
--------------------	----	----	---

## 4. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### 4.1. Xornada lectiva.

A xornada lectiva é continua/única, de 09:30 a 14:30. Todo o alumnado ten 30 minutos de lecer diarios. Neste tempo o alumnado está supervisado por profesorado de garda. As instalacións permanecen abertas de luns a venres dende as 07:30 ata as 19:00 horas.

O horario do profesorado do centro distribúese de maneira que cada grupo de alumnos e alumnas de educación infantil terá unha profesora titora e unha profesora de apoio. En educación primaria contamos con doce titores/as, un por cada grupo aula.

Contamos con especialistas de inglés, música, educación física, relixión, e un departamento de orientación con orientadora, especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

En ambas etapas educativas dedicamos o tempo de lectura, recollido no plan lector, en horario de 12:30 a 12:50 de luns a venres.

Solicítase como día non lectivo o día 30 de maio de 2025.

CRITERIOS PEDAGÓXICOS E ORGANIZATIVOS para a elaboración dos horarios.

- Os especialistas que imparten clase en educación infantil completarán tempos en dito edificio tratando de evitar desprazamentos entre sesións.
- Sesións adicadas aos coordinadores e dinamizadores.
- Reparto de espazos: aula de psicomotricidade, pavillón para non coincidir os dous profesores de educación física.
- Reparto das especialidades no nivel educativo de primaria ao longo da semana.
- Titoras de nivel: procurarase que coincidan unha hora á semana.
- Necesidades de apoios demandadas polo departamento de orientación.

### Horario Grupo BASE PARA TODO O ALUMNADO



	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
07:30/09:30	Servizo de madrugadores (Concello)				
09:00/09:30	Transporte escolar				
<b>1ª sesión</b>	09:30/10:20	09:30/10:20	09:30/10:20	09:30/10:20	09:30/10:20
<b>2ª sesión</b>	10:20/11:10	10:20/11:10	10:20/11:10	10:20/11:10	10:20/11:10
<b>3ª sesión</b>	11:10/12:05	11:10/12:05	11:10/12:05	11:10/12:05	11:10/12:05
<b>Lecer</b>	12:00/12:30	12:00/12:30	12:00/12:30	12:00/12:30	12:00/12:30
<b>4ª sesión</b>	12:30/ <b>12:50</b>	12:30/ <b>12:50</b>	12:30/ <b>12:50</b>	12:30/ <b>12:50</b>	12:30/ <b>12:50</b>
	<b>12:50</b> /13:40	<b>12:50</b> /13:40	<b>12:50</b> /13:40	<b>12:50</b> /13:40	<b>12:50</b> /13:40
<b>5ª sesión</b>	13:40/14:30	13:40/14:30	13:40/14:30	13:40/14:30	13:40/14:30
14:30/15:00	Transporte escolar				
14:30 – 16:30	Servizo de comedor (Concello)				
16:30 – 17:30	Titorías Familias				
17:30 – 18:30	Reunións centro				

#### 4.2. Calendario escolar e conmemoracións.



## Calendario Escolar 2024-2025

Setembro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Outubro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Novembro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

Decembro 2024						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

Xaneiro 2025						
L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Febreiro 2025						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28		

Marzo 2025						
L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Abril 2025						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

Maio 2025						
L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

Xuño 2025						
L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Xullo 2025						
L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

Agosto 2025						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

Comezo das clases Infantil e Primaria. Secundaria e Réxime especial

Día do ensino.

Vacacións de Nadal.

Vacacións de Antroido.

Vacacións de Semana Santa.

Fin de curso de Infantil e Primaria. Fin de curso Secundaria . Fin de curso Réxime Especial.

## CONMEMORACIÓN

### **Conmemoracións. Curso 2024/25**

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

### **4.3. Calendario reunións de avaliación.**

AVALIACIÓN	DATA AVALIACIÓN	NIVEIS	PUBLICACIÓN NOTAS
1ª	9 decembro	Infantil	20 decembro
	10 decembro	1º ciclo	
	11 decembro	2º ciclo	
	12 decembro	3º ciclo	





2ª	31 marzo	1º ciclo	11 abril
	1 abril	2º ciclo	
	2 abril	3º ciclo	
	3 abril	Infantil	
3ª	23 xuño	2º ciclo	24 xuño
	23 xuño	Infantil	
	23 xuño	1º e 2º primaria	
	23 xuño	5º e 6º primaria	

A hora de comezo da 1ª e 2ª avaliacións é ás 16:30; a 3ª avaliación comezará ás 9:30

#### 4.4. Horario de dedicación ao cargo do equipo directivo.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30 – 10:20	Director Xefa de estudos	Director Xefa de estudos	Director Xefa de estudos	Director Xefa de estudos	Director Xefa de estudos
10:20 – 11:10					
11:10 – 12:00					Secretaria
12:30 – 13:40	Secretaria	Secretaria		Secretaria	
13:40 – 14:30	Director	Director Secretaria	Director Xefa de Estudos	Director Secretaria	Director Xefa de Estudos

#### 4.5. Horario de espazos de traballo distintos das aulas ordinarias.

PAVILLÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30/10:20	5ºB	3ºA	4ºA	4ºB	5ºB
10:20/11:10	2ºA	4ºA	2ºB		6ºA
11:10/12:00	1ºB	5ºA	1ºA	3ºB	6ºB
12:00/12:30	TEMPO DE LECER				
12:30/13:40	6ºA	4ºB	2ºA	6ºB	3ºA
13:40/14:30	3ºB	1ºA	5ºA	1ºB	2ºB
<b>PSICOMOTRICIDADE</b>	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES



09:30/10:20				4º Inf.	
10:20/11:10	5º Inf. B	6º Inf.		6º Inf.	5º Inf. B
11:10/12:00					4º Inf
12:00/12:30	<b>TEMPO DE LECER</b>				
12:30/13:40		4º Inf. A	5º Inf. A		5º Inf. A
13:40/14:30					

<b>Música</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
09:30/10:20		4ºA			1ºB
10:20/11:10	2ºB	6ºA	4ºB		
11:10/12:00					1ºA
12:00/12:30					
12:30/13:40	6ºB		3ºA	5ºA	
13:40/14:30		3ºB	5ºB	2ºA	

<b>Aula de Relixión</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
09:30/10:20		5ºA		5ºB	
10:20/11:10		1ºA	6ºA/6ºB		1ºB
11:10/12:05	4ºA	3ºA	3ºB	4ºB	6º E.I



12:05/12:30	TEMPO DE LECER				
12:30/13:40					
13:40/14:30	2ºA/2ºB			5ºA/B E.I	4ºE.I

PT	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30/10:20	PT	PT	PT	PT	PT
10:20/11:10	PT	PT	PT	PT	PT
11:10/12:00	PT	PT	PT	PT	PT
12:00/12:30	TEMPO DE LECER				
12:30/13:40	PT	PT	PT	PT	PT
13:40/14:30	PT	PT	PT	PT	PT
AL	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:30/10:20	AL	AL	AL	AL	AL
10:20/11:10	AL	AL	AL	AL	AL
11:10/12:00	AL	AL	AL	AL	AL
12:00/12:30	TEMPO DE LECER				
12:30/13:40	AL	AL	AL	AL	AL
13:40/14:30	AL	AL	AL	AL	AL

PT (mestra pedagogía terapéutica)

AL (mestra de Audición e Linguaxe)

#### 4.6. Vixancia no tempo de lecer e no transporte escolar.

Como podemos ver no horario do centro, temos o tempo de lecer que abrangue das 12:00 a 12:30 horas. Durante ese tempo o alumnado está supervisado por profesorado de garda. Dende a xefatura de estudos establecerase un calendario de gardas, que estará exposto taboleiro da Secretaría e da sala de profesorado.

Todos os días hai catro mestras/es de garda de transporte e 12 de garda de recreo.

Tal e como se indica no artigo 3.2. da Orde do 23 de xuño de 2011 (DOG do 30), pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes, computarán como horario lectivo as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades escolares ata a saída do transporte escolar. Como consecuencia disto, os tempos de garda veranse compensados no resto do horario lectivo de cara a que todo o profesorado imparta 23 horas lectivas semanais.

### PROFESORADO EN ESPAZOS DE GARDAS.

#### A) No tempo de lecer.

<b>Grupo B</b>	<b>Grupo A</b>
✓ García Álvarez, María Asunción	✓ Chao Martínez, María Isabel
✓ Calvo Pallas, María Mercedes	✓ Formoso Lago , María Irene
✓ Rodríguez Rodríguez, Rosa María	✓ Rodríguez Piñeiro, María Pilar
✓ Pérez Fernández, Sonia María	✓ Gómez Vilacoba, Carmen
✓ Blanco Quintás, Verónica	✓ García Río, Antonio
✓ Freire Ramos, Elisa María	✓ Lorenzo Arceo, Aida
✓ Fontáns Rilo, Ana Belén	✓ Santamaría Pérez, María Begoña
✓ Calvo Caamaño, David	✓ Vázquez Rodríguez, Manoel Iago
✓ Garea Penas, Manuel Ángel	✓ Gómez Vilacoba, Carmen
✓ CACHEDA Cajaraville, Luis	✓ Calvo Caamaño, David
✓ Vázquez García, Ana Isabel	✓ Vázquez Espantoso María Carmen
✓ Otero , Johanna Soledad	✓ Fandiño López María Isabel
✓ Pardiñas Fernández, María Jesús	✓ Rodríguez Rodríguez, Rosa María

<b>GRUPO A/ GRUPO B</b>	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>Primaria</b>					
Espazo 1	2	2	2	2	2
Espazo 2	2	2	2	2	2



Espazo 3	2	2	2	1	2
Zona de Baños	1	1	1	1	1
Rampa	1	1	1	1	1
Biblioteca	1	1	1	1	1
<b>Infantil</b>					
Espazo 1	3	3	3	3	3

**B) No transporte escolar.**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		
Manuel Ángel G.P.	Manuel Ángel G.P.	Manuel Ángel G.P.	Manuel Ángel G.P.	Manuel Ángel G.P.		
Verónica B.Q.	Verónica B.Q.	Verónica B.Q.	Verónica B.Q.	Verónica B.Q.		
Mercedes C.P	Luís C.C	Antonio G.R	David C.C	Sonia P.F		
Carmen G. V	Aida L.A	Irene F.L	María Asunción	Aida L.A		
	Begoña S.		G.A	Begoña S.P		
	Rosa Mª R.R		Rosa Mª R.R			
		<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>Entrada principal</b>		2	2	2	2	2
<b>Patio cuberto</b>		1	1	1	1	1
<b>Psicomotricidade</b>		1	1	1	1	1

**4.7. Libros e materiais.**

A lista de libros expónse no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web o último día do curso anterior. Todo o profesorado deberá comprobar que o ISBN dos libros de texto que empregarán no vindeiro curso son os que aparecen na lista.

**4.8. Persoal non docente.**

Un conserxe: Manuel Rodríguez Suárez contratado pola empresa SERVEO S.L. O seu horario é de 8:45 a 14:45 pola mañá e de 16:00 a 19:00 pola tarde. As súas funcións, entre outras, son as seguintes:

- ♣ abrir e pechar o centro
- ♣ atender o servizo de copistería, así como dar parte de calquera incidencia producida ao respecto.
- ♣ facer pequenas reparacións.
- ♣ atender o teléfono.
- ♣ recibir ás persoas que veñen ao centro e dar aviso á persoa pola que preguntan

Persoal de limpeza: Dúas limpadoras que realizan o seu traballo no centro. Pilar Suárez Liñares e M<sup>a</sup> del Carmen García Varela en horario de 15:00 a 21:00 horas, contratadas pola empresa SERVEO S.L.

Unha auxiliar técnica educativa ou cuidadora: Ana María García D arriba presta servizos complementarios para asistencia e formación das persoas con diversidade funcional/discapacidade. Exerce as seguintes funcións:

- ♣ a) Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión. Esas atencións tamén se estenden ás noites no caso de alumnado internado en centros de educación especial.
- ♣ b) Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- ♣ c) Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- ♣ d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- ♣ e) Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- ♣ f) De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- ♣ g) Nos casos excepcionais en que resulte necesario, acompañar na ruta escolar o alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar cuidador.
- ♣ h) Colaborar nas actividades complementarias en que participe a alumna ou o alumno.
- ♣ i) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.
- ♣ j) Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

## 5. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E EXTRAESCOLARES.

### 5.1. Servizo de madrugadores e comedor escolar

Son xestionados polo concello de Santiago de Compostela quen adxudicou a xestión directa á empresa Alimentación Saudable Galega SLU.

Ambos servizos son atendidos por persoal contratado por dita empresa. Responsabilízanse da atención e coidado dos usuarios/as do servizo e de recoller e limpar o comedor.

Funcionarán desde o día 11 de setembro de 2024 ata o 20 de xuño de 2025.

a) Encargada: Rodrigo Klüver Cabanelas.

b) Usuarios madrugadores:

- número total de alumnado: 50 usuarios/as, 17,60% do alumnado.
- número de monitores/as: 3

c) Usuarios comedor:

- número total de alumnado: 110 comensais, 39% do alumnado .
- número de monitores/as: 6

d) Horario:

- Madrugadores: de 07:30 a 09:30.
- Comedor: de 14:30 a 16:30
- Tempo de recollida e limpeza: de 16:30 a 17:30

e) Distribución dos comensais: o alumnado de Educación Infantil está sentado máis preto da porta de saída, nas mesas máis baixas, adecuadas á súa estatura, están agrupados en relación ao grupo estable de convivencia definido na súa aula. O alumnado de Educación Primaria están sentados nas mesas máis altas.

f) Prezo:

- Madrugadores: 1,85 € comensal/día.
- Comedor: 4,50 € comensal/día.

### 5.2. Transporte escolar

Xestionado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

- a) Pola mañá deixa o alumnado, aproximadamente con 10 minutos de anticipación ao inicio das clases. Dito alumnado queda no patio cuberto vixiado polo profesorado de garda ata o comezo da xornada lectiva.
- b) Ao mediodía recollen o alumnado ás 14:30 horas. Dito alumnado é vixiado polo profesorado dende o remate da xornada lectiva ata que son entregados ás acompañantes dos autobuses. A partir dese momento a responsabilidade de custodia do alumnado é do persoal do transporte escolar.
- c) Itinerarios e rutas:

<b>UTE Mombús- Rías Baixas</b> Contrato: ED 1525 <b>Ruta ED 152519 Pardiñas</b> <b>Abaixo-CEIP de Roxos</b>	<b>UTE Mombús-Rías Baixas</b> Contrato: ED 1525 UTE <b>Ruta ED 152518 Reborido-CEIP</b> <b>de Roxos</b>	<b>UTE Mombús -Rías Baixas.</b> Contrato: ED 1525 <b>Ruta 15250 Aldea Nova-CEIP</b> <b>de Roxos</b>
1. Paredes 2. Larañiño 3. Casas do Monte 4. Pardiñas 5. Pardiñas Abaixo 6. A Moniña 7. O Casal 8. Laraño 9. Reibó 10. Urb. Brandía 11. Bar Fuentes 12. Hostalaría	1. Garderia 2. Roxos 3. Ponte 4. Portela 1 5. Portela 2 6. Quintáns 7. Tras Iglesia 8. Casa Che 9. Feáns 10. Fraiz de Abaixo 11. Fraiz de Arriba 12. Reborido	1. Roxos 1 Viveiros 2. Pedra da Legua 3. Lamas (Roxos) 4. Pedrido 5. Eira Nova 69 6. Carballal (Roxos) 7. O Altíño 8. Moas de Abaixo 9. Roxos 2 10. Villastrexe 11. Aldea Nova 1

d) Usuarios:

- número total de alumnado: 111 pasaxeiros/as (43,70%)
- número total de alumnado de educación infantil: 23 (36,51%)
- número total de alumnado de educación primaria: 88 (40%)
- Distribución por liñas:
  - ✓ **Liña 1:** 38 alumnos/as
  - ✓ **Liña 2:** 25 alumnos/as
  - ✓ **Liña 3:** 47 alumnos/as

### 5.3. Plan específico de actividades extraescolares da ANPA.

A oferta de actividades extraescolares ofertadas pola ANPA figura no [Anexo X](#).



#### **5.4. Servizo de Biblioteca en horario extraescolar.**

A biblioteca funcionará as tardes do martes, mércores, xoves e venres en horario de 16:30 a 18:30. A recollida do alumnado realizarase pola porta lateral, e como sempre, a persoa que a/o recolla deberá estar debidamente autorizada e deberá asinar na folla de recollida. O alumnado de Educación Infantil poderá facer uso do servizo de biblioteca polas tardes en compañía dunha persoa adulta.

### **6. RELACIÓN COA COMUNIDADE E FAMILIAS.**

#### **6.1. Horario de atención ás familias.**

A hora que o profesorado ten determinada para atender ás familias, previa cita, son os luns de 16:30 a 17:30 horas.

No caso de que as familias non puidesen ser atendidas neste horario, buscarase outro momento con dispoñibilidade para ás dúas partes.

#### **6.2. Xornada de portas abertas.**

No mes de marzo, pola tarde en horario de 16:30 a 18:30, teremos unha xornada de portas abertas para que as familias que estean interesadas en matricular aos seus fillos e fillas no noso centro, poidan coñecer as instalacións e o funcionamento do mesmo.

Nos últimos días do curso teremos unha reunión coas familias do alumnado de 4º de infantil do curso 2024/2025 para facilitar a aproximación ao inicio da escola coas rutinas do verán en canto a autonomía e hábitos.

#### **6.3. Reunións de comezo de curso.**

Nas reunións presenciais de inicio de curso as persoas titoras explican aspectos organizativos e metodolóxicos que se desenvolverán ao longo do curso

#### **Datas de reunións:**

- ✓ Luns 23 de setembro 16:30
  - 4ºA/4ºB
  - 5ºA/5ºB

- ✓ Luns 23 de setembro 17:30
  - 6ºA/6ºB
- ✓ Luns 30 setembro 16:30
  - 3ºA/3ºB
- ✓ Luns 30 de setembro 17:30
  - 2ºA - 2ºB
- ✓ Mércores 2 outubro 16:30
  - 1ºA / 1ºB
- ✓ luns 7 outubro 16:30
  - 6º E.I
- ✓ Luns 7 outubro 17:30
  - 5ºA/B E.I

O resto de titorías ordinarias desenvolveranse os luns en horario de 16:30 a 17:30 h..

#### **6.4. Relación con centros educativos adscritos.**

Mantemos contactos ao longo do curso coa EEI do Rial e co IES Eduardo Pondal.

Coa EEI do Rial compartimos:

- Realizarase a xornada de convivencia, en xuño, no noso centro coa finalidade de que o alumnado que o curso seguinte se matricula no noso centro coñeza os seus futuros compañeiros/as e as instalacións.
- A excursión de fin de curso.

Co IES Eduardo Pondal compartimos:

- Realizarase a xornada de convivencia no instituto para coñecer as distintas dependencias, asistir as charlas que organiza o departamento de orientación do IES e compartir unha merenda.
- Realizarase co CEIP Plurilingüe Cardeal Quiroga Palacios unha xornada de convivencia co alumnado de 6º de primaria.
- Definirase unha reunión no mes de maio ou xuño entre o profesorado do CEIP de Roxos e o profesorado do IES para poñer en común aspectos relativos ao noso alumnado e para definir propostas de mellora para posteriores cursos.

#### **6.5. Participación en celebracións.**

Ao longo do curso e en distintas celebracións, Nadal, Entroido, festa fin de curso... solicitamos a colaboración e participación das familias para o desenvolvemento e goce de actividades educativa e lúdicas.

Do mesmo xeito convidamos ás familias a participar en charlas, conferencias... que se desenvolven ao longo do curso.

## 7. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

O profesorado asiste de xeito habitual e ao longo do curso escolar, a diferentes actividades de formación levadas a cabo por organismos e entidades, entre as que destacan o CAFI e diversas organizacións sindicais.

### 7.1. Programa de Formación no presente curso escolar.

Despois de reunirnos coa asesora do CAFI e de valorar as necesidades formativas do claustro, decidimos participar en dúas liñas de actuación:

- o Polos creativos.
- o Atención á diversidade, centrado no TEA

Nestes Programas de Formación hai actualmente inscritos un total de 25 docentes do centro.

Os **membros do equipo** de formación son:

- ♣ Manuel Ángel Garea Penas (Director/Coordinador)
- ♣ Verónica Blanco Quintás (Xefa de Estudos)
- ♣ María Mercedes Calvo Pallas (Coordinadora de itinerario)
- ♣ Johanna Soledad Otero Castro (Coordinadora de itinerario)

**Obxectivos** fixados:

- Mellorar a competencia dixital do profesorado e alumnado.
- Definir estratexias metodolóxicas na práctica docente.

- Adquirir competencia no uso e manexo dos recursos que compoñen o programa Polos Creativos.
- Coñecer as características do trastorno do espectro do autismo dende un punto de vista da intervención educativa.
- Adquirir estratexias metodolóxicas e de autorregulación da conduta así como recursos que favorezan a atención educativa do alumnado con TEA.
- Experimentar en aula propostas metodolóxicas e recursos que melloren a inclusión do alumnado con TEA

### **Contidos**

- Implementación de metodoloxías e deseño de materiais que axuden ao desenvolvemento competencial do alumnado TEA.
- Uso por parte do alumnado TEA, de materiais manipulativos.
- Aprendizaxe baseada en proxectos.
- Funcionamento a nivel técnico dos recursos do Polo Creativo.
- Ferramentas dixitais para a creación e edición de contidos.

### **Temporalización**

Ao longo do curso actual 2024-25.

### **Seguimento e avaliación**

Realizaranse sesións de traballo grupal onde se fará posta en común da consecución do plan. Teremos formación por parte de persoal asignado polo CAFI. Contaremos co asesoramento da nosa asesora de formación do CAFI.

### **7.2. Innovación educativa.**

Como centro graduado seguimos no programa de Educación Responsable desenvolvido pola Consellería de Educación en colaboración coa Fundación Botín.

- Participamos no Proxecto Prensa na Escola.

- Participamos nos contratos programas nas propostas de:
  - EduSaúde.
  - CPInclúe.
  - CPconvive.

## 8. PLANS E PROXECTOS DE TRABALLO.

### 8.1. Equipo de actividades complementarias e extraescolares

**Actividades Complementarias** son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así, cabe considerar: as visitas, traballos de campo, saídas polas proximidades do centro, viaxes de estudo, asistencia a concertos e obras de teatro, conmemoracións e obradoiros. Participaremos naquelas saídas que polos contidos traballados ou pola temática definida se oferten. Participaremos nos concertos didácticos do Concello de Santiago, nas propostas definidas por organismos como o Concello, a Fundación Abanca...

#### **Actividades Extraescolares:**

Definimos entre a planificación do curso o deseño e a execución das excursións de final de curso que supoñen unha xornada de convivencia na que o alumnado goza nun espazo diferente de vivencias grupais.

### 8.2. Proxecto lingüístico.

O proxecto lingüístico do centro foi aprobado en outubro do ano 2022.

#### ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

Determinar a lingua predominante no contorno é un requisito imprescindible para adoptar as liñas de actuación pertinentes que permitan propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte do alumnado, garantindo igualmente a mesma competencia en ambas as dúas linguas. No caso do noso centro a lingua predominante é o castelán, aínda que convive co galego, imos constatando nos derradeiros anos una perda notoria de nenos e nenas galego falantes.

Actualmente as linguas que se empregan nas diferentes áreas son:

En educación infantil:

- 3 anos:
  - Lingua vehicular: galega.
  - Lingua estranxeira: a inglesa.
- 4 anos:
  - Lingua vehicular: castelá nun grupo e galega no outro
  - Lingua estranxeira: a inglesa.
- 5 anos:
  - Lingua vehicular: castelán
  - Lingua estranxeira: a inglesa.

Neste curso a enquisa realizada ás familias do alumnado de 4º de educación infantil (3 anos) sobre a lingua materna dos deus fillos e fillas ofrece os seguintes resultados:

Alumnado matriculado en 4º Inf.	Opcións	Resultado	Porcentaxe
18	Galego	<b>11</b>	61%
	Castelán	<b>7</b>	39%
	Outros		

De acordo co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, na etapa de educación infantil usarase na clase a lingua materna predominante entre o alumnado cuidando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites propios da correspondente etapa.

Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se convirta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego coas compañeiras e compañeiros e o profesorado.



Ademais do establecido neste Decreto, no centro coidarase o fomento do gusto pola literatura infantil en galego e tamén polos textos de tradición oral na nosa lingua (adiviñas, refráns, cancións, contos populares...).

Tratarase, en definitiva, de que o alumnado manteña unha boa competencia na súa lingua familiar e que, progresivamente, adquiran unha competencia suficiente na outra lingua oficial. Isto resulta imprescindible porque na etapa de primaria e posteriores vanse utilizar as dúas linguas como vehiculares.

### Educación primaria:

En toda a etapa da educación primaria garantírase o cumprimento do establecido para esta etapa no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. Así pois, impartíranse con carácter obrigatorio en galego a área de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza, e en castelán a área de Matemáticas.

Ademais, procurárase o uso do galego noutras áreas do currículo, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais, tal e como establece o Decreto 79/2010, do 20 de maio.

No seguinte cadro recóllese a distribución horaria e a lingua na que se impartirán as diferentes áreas de educación primaria, durante o presente curso escolar:

Áreas	Idioma	Cursos					
		1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	Galego	4	4	4	4	4	3
Lingua castelá e literatura	Castelán	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	Castelán	5	5	4	4	4	4
Ciencias sociais	Galego	2	3	2	3	2	2
Ciencias da natureza	Galego	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira	Inglés	2	2	3	3	3	3
Educación Plástica e visual	Castelán	1	1	1	1	1	1
Educación Musical e danza	Galego	1	1	1	1	1	1
Educación física	Castelán	2	2	2	2	2	2
Relixión/Proxecto Competencial	Galego	1	1	1	1	1	1
Educación en Valores	Castelán						1
TOTAIS		25	25	25	25	25	25

**8.3. Fomento do uso do galego.** (Ver Anexo VII)

**8.4. Fomento da lectura.** (Ver Anexo X)

**8.5. Fomento da Educación Dixital.** (Ver Anexo XI)

**8.6 Plan de autoprotección do centro.** (Ver Anexo XV)

## 9. AVALIACIÓN.

A avaliación da Programación Xeral Anual (PXA) será realizada polo Consello Escolar sen prexuízo das competencias do Claustro, en relación coa planificación e organización docente, tal como se recolle nos artigos 127 e 129 da LOE.

## ANEXOS.

Todos os anexos poden consultarse no índice deste documento e o seu contido na páxina web do centro.

A presente PXA foi elaborada polo Equipo Directivo coas aportacións e suxestións do Claustro e o Consello Escolar, sendo avaliada favorablemente na reunión de claustro celebrada o día 14 de outubro e aprobada na reunión de Consello Escolar celebrada o día 14 de outubro de 2024.

O DIRECTOR E PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo.: Manuel Ángel Garea Penas



# Plan de Orientación Concreción anual

CEIP de Roxos

**Curso 2024/2025**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	. 3
1.1. A orientación educativa	. 3
1.2. O Plan de Orientación	. 3
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	. 4
2.1. Descrición da contorna	. 4
2.2. Datos específicos do CEIP de Roxos	. 4
3. OBXECTIVOS	. 5
3.1. Obxectivos xerais	. 5
3.2. Obxectivos específicos	. 5
4. PLANIFICACIÓN XERAL	. 7
4.1. Organización e funcionamento do Departamento de Orientación .....	7
4.2. Organización espazo-temporal	. 7
4.3. Recursos	. 8
4.4. Actuacións e temporalización .....	9
5. ACCIÓNS PRIORITARIAS	11
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	13
6.1. Medidas de atención á diversidade	14
6.1.1. Modalidades de atención	15
6.2. Ámbitos de intervención	16
6.2.1. Apoio ao proceso de ensino aprendizaxe	16
6.2.2. Apoio ao Plan de Acción Titorial	17
6.2.3. Apoio ao Plan Xeral de Atención á diversidade	17
6.2.4. Outras actividades.....	18
6.3. Criterios para os apoios.....	20
7. AVALIACIÓN DO PLAN.....	20
8. PROGRAMACIÓNS DO PROFESORADO DE APOIO .....	21

## 1.- INTRODUCCIÓN.

### 1.1. ¿Que é a orientación educativa?.

Segundo o **Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia** (DOG 27 de abril de 1998), enténdese por un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza desde a escolarización do neno e remata ao finalizar as ensinanzas non universitarias. Este proceso abrangue a toda a poboación escolar, calquera que sexa o tipo e grao de diversidade funcional que presente. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións.

É unha  **tarefa cooperativa, competencia de todo o profesorado, especialmente dos titores e apoiado no Departamento de Orientación (DO)**. É responsabilidade do **equipo directivo, dos mestres e mestras e das familias**. A concepción da orientación está sustentada e fundamentada nos principios de prevención, desenvolvemento e interacción social. A acción orientadora débese anticipar ás situacións e non centrarse nunha demanda concreta:

- *Prevención*: orientación como un dereito de todo educando en todo momento e non unicamente cando aparece unha problemática específica.
- *Desenvolvemento*: os alumnos/as na súa interacción co medio van estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas e a súa personalidade. Trátase de crear un contexto motivador que estimule eses cambios.
- *Intervención social*: a intervención orientadora non debe ter en conta só ao individuo, senón que debe dirixirse ao contexto educativo e social no que se desenvolve.

### 1.2. O Plan de Orientación.

A principal finalidade do Plan de Orientación (PO) consiste en dispoñer no centro dun plan que reflecta a filosofía de traballo do Departamento de Orientación, dunha maneira xeral e a longo prazo.

Ao finalizar cada curso académico, tal e como se nos indica no artigo 15 da **Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998**. (DOG de 31 de xullo de 1998), o/a xefe/a do departamento redactará una memoria que será entregada ao equipo directivo para a súa inclusión na Memoria Final do centro e que incluirá polo menos as modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do plan e unha valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como a implicación.

Nese mesmo artigo especifica que o plan de orientación incluirá, como mínimo os seguintes aspectos:

- Xustificación baseada no contexto.
- Obxectivos.
- Planificación xeral e definición de accións prioritarias.
- Estratexias de intervención.
- Criterios de avaliación do plan.

## **2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

### **2.1. Descrición do contorno.**

O centro *CEIP de Roxos* está na parroquia de Villestro, pertencente ao Concello de Santiago de Compostela. Recibe alumnado das parroquias de Villestro e Laraño e tamén escolariza alumnado procedente dos concellos de Ames e Teo. Está ubicado, polo tanto, no que se considera zona rural do Concello de Santiago, aínda que non se corresponde co que tradicionalmente se define como zona rural, xa que as familias do alumnado desenvolven a súa actividade económica no sector servizos, moitos son funcionarios, profesionais liberais ou empregadas do fogar.

### **2.2. Datos específicos do CEIP de Roxos.**

Actualmente, o centro conta con 28 mestres e un total de 16 unidades.

4º Ed. Infantil	4º EI A con 18 alumnos e alumnas.
5º Ed. Infantil	5º EI A con 13 alumnos e alumnas
	5º EI B con 14 alumnos e alumnas
6º Ed. Infantil	6º EI con 19 alumnos e alumnas.
1º Ed. Primaria	1º A con 17 alumnos e alumnas.
	1º B con 17 alumnos e alumnas.
2º Ed. Primaria	2º A con 20 alumnos e alumnas.
	2º B con 19 alumnos e alumnas.
3º Ed. Primaria	3º A con 14 alumnos e alumnas.
	3º B con 14 alumnos e alumnas.
4º Ed. Primaria	4º A con 19 alumnos e alumnas.
	4º B con 20 alumnos e alumnas.
5º Ed. Primaria	5º A con 24 alumnos e alumnas.
	5º B con 25 alumnos e alumnas.
6º Ed. Primaria	6º A con 14 alumnos e alumnas.
	6º B con 18 alumnos e alumnas.

## **3.- OBXECTIVOS.**

Antes de enumerar os obxectivos xerais que desde o Departamento de Orientación se pretenden conseguir, convén resaltar que súa principal **finalidade** é a

de **mellorar no posible** a calidade do servizo que presta ao centro e á comunidade educativa en xeral.

Por outra banda, tamén indicar que os obxectivos que se propoñen desde o DO para cada curso son froito da combinación de dúas variables, o que fai que se priorice o traballo de determinados aspectos en detrimento doutros. Estas variables son:

- 1) A análise das funcións do D.O.
- 2) A análise das necesidades derivadas do curso anterior e das demandas realizadas a principios de cada curso.

Deste xeito, tendo en conta as funcións deste departamento establecidas no **Decreto 120/1998** e na orde que o desenvolve, **Orde do 24 de xullo do 1998**; así como as **Circulares** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia; e á vista das necesidades detectadas no contexto, os obxectivos que se determinan son os seguintes:

### **3.1. Obxectivos xerais.**

- Contribuír ao desenvolvemento integral dos alumnos/as, favorecendo a súa autoestima e autoconcepto.
- Orientar no proceso de elaboración dos diferentes documentos oficiais do centro para dar cabida á atención do alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.
- Orientar ao profesorado na súa intervención coa atención á diversidade.
- Dar resposta adecuada ao alumnado con NEAE.

### **3.2. Obxectivos específicos.**

- Valorar as NEAE dos alumnos e alumnas e deseñar programas específicos de intervención.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ao respecto así coma no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Deseñar accións encamiñadas á prevención de problemas de desenvolvemento e/ou de aprendizaxe.
- Contribuír á posta en práctica de pautas de actuación para mellorar a autoestima dos alumnos e alumnas que o necesiten.
- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e titoría.
- Colaborar cos órganos unipersoais e colexiados, así coma cos demais servizos, na busca de solucións aos problemas que afectan ao conxunto do proceso de ensino-aprendizaxe.

- Fomentar a colaboración, o seguimento, a avaliación e a revisión dos Plans de Orientación e Acción Titorial, como instrumento dunha educación de calidade, deseñando dentro destes programas, accións que incidan na aprendizaxe dos valores propios dunha sociedade participativa e democrática favorecedores dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas e as culturas.
- Actualizar, promover e avaliar o Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Promover actuacións destinadas ao adestramento en técnicas de traballo intelectual, á solución pacífica dos conflitos, á educación para a saúde,...
- Dinamizar e crear medidas que incidan na mellora da convivencia no centro e na promoción de condutas tolerantes, todo isto reflectido dentro do Plan de Convivencia do Centro.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado estea en todo momento integrado no centro. Presentarase especial atención aos períodos escolares de maior dificultade (conflitos de relación interpersoal, ingreso no centro -Período de Adaptación- e cambio de nivel e etapa educativa).
- Participar no seguimento do Proxecto Educativo (PE), tanto nos aspectos curriculares como organizativos, e nos diferentes plans e proxectos que este integra.
- Colaborar co Departamento de Orientación do IES ao que está adscrito.
- Favorecer e promover o emprego das TICs no campo da orientación e do asesoramento.
- Implicar ao profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Facilitar ao profesorado recursos e posibilidades para a formación en temas de orientación, tutoría e atención á diversidade.
- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos seus fillos e fillas.
- Facilitar a integración no centro do posible alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo así como da súa familia.
- Colaborar e demandar a colaboración do EOE provincial naqueles casos nos que así se solicite ou se considere necesaria a súa intervención, así como doutros servizos externos (Servizos Sociais, Servizos Sanitarios, ...).

#### **4. PLANIFICACIÓN XERAL.**

##### **4.1. Organización e funcionamento do Departamento de Orientación.**

O CEIP de Roxos ten Orientación propia, ademais da atención á EEI do Rial como centro adscrito. Así mesmo, o CEIP de Roxos está adscrito ao IES Eduardo Pondal.

Coa finalidade de acadar os obxectivos previamente propostos, resulta imprescindible que haxa unha coordinación por parte do Departamento de Orientación. Para isto estrutúranse unha serie de xuntanzas ao longo do curso, aínda que estas se desenvolverán de forma flexible e en función das necesidades que vaian xurdindo.

- Celebrarase unha reunión mensual de todos os membros do Departamento de Orientación que se fará coincidir coa da CCP para a coordinación e o seguimento do Plan de Orientación (a responsable da EEI do Rial adscrita ao centro só terá que asistir á reunión trimestral que corresponde por lei).
- Reunión semanal coas mestras/es especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para manter informada á dirección do centro do seguimento do alumnado
- Intentarase manter unha reunión semanal coa dirección do *CEIP de Roxos*.
- Unha reunión trimestral ou cando sexa necesario coa xefa do DO do *IES Eduardo Pondal*.
- Reunións cos Servizos Sociais, Atención temperá, E.O.E. correspondente, ... en relación ao alumnado co que se está intervindo.

## **4.2. Organización espazo-temporal.**

### 4.2.1. Espazo.

En canto ao espazo para o DO e ás aulas para os especialistas de PT e AL, atopámonos que neste centro educativo contamos cun despacho para o departamento e con dúas aulas de apoio, unha de P.T. e outra de A.L.

### 4.2.2. Tempo.

Os horarios para a intervención co alumnado elaboraranse a principios de curso, aínda que estes serán flexibles e modificables ao longo do curso en base ás necesidades e prioridades.

En canto ao horario da xefa do departamento sería o seguinte:

	<b>Luns</b>	<b>Martes</b>	<b>Mércores</b>	<b>Xoves</b>	<b>Venres</b>
<b>1ª SESIÓN</b>	Orientación (Atención preferente familias ) a	Orientación (Atención preferente familias ) a	Orientación (Atención preferente familias) a	Orientación (Atención preferente familias) a	Escola Infantil O Rial
<b>2ª SESIÓN</b>	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
<b>3ª SESIÓN</b>	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación	Orientación
<b>4ª SESIÓN</b>	Orientación	LD	Orientación	Orientación	Orientación
<b>5ª SESIÓN</b>	Orientación (Atención preferente familias) a	LD	Orientación (Atención preferente familias) a	Orientación (Atención preferente familias) a	Orientación (Atención preferente familias) a

Os luns de 16:30 a 18:30h é o tempo establecido para a permanencia no centro, dedicado á atención ás familias e ás reunións correspondentes do profesorado: equipos, CCP e claustro.

O horario de atención ás familias é flexible dándolles atención preferente nos momentos de entradas e saídas para facilitarlles a relación coa escola. Preferiblemente concertarase as reunións coas mesmas con antelación para que os profesionais do centro esteamos documentados sobre cada caso e poidamos dar unha mellor atención. Neste horario tamén se inclúe a atención á *EEI do Rial* en función das demandas que se produzan ao longo do curso.

As sesións dedicadas ao traballo de orientación correspóndense coas avaliacións psicopedagóxicas, elaboración de informes, programas, atención a titores/as, atención ó alumnado e ás familias.

Dentro deste horario, contemplarase as posibles saídas ao IES, á EEI adscrita e ó contacto cos servizos externos que atenden aos nosos alumnos e alumnas se fose o caso. Tamén a coordinación de benestar.



### 4.3. Recursos.

#### 4.3.1 Recursos materiais.

No centro contamos con despacho propio para o DO así coma con aulas para as intervencións dos/as mestres/as especialistas. Hai os medios necesarios coma teléfono con liña propia, ordenador , impresora e escáner, destrutora de papel. Durante o curso intentarase completar e actualizar a dotación do Departamento con máis material psicopedagóxico, material de consulta sobre orientación ao alumnado, familias, sobre titorías, emocións, valores, atención á diversidade, material de intervención para estimular a atención ou outras necesidades; en xeral, material bibliográfico ou de traballo segundo as necesidades que vaian xurdindo.

#### 4.3.2 Recursos humanos.

Atendendo ao Decreto **120/1998 do 23 de abril polo que se regula a Orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia**, o D.O. está constituído polos seguintes membros:

Mestra especialista en Audición e Linguaxe	Isolina González Vidal
Mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica	Ana Isabel Vázquez García
	Johanna Otero García
Coordinadora de Educación Infantil	M <sup>a</sup> del Pilar Rodríguez Piñeiro
Coordinador do 1º Nivel de Educación Primaria	M <sup>a</sup> Mercedes Calvo Pallas
Coordinadora do 2º Nivel de Educación Primaria	Luís Cacheda Cajaraville
Coordinador do 3º Nivel de Educación Primaria	David Calvo Caamaño
Mestra responsable da EEI do Rial	Rosa Mar Pose Castro
Xefa do Departamento de Orientación	María del Pilar López Freire

Sempre que sexa posible, contaremos coa representación dunha persoa do equipo directivo.

#### 4.4. Actuacións e temporalización.

ACTUACIÓNS	RESPONSABLES	DESTINATARIOS	TEMPORALIZACIÓN
Trámite de becas para alumnado con NEAE.	Orientadora	Familias	Setembro
Revisión dos expedientes do alumnado con NEAE que recibirán atención de PT/AL o curso pasado.	DO	DO, alumnado	2ª quincena de setembro
Revisión do material dispoñible no DO e adquisición de novo.	DO	DO, profesorado, alumnado	Setembro-outubro/ todo o curso

Proposta de apoio alumnado con NEAE.	Orientadora	Xefatura de estudos	Setembro
Participación no período de adaptación de E.I. (entrevistas familias, enquisa...).	Titira de 4º de E.I., orientadora	Alumnado	Setembro
Participación de acollida informando, de ser o caso, funcións do DO e integrantes.	DO	Familias	Setembro-Outubro
Información sobre organización e funcionamento do DO.	Orientadora	Profesorado	Setembro
Elaboración/revisión dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas, autorizacións, AC, Av. Psic.,...	Orientadora	Comunidade educativa	Setembro
Realización/actualización/ revisión das Av. /informes Psicopedagóxicos.	Orientadora	Alumnado	Todo o curso
Asesoramento e colaboración na avaliación inicial.	DO	Alumnado	Setembro-outubro
Identificación temperá de necesidades educativas	DO	Alumnado	Todo o curso, principalmente no 1º trimestre
Recollida de datos: DRDADI	Orientadora	Xunta	1º trimestre
Elaboración, concreción do PXAD para o PXA.	Orientadora	Claustro, director	setembro
Revisión do Plan de Orientación e do PXAD.	Orientadora DO	Claustro, director	setembro
Realización de informes varios ( a demanda de inspección, Menores, servizos sociais,..)	Orientadora	Demandantes varios	Todo o curso
Redacción solicitudes ao EOE.	Orientadora	EOE de A Coruña	Todo o curso

Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas aplicadas ao alumnado con NEAE.	DO	Alumnado	Todo o curso
Facilitar a coordinación e comunicación entre as diferentes etapas educativas (EI, EP, ESO).	DO	Profesorado (orientadora IES)	Todo o curso
Propiciar entrevistas para unha boa comunicación e coordinación con diversos servizos externos que traballan co alumnado.	DO	Gabinetes, familias, titores, responsables servizos externos varios	Todo o curso
Programa de preparación para ESO.	Orientadora, titores/as de 6º	Alumnado e familias de 6º	3º trimestre
Elaboración dos informes do alumnado que remata EP e foi obxecto dalgunha Avaliación psicopedagóxica.	Orientadora	Xefa de estudos, Orientador do IES	Xuño
Elaboración informe Exención da 2ª lingua estranxeira.	DO e titores	Alumnado con necesidades que remata 6º EP	Xuño
Avaliación do Plan Anual de Actividades do Departamento.	DO	Claustro, director	Maio-xuño
Recollida de datos: DRDORIENTA.	Orientadora	Xunta	Xuño-xullo
Avaliación do PO.	DO	Claustro, director	Maio-xuño
Memoria DO- PO.	DO	Claustro, director	Xuño
Participación nas sesións de avaliación.	DO	Equipos docentes	Ao remate de cada trimestre
Reunións mensuais do DO-CCP.	DO	Membros do DO	1 día/mes
Reunións semanais do DO.	Orientadora	PT, AL e orientadora	1 día/ semana
Asesoramento á comunidade educativa (dotación de estratexias e recursos: trípticos con temas educativos).	Orientadora	Comunidade educativa	Todo o curso

Asesoramento/participación/revisión na realización e seguimento das AC.	Orientadora	Equipos docentes, profesorado de apoio, xefatura de estudos	Todo o curso (preferentemente ao longo do 1º trimestre)
Asesoramento xeral na acción titorial.	Orientadora	Profesorado	Todo o curso
Asesoramento e colaboración nas accións puntuais e imprevistas relacionadas co desenvolvemento da función titorial (entrevistas, resolución de conflitos, charlas...).	Orientadora	Alumnado, familias, profesorado	Todo o curso
Fomento da colaboración e relación titor-familia.	Orientadora	Profesorado, familias, alumnado	Todo o curso

\*Estas son as actuacións xerais previstas para todo o curso escolar. Non obstante, poderanse levar a cabo outras actuacións en determinados momentos se así se requiren.

## **5. ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

En base á *Circular 10/2010 da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*, establécense as accións prioritarias que servirán de referente para a súa concreción en base ao contexto no que estamos a desenvolver a acción orientadora.

### a) Relacionadas coa inclusión e a diversidade:

- Asesorar ao equipo directivo sobre o contido do Proxecto Educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e á acción titorial.
- Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumno con intervencións inclusivas e considerando o seu potencial de aprendizaxe.
- Asesorar aos departamentos, equipos e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das Concrecións Curriculares, das medidas de Reforzo Educativo e das Adaptacións Curriculares.
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con NEAE.

- Organizar e deseñar coa colaboración do resto de compoñentes do D.O. (especialmente coas mestras especialistas en PT e AL), unha semana dedicada á atención á diversidade, como actividade de centro, cunha temática concreta e de interese.

b) Relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar cos mestres-titores no desenvolvemento das medidas contempladas no PAT, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.
- Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

c) Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Deseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos, asesorando na elaboración do Plan de Convivencia do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia.

d) Relacionadas co Plan de Orientación, co Plan Anual e coa Memoria de cada curso:

- Manter actualizado o Plan de Orientación, concretándoo no Plan Anual do departamento; as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a Memoria Final do curso en base ao desenvolvemento do Plan Anual, cunha fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.

e) Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade:

- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro.
- Asesorar á comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.

f) Relacionadas co DrDadi e DrDorienta:

- Facilitar, en forma e en prazo, a información que se demanda nesa aplicación informática.

## **6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.**

Unha boa parte das actividades a desenvolver, levaranse a cabo a través da intervención directa da xefatura do Departamento de Orientación, como é o caso da realización das avaliacións psicopedagóxicas. Sen embargo, nas actividades que se poidan levar a cabo por mediación do profesorado titor, a liña de traballo a seguir será a de impulsar a realización desas actividades e de ser necesario, proporcionar

a axuda que se considere necesaria ou sexa demandada. Este sería o caso de actividades como:

- Colaboración na elaboración de ACS, sendo o principal responsable o titor/a ou mestre/a que imparte esa área obxecto de adaptación. Xa que unha das funcións da titoría, seguindo o *Decreto 374/1996*, é coordinar as ACS para o alumnado do seu grupo.
- Proporcionar información aos alumnos/as e ás súas familias sobre o futuro académico máis próximo.
- Mellorar o rendemento do alumnado en competencias clave como son a comprensión lectora, as habilidades matemáticas, as habilidades sociais, etc.
- Actuacións en canto á colaboración co EOE provincial, Servizos Sociais ou Servizos Sanitarios.

### **6.1 Medidas de atención á diversidade.**

Partindo do principio xeral de que cada alumno e alumna son distintos e singulares, cómpre diferenciar dous tipos de atención:

- ATENCIÓN XERAL.

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así haberá alumnos/as que requirirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros que necesitarán agrupamentos específicos dentro da aula para traballo cooperativo, titoría entre iguais, etc.

En síntese, trátase de que a cada alumno e alumna se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións é necesario que o/a titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente); que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno/a respecto do seu achegamento ó currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula e que demande asesoramento do Departamento de Orientación cando a precise.

- ATENCIÓN NO CASO DO ALUMNADO CON NEAE.

Na atención daquel alumnado con NEAE poden establecerse diferentes vías de apoio dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, poñendo énfase na detección temperá do alumnado que requira una atención educativa diferente á ordinaria, por:

- Necesidades educativas especiais
- Retraso madurativo,
- Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación
- Trastornos de atención ou de aprendizaxe,
- Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe
- Situación de vulnerabilidade socioeducativa,
- Altas capacidades intelectuais,
- Por terse incorporado tarde ao sistema educativo
- Por condicións persoais ou de historia escolar

Implementaranse atencións educativas específicas, medidas curriculares e organizativas que aseguren o adecuado progreso do alumno/a, dentro dos principios de inclusión e normalidade.

### **6.1.1- Modalidades de atención.**

#### ***Medidas ordinarias:***

Tendo en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e as características do alumnado, coa finalidade de dar resposta as diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias propias do nivel educativo.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos ) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdoblamento de grupos.
- g) Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso
- j) Programas de habilidades e competencias sociais.

O reforzo educativo (RE) consistirá en medidas que o propio/a mestre/a diseña e aplica na aula co alumnado que ten dificultades de seguimento da programación

diaria. O reforzo educativo dentro da aula é un dos puntos básicos do traballo do profesorado. Para esta labor poden solicitar asesoramento por parte do Departamento de Orientación.

### **Medidas extraordinarias:**

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo que poidan requirir modificacións significativas do currículo común e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Son medidas extraordinarias, entre outras, as seguintes:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexíbeis.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Rexistro das medidas de flexibilización
- f) Atención educativa ao alumnado que, por causas diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- g) Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal
- h) Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- i) Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- j) Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes
- k) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro
- l) Grupos de adquisición das linguas.
- ll) Grupos de adaptación da competencia curricular.

Para que se produza este tipo de atención, que seguirá os criterios de utilización establecidos neste plan, será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, sendo o procedemento para a demanda de intervención o seguinte:

1. Comunicado do/a titor/a á xefa do Departamento de Orientación da necesidade de que se realice a avaliación psicopedagóxica.
2. Cubrir, por parte do/a titor/a, a folla de datos (cuestionario previo) aportada pola xefa do Departamento de Orientación. Nesta folla figurarán, entre outros datos: nome do titor, curso e grupo, nome do alumno, percepción concreta e pormenorizada do problema ou dificultade e tipo de apoio solicitado.
3. Cando o/a alumno/a vai ser avaliado polo Departamento de Orientación e/ou recibir apoio dentro ou fóra da aula ordinaria, os pais serán informados ao respecto con anterioridade e deberán asinar unha autorización. A xefatura do Departamento de Orientación proporcionará o documento, que os titores farán chegar aos pais/nais responsables do neno/a. Unha vez asinada, esta autorización entregárase de novo no DO.



## **6.2- Ámbitos de intervención.**

### **6.2.1 Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.**

- Avaliar o desenvolvemento das capacidades xerais e específicas .
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas solicitadas.
- Asesorar nas AC que decida elaborar o equipo docente do alumnado.
- Realizar o seguimento do alumnado con RE e AC xunto co profesorado titor
- Proporcionar información ao profesorado sobre programas de intervención en base ás necesidades educativas detectadas.
- Orientar ás familias para que faciliten o desenvolvemento persoal e académico dos seus fillos/as.
- Facilitar a colaboración da familia no proceso ensino-aprendizaxe.
- Coordinar a intervención das distintas institucións que inciden na atención á diversidade.
- Realizar entrevistas persoais, sempre que sexa necesario.
- Informar ás familias sobre os resultados acadados polos seus fillos/as en probas psicopedagóxicas, cuestionarios e entrevistas que se consideren de interese.

Para iso realizaremos actividades como: participar nas reunións para elaborar os documentos do centro, seguimento do alumnado, especialmente aquel con risco de presentar dificultades de aprendizaxe, reunións informativas co profesorado, etc.

### **6.2.2 Apoio ao Plan de Acción Titorial.**

- Colaborar no desenvolvemento do PAT.
- Facilitar material de apoio para o desenvolvemento persoal, académico e profesional de todo o alumnado.
- Desenvolvemento do programa de educación en valores (saúde, paz, igualdade, respecto pola diversidade, ...).
- Promover o coñecemento de si mesmo e elevación da autoestima do alumnado.
- Accións de intervención en técnicas de traballo intelectual.
- Desenvolver actividades de cara ao gusto pola lectura, escritura, expresión oral..
- Participar no seguimento e avaliación do P.E.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.

- Dinamizar medidas que incidan na mellora da convivencia no centro educativo e a promoción de condutas tolerantes.
- Desenvolvemento do Plan de Acollida do alumnado.

Para conseguir isto realizaremos actividades coma: reunións co xefe de estudos, titores/as e familias; participación nas sesións titoriais; propor ao titor/a que realice actividades para desenvolver no alumnado destrezas sociais; atención individualizada ás familias, entre outras.

### **6.2.3 Apoio ao Plan Xeral de Atención á Diversidade.**

- Realizar un informe de avaliación psicopedagóxica daqueles alumnos con NEAE e seguimento da súa evolución.
- Cooperar co equipo docente na elaboración de AC
- Colaborar na adecuación de materiais de asesoramento e apoio ao mestre.
- Sensibilizar á comunidade educativa en relación á diversidade e en relación ás diferenzas individuais.

Para tal fin realizaremos actividades tales coma: reunións periódicas con todos os profesionais implicados; establecementos de agrupamentos flexibles; recollida e análise de información; constatación das necesidades educativas detectadas, toma de decisións, preparación de materiais...; contactos e colaboración con organismos externos especializados nas temáticas escollidas, facilitar orientacións sobre os protocolos publicados, etc.

### **O proceso de avaliación psicopedagóxica terá a seguinte secuencialidade:**

- Demanda escrita polo profesorado titor/a ou familia xustificativa da necesidade. **A xefatura do DO determinará si esa avaliación procede . En todo caso, realizarase sempre despois de esgotar as medidas ordinarias e que o fin da mesma sexa dar unha resposta educativa para atender ás necesidades do alumnado.**
- Concertación de entrevista co/a profesor/a-titor/a. Observación de cadernos e outros materiais de traballo do/a alumno/a.
- Entrevista cos pais/nais para informalos da necesidade de levar a cabo a avaliación psicopedagóxica ( deixarán asinado documento), como se vai proceder e recoller información .
- Intervención directa (alumno/a-orientador/a), previa conformidade dos pais/titores, a fin de realizar o proceso de valoración:
  - ✓ Observación do alumno/a en distintas situacións.
  - ✓ Recollida de información do profesorado que intervén co alumnado.
  - ✓ Realización da avaliación a través de probas e tests.
  - ✓ Valoración e resumo da intervención. Se a situación o require, solicitar a intervención do EOE e posterior elaboración do correspondente informe psicopedagóxico.

- Información dos resultados ás persoas do DO que realizan os apoio, ao profesorado titor ou aquel que fixera a solicitude e á familia .
- Adopción das medidas necesarias de atención.
- Derivación, se fose o caso ( Servizo galego de saúde, EOE,...)

#### **6.2.4 Outras actividades.**

- Cooperar cos membros do EOE no deseño e desenvolvemento de programas de intervención e valoracións psicopedagóxicas.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos e institucións no ámbito das competencias establecidas.
- Confección de material para o D.O. (modelos de solicitude, fichas de rexistro, cuestionarios...).
- Participar nas reunións co IES ao que está adscrito o centro.
- **Co alumnado:**
  - Os/as titores/as deben, no inicio do ano académico, realizar unha avaliación inicial e vixiar que a integración de todo o alumnado se efectúe de forma correcta. Entre as posibles actividades a levar a cabo están: un plan de acollida para o alumnado de novo ingreso, a información referente ao calendario escolar, horarios de atención ás familias, actividades complementarias, programas escolares, criterios de avaliación,... (no caso de alumnos/as de curta idade, esta información será dada ás familias ben verbalmente no colexio, ou enviada por escrito a través do/a alumno/a). Para coñecer as características do grupo pódense empregar a observación sistemática, o sociograma ou outras técnicas grupais.
  - Detección e avaliación das NEAE do alumnado. Será o resultado da colaboración entre os/as titores/as, as familias e o D.O, e terá como finalidade a procura de respostas educativas axeitadas que permitan avanzar de cara á consecución dos obxectivos propostos.
  - Intervención nos casos de alumnos con NEAE. A orientadora propondrá o modelo de intervención para cada caso e, tras presentar ao xefe de estudos a proposta de organización da docencia, coordinará a actuación do titor e o profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
  - Mellora de habilidades e métodos de estudo e aprendizaxe. É labor de todo o equipo docente, coordinado polo titor/a e en colaboración co D.O, axudar ao alumno/a para que adquira hábitos axeitados de traballo intelectual.
  - Orientación académica e profesional: no 6º curso, os/as titores/as desenvolverán estratexias para que o alumnado coñeza a estrutura do sistema educativo e as posibilidades de estudo, e utilice procedementos facilitadores para a reflexión, a toma de decisións e a mellora do autoconceito.

- Avaliación do alumnado. O equipo docente axudado polo D.O., poñerá en práctica estratexias para afondar no correcto uso da avaliación continua, formativa e sumativa.
- **Co profesorado.** A Relación entre o/a titor/a e o D.O. terá como resultado a posta en práctica de estratexias que conduzan á:
  - Detección e prevención de condutas que dificulten o proceso de aprendizaxe.
  - Coordinación de actividades orientadoras e titoriais.
  - Participación activa no desenvolvemento do PAT.
- **Relación entre o/a titor/a e os/as mestres/as. Esta relación debe facilitar:**
  - ✓ O traballo en equipo e a coordinación entre os niveis.
  - ✓ A canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
  - ✓ A información ao resto do profesorado sobre aspectos relevantes que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración do alumnado.
  - ✓ A organización das xuntanzas de avaliación coa finalidade de analizar: logros acadados polo alumnado con referencia á avaliación inicial, situación actual do alumnado con NEAE, materiais empregados, metodoloxía aplicada, situación da clase...
- **Relación entre titor/a e as familias:**
  - ✓ Os/as titores/as deben aplicar estratexias que favorezan:
  - ✓ A comunicación familia-centro, mantendo entrevistas persoais, reunións,...
  - ✓ A información ás familias dos aspectos educativos que afectan aos seus fillos/as.
  - ✓ As reunións informativas necesarias para mellorar a situación escolar do alumnado.

### 6.3- Criterios para os apoios.

Tendo sempre como referente o principio de inclusión a xefa do Departamento de Orientación determinará as medidas de atención á diversidade que procedan co alumnado con NEAE e establecerá, en coordinación coa xefatura de estudos, os profesores/as de apoio e o titor/a, o horario de atención de dito alumnado así como as distintas modalidades de axuda.

Tratarase de conseguir a medida máis inclusiva, considerando o apoio na propia aula ou, se é necesario, fóra dela.

A prioridade de atención do alumnado por parte das mestras especialistas de PT e AL estará supeditada ao que **presente maiores necesidades e xa teña esgotadas as medidas ordinarias procurando dar continuidade ao alumnado que xa estaba sendo atendido**. Atenderemos aos seguintes criterios:

1. Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)
2. Alumnado con adaptación curricular
3. Alumnado con informe psicopedagógico ou informe do EOE onde se determine a necesidade da intervención especializada
4. Alumnado que repita curso e non se prevé que acade os obxectivos do ciclo co reforzo educativo
5. Alumnado con informe psicopedagógico que non cumpre os requisitos anteriores pero tivo apoio de mestres especialistas en anteriores cursos e tras avaliación inicial se determina que os segue precisando
6. Alumnado con trastornos dos sons da fala do primeiro ciclo da etapa de educación primaria e do último curso da educación infantil por poder repercutir no proceso lestoescritor.
7. Outros casos

Así mesmo, teremos en conta as seguintes consideracións para a optimización da nosa intervención:

- Buscarase máis, un apoio de calidade que de cantidade.
- O apoio será sempre que sexa posible, na aula ordinaria tal como se recolle na Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.
- Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais das Linguas e Matemáticas.
- Os apoios que se fagan por parte das mestras especialistas en P.T ou A.L requirirán de coordinación periódica entre especialista, titor/a e orientadora.

## **7- AVALIACIÓN DO PLAN.**

Para realizar a avaliación e seguimento do plan teranse en conta as observacións e conclusións dos diferentes membros da comunidade educativa, os diferentes recursos de avaliación e autoavaliación, os resultados acadados e as diferentes propostas de todos os implicados na acción orientadora ao longo de cada curso.

O obxectivo é facer unha avaliación continua e construtiva do plan do D.O. e dos procesos de orientación que teñen lugar no centro, que nos permita contribuír a mellora continua da calidade educativa.

Ao remate do curso elaborárase unha memoria descritiva sobre a actividade realizada e cunha valoración acerca dos aspectos máis significativos realizando a proposta de mellora.

## **8- PROGRAMACIÓNS DO PROFESORADO DE APOIO**

### **PROGRAMACIÓN DE AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE CURSO 2024/2025**

Mestra de Audición e Linguaxe: **Isolina González Vidal**

#### **INDICE:**

- 1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE AL NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO.
- 2) NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS DETECTADAS NO ALUMNADO.
- 3) OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS.
- 4) ACTIVIDADES.
- 5) COMPETENCIAS CLAVE.
- 6) ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE AL PARA O ACTUAL CURSO NO CENTRO E PRIORIDADES.
  - 6.1 *Apoios da mestra de AL.*
  - 6.2 *Concreción dos apoios dentro e fóra da aula ordinaria.*
- 7) METODOLOXÍA XERAL.
- 8) ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS.
- 9) COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS, TITORÍAS E DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
- 10) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

## **1- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE AL NO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO CENTRO, DA PXA E NO DO.**

A atención á diversidade do alumnado constitúe no momento actual un dos principios básicos do sistema educativo, pois a nosa escola debe facer fronte a multitude de retos que a sociedade demanda e a **inclusión** de alumnos con necesidades educativas especiais nos nosos centros ordinarios, supón unha garantía de integración en todos os ámbitos sociais.

A través dos principios como son a inclusión e normalización escolar o profesorado debe orientar a súa práctica educativa cara o uso dos medios máis ordinarios posibles para a atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE). Será de aplicación o indicado no capítulo II do título I da Lei 2/2006, de 3 de maio, recentemente modificada pola Lei orgánica 3/2020 do 29 de decembro, nos artigos 71 a 79 bis, o alumnado que necesite unha atención educativa diferente a ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar para que poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo el alumnado se establecerán as medidas curriculares organizativas oportunas que aseguren o seu progreso. Tendo en consideración as diferentes necesidades dos alumnos, a escola debe garantir un sistema gradual de axudas que van desde as máis ordinarias como pode ser o reforzo educativo ata as máis específicas como as adaptacións curriculares significativas que requiren un maior grao de concreción do currículo. A nivel lexislativo, cabería mencionar a **Orde do 8 de setembro de 2021** pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.

Os centros educativos contarán con persoal cualificado para cubrir as diversas necesidades específicas do alumnado e o mestre de Audición e Linguaxe é o profesional que, pola súa especialización, centra a súa tarefa en todo o relacionado coa **área comunicativo-lingüística**.

As funcións do mestre de Audición e Linguaxe aparecen recollidas no **Decreto 374/1996** (artigo 84-cap. VI: Atención aos alumnos con necesidades educativas especiais) e na **Orde do 24 de xullo de 1998** (artigo 7-cap. II: Servizos internos); os dous documentos legislativos, contemplan o mestre de AL xunto co mestre de Pedagogía Terapéutica, como profesorado de apoio para a atención ao alumnado con necesidades educativas.

Tomaremos como referentes o *Decreto 155/2022, do 15 de setembro*, polo que se establece o currículo da Educación Primaria e a *Orde de 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación na etapa de Primaria* e o *Decreto 150/2022, de 8 de setembro polo que se establece a ordenación do currículo de Educación Infantil*.

Este ano o CEIP de Roxos conta cunha mestra definitiva de AL a tempo completo e 2 mestras de P.T. (unha a tempo completo e outra compartida). O alumnado matriculado este curso académico neste centro é o seguinte:

#### **Educación Infantil:**

- Cuarto curso: 18 alumnos e alumnas
- Quinto curso grupo A: 13 alumnos e alumnas
- Quinto curso grupo B: 14 alumnos e alumnas
- Sexto curso: 19 alumnos e alumnas

#### **Educación Primaria:**

- Primeiro curso grupo A: 17 alumnos e alumnas
- Primeiro curso grupo B: 17 alumnos e alumnas
- Segundo curso grupo A: 20 alumnos e alumnas
- Segundo curso grupo B: 19 alumnos e alumnas
- Terceiro curso grupo A: 14 alumnos e alumnas
- Terceiro curso grupo B: 14 alumnos e alumnas
- Cuarto curso grupo A: 19 alumnos e alumnas
- Cuarto curso grupo B: 20 alumnos e alumnas
- Quinto curso grupo A: 24 alumnos e alumnas
- Quinto curso grupo B: 25 alumnas e alumnas
- Sexto curso grupo A: 14 alumnos e alumnas
- Sexto curso grupo B: 18 alumnos e alumnas



A proposta de alumnado para este curso académico deriva dos datos da previsión de alumnado establecida a finais do curso pasado así como das decisións establecidas polo Departamento de Orientación priorizando aqueles casos con necesidades máis graves e permanentes sobre as temporais.

A programación que se desenvolverá a continuación, elabórase de acordo co establecido na *ORDE de 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Mediante este documento informo da labor que levarei a cabo como mestra de Audición e Linguaxe no presente curso 2024-25 no CEIP de Roxos atendendo ás necesidades específicas de apoio educativo e ás necesidades educativas especiais que o alumnado presente no ámbito comunicativo-lingüístico.

A presente programación tomará como referencia o Plan Xeral de Atención á Diversidade e o Plan de Orientación xa que debe de ter en conta os mesmos principios educativos, sobre todo no referente á intervención das NEAE.

En relación ao alumnado escolarizado neste centro que presenta NEAE podemos dicir que atopamos un total de **18** alumnos e alumnas das etapas de Educación Infantil e Primaria con diferentes necesidades educativas especiais na área da Comunicación e a Linguaxe. Así podemos destacar: alumnado con diversidade funcional, con retraso na linguaxe, alumnado con dificultades na fala (dislalias múltiples), dificultades na lectoescritura e alumnado con dificultades de aprendizaxe debido ao descoñecemento do idioma.

## **2. NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS DETECTADAS NO ALUMNADO.**

- As necesidades educativas especiais detectadas no alumnado obxecto de intervención serían as seguintes:

### **1. Alumnado con alteracións na fala provocadas por dislalias múltiples:**

- Necesidade de potenciar a tonicidade lingual e facial.
- Necesidade de mellorar a discriminación auditiva de fonemas alterados.

- Necesidade de articulación de fonemas na linguaxe dirixida, repetida e espontánea.
- Necesidade de xeneralizar os logros na linguaxe espontánea.

## **2. Alumnado con alteracións na linguaxe expresiva e receptiva:**

- Necesidade de mellorar a produción articulatória dos diferentes fonemas afectados.
- Necesidade de ampliar a estrutura sintáctica e mellorar a os enunciados gramaticais.
- Necesidade atención e imitación dunha linguaxe correcta axeitada á súa idade cronolóxica.
- Necesidade de incrementar o léxico pertencente a diferentes campos semánticos.
- Necesidade de comprensión de oracións de diferente grao de complexidade.
- Necesidade de traballar a pragmática da linguaxe en diferentes contextos sociais.

## **3. Alumnado de diversidade funcional:**

- Necesidade de favorecer a atención conxunta e o contacto ocular.
- Necesidade de imitación de diferentes accións.
- Necesidade de discriminación visual e auditiva de diferentes sons, palabras, oracións...
- Necesidade de comunicación verbal ou xestual espontánea.
- Necesidade dunha linguaxe expresiva e comprensiva que lles permita mellorar a autonomía.
- Necesidade de proveer dun sistema de comunicación alternativo ou aumentativo eficaz para o seu día a día.
- Necesidade de estruturar o ambiente da aula e do fogar.
- Necesidade de favorecer a mobilidade dos órganos articulatorios para a produción da fala.
- Necesidade de recursos persoais e materiais adaptados.
- Necesidade de Adaptacións Curriculares que favorezan a inclusión deste alumnado nas aulas de Infantil e Primaria.

#### **4. Alumnado con necesidades educativas derivadas do descoñecemento da lingua de aprendizaxe.**

- Necesidade de interactuar cos compañeiros/as de clase.
- Necesidade de xogo entre iguais.
- Necesidade de desenvolver a vertente semántica, sintáctica e morfolóxica da lingua castelá.
- Necesidade de traballar a expresión e comprensión da linguaxe oral e escrita.
- Necesidade de adquirir a lectoescritura.
- Necesidade de traballar o desenvolvemento fonolóxico da lingua castelá.

### **3- OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS.**

#### 3.1. OBXECTIVOS DA ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE:

##### **- En relación ao centro:**

1. Participar nas medidas de atención á diversidade.
2. Colaborar coa Xefatura de estudos.
3. Elaborar estratexias que faciliten a prevención de trastornos da linguaxe oral e escrito.
4. Elaborar conxuntamente co titor, titora ou especialistas as ACS.
5. Manter contacto periódico cos titores ou titoras para xeneralizar logros ou constatar dificultades.
6. Asesorar ao profesorado no ámbito da atención ás NEAE.
7. Fomentar o gusto pola lectura.
8. Previr dificultades e estimular a comunicación e a linguaxe.
9. Garantir a actuación coordinada de mestres e mestras e especialistas para establecer plans de actuación conxuntos de cara á mellora das dificultades.

##### **- En relación ao alumnado:**

1. Desenvolver e aumentar as capacidades previas da linguaxe: atención, memoria,

musculatura, relaxación, comunicación xestual-expresiva, alimentación...

2. Potenciar as bases anatómico-funcionais: respiración, sopro, discriminación auditiva e mobilidade dos órganos bucofonadores.
3. Producir mensaxes orais con fluidez atendendo a habilidades non lingüísticas: entoación, ritmo e xesto.
4. Articular correctamente todos os fonemas.
6. Adquirir léxico, pertencente a distintos campos semánticos.
7. Construír e empregar formas morfolóxicas e sintácticas axeitadas a cada nivel.
8. Empregar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e planificación da actividade escolar.
9. Empregar cando sexa necesario un Sistema Alternativo ou Aumentativo de Comunicación.
10. Transferir e integrar na linguaxe espontánea: fonemas, vocabulario e estruturas gramaticais traballadas.

**- En relación á familia:**

1. Manter contacto cotiá.
2. Explicar en que consiste o problema de comunicación que presente o seu fillo ou filla.
3. Implicalos na área da linguaxe dando pautas concretas de actuación.
4. Reforzar os resultados.
5. Asesorar de forma axeitada ás familias e estar en continua coordinación.

**- En relación ao noso ámbito de intervención:**

1. Potenciar e mellorar a memoria.
2. Fomentar a imitación directa.
3. Desenvolver progresivamente a capacidade simbólica a través do xogo.
4. Adquirir e utilizar as nocións espazo-temporais básicas.
5. Tomar conciencia da tensión e da relaxación das distintas partes do corpo.

6. Mellorar e adquirir un patrón respiratorio axeitado.
7. Favorecer e mellorar a atención.
8. Conseguir unha axeitada coordinación-fonorespiratoria.

A continuación procederemos a comentar os diferentes **obxectivos por niveis lingüísticos** en función das necesidades do alumnado que atendemos:

#### 1. NIVEL FONÉTICO-FONOLÓXICO:

- Conseguir un maior control da tonicidade e mobilidade dos órganos bucofonatorios, así como unha maior precisión e coordinación dos mesmos na articulación.
- Mellorar a capacidade de discriminación dos mesmos na articulación.
- Aumentar a memoria auditivo secuencial.
- Favorecer a conciencia fonolóxica.
- Lograr unha correcta adquisición, integración e xeneralización do repertorio fonolóxico da nosa lingua.
- Lograr a correcta articulación de todos os fonemas.
- Lograr a correcta articulación dos ditongos crecentes e decrecentes.
- Lograr a correcta articulación dos grupos consonánticos.
- Lograr a correcta articulación na linguaxe espontánea.

#### 2. NIVEL LÉXICO-SEMÁNTICO:

- Aumentar o vocabulario e a capacidade de evocación.
- Incrementar a capacidade léxica a nivel comprensivo e expresivo.
- Comprender as relacións semánticas existentes nas palabras.
- Ampliar o campo semántico do alumno mediante o desenvolvemento das capacidades para establecer asociacións, comparacións, clasificacións, categorizacións e definicións semánticas.

#### 3. NIVEL MORFO-SINTÁCTICO:

- Adecuar a estrutura morfosintáctica a idade do alumnado.

- Desenvolver o correcto uso dos diferentes elementos morfosintácticos da linguaxe.
- Favorecer a conciencia sintáctica.
- Establecer e afianzar o esquema de oración simple.
- Desenvolver o uso de oracións compostas.

#### 4. **LINGUAXE COMPRENSIVA:**

- Desenvolver a capacidade de interpretación e seguimento de ordes e mensaxes orais.
- Comprender o significado de frases de dificultade crecente.
- Desenvolver a capacidade de captar e recabar os detalles máis relevantes de relatos oídos.
- Desenvolver a lóxica verbal.
  
- Favorecer a comprensión da linguaxe explícita.

#### 5. **PRAGMÁTICA:**

Desenvolver as distintas funcións da linguaxe.

- Analizar o uso das distintas funcións que o alumnado atribúe á súa linguaxe.
- Desenvolver a capacidade de participar en conversas en grupo.
- Desenvolver a capacidade de participar a nivel oral en actividades da vida cotiá.

#### 6. **PROSODIA:**

- Controlar o ritmo da expresión oral mediante o traballo de secuencias rítmicas que respecten os aspectos estruturais da linguaxe oral.
- Conseguir unha correcta entoación.
- Conseguir unha intensidade de fala controlada, variada e expresiva, evitando a monotonía.
- Procurar unha velocidade de locución normal e intelixible.
- Realizar correctamente as pausas no discurso oral.

- Utilizar o ritmo, entoación e intensidade axeitados a cada momento do discurso.

## **7. VOZ:**

- Implantar hábitos de hixiene vocal e rinofarínxea.
- Evitar bloqueos, interxeccións e contraccións respiratorias.
- Favorecer a relaxación dos órganos fonoarticulatorios durante a fonación.
- Flexibilizar os órganos articulatorios para acadar un maior aproveitamento dos resoadores e mellorar a claridade articulatória.
- Manter unha correcta coordinación fonorespiratoria, procurando a emisión vocal durante o proceso expiratorio.
- Mellorar a calidade do timbre da voz, levando a cabo sempre a emisión vocal durante a expiración.
- Mellorar a calidade do timbre da voz, tratando de potenciar o uso das caixas de resonancia.
- Obter un ataque vocal suave e preciso.
- Utilizar unha altura tonal axeitada a fin de conseguir unha voz máis melódica.

## **8. COMUNICACIÓN NON VERBAL:**

- Crear no neno e nena a necesidade de comunicarse.
- Adquirir e desenvolver capacidade comunicativa (comprensiva e expresiva).
- Potenciar a linguaxe a través do corpo.
- Dotar dun instrumento de comunicación naqueles casos que sexa preciso: SAAC
- Proporcionar a súa familia, profesorado e persoas do seu entorno máis próximo as estratexias e habilidades conversacionais utilizadas na comunicación.

## **9. LECTOESCRITURA:**

- Desenvolver a conciencia fonolóxica.
- Adquirir, automatizar e xeneralizar o uso das regras de conversión grafema-fonema/ fonema-grafema.
- Favorecer unha boa mecánica lectora.
- Establecer e afianzar representacións léxicas para palabras e asociais a o

seu significado (ler globalmente unha palabra).

- Desenvolver a lectura comprensiva.
- Comprender e diferenciar os conceptos “maiúscula-minúscula”, “vogal-consoante”.
- Desenvolver a capacidade de escribir con letra clara.
- Lograr transcribir con corrección ortográfica palabras e frases.
- Desenvolver a comprensión escrita: expresión.
- Adaptar os métodos de adquisición da lectoescritura ás características do alumnado.

#### **4- ACTIVIDADES.**

As actividades que imos desenvolver neste centro están relacionadas cos obxectivos anteriormente expostos. Así podemos destacar actividades de: atención, imitación, percepción e discriminación auditiva, respiración e sopro, desenvolvemento das habilidades motoras de lingua, beizos e padal, vocalización, articulatorias, de exercitación de aspectos prosódicos, desenvolvemento sintáctico e semántico, comprensión verbal, pragmática da linguaxe, lectoescritura, actividades relacionadas co uso do comunicador, dos pictogramas, axenda de comunicación, cancións, trabalínguas, adiviñas, captación do dobre sentido de expresións, sentimentos e emocións relacionadas cos estados de ánimo, estruturación espacio-temporal a través de imaxes visuais...

#### **5- COMPETENCIAS CLAVE.**

No tocante ao meu traballo como especialista en AL a miña función é a de fomentar o desenvolvemento de todas e cada unha das competencias clave, facendo especial fincapé na **comunicativo-lingüística** e todas aquelas que teñen relación directa co eido da comunicación e da linguaxe, como son: a competencia dixital; as competencias sociais e cívicas e aprender a aprender. No que respecta a competencia comunicativo-lingüística abordarase dende unha triple dimensión: escoitar, falar e ler e escribir. O obxectivo é que o alumnado sexa competente neses tres aspectos ao rematar a etapa de Educación Primaria, referíndonos non só ós



coñecementos, senón tamén: á comprensión verbal e non verbal, adecuar o nivel da fala á situación sociolingüística, ser activo nas conversas, respectar a quenda de palabra e as diferentes opinións, reflexionar, aprender varias linguas, etc...

## 6- ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE AL PARA O ACTUAL CURSO NO CENTRO E PRIORIDADES.

O noso plan de intervención tomará como referentes as seguintes premisas:

- Prevención e intervención directa nas de dificultades e mellora da linguaxe oral en todos os seus niveis (fonolóxico, semántico, morfosintáctico e pragmático).
- Aumentar a comprensión do entorno do alumnado de diversidade funcional, establecer apoios visuais nas diferentes tarefas e contidos, establecer unha estrutura física, temporal, establecemento de rutinas e condutas anticipatorias.
- Reforzo xeral e mellora das funcións executivas: intervencións na mellora da atención, da memoria operativa, de autoinstrucións para mellorar a planificación e o control inhibitorio, a relaxación, etc...
- Mellora dos procesos lectoescritores: intervencións na conciencia fonolóxica, silábica e semántica, de coñecemento alfabético e de vocabulario, de estimulación da velocidade, eficacia e fluidez lectora, comprensión lectora, etc.
- Mellora da conduta, a autoestima, as habilidades sociais, a motivación e o reforzo cognitivo-condutual para o autocontrol.
- Desenvolvemento doutros programas específicos que se poidan instaurar durante o curso académico se apreciamos a necesidade e son recomendables atendendo a factores de temporalización, espazo, etc.

### 6.1 APOIOS DA MESTRA DE AL.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:30-10:20	A.L. 1º B	A.L. 1º B	A.L. 6º E.I	A.L. 6º A	A.L. 6º E.I
10:20-11:10	A.L.	A.L.	A.L.	A.L.	A.L. 3º B y 4º B

	1º A	3º B	1º A	1º B	
11:10-12:00	A.L. 6º A	A.L. 6º A		A.L. 1º A y B	A.L. 6º A
	RECREO				
12:30-12:50	4º A	3º A	3º A	1º A	
12:50-13:40	A.L. 6º E.I	A.L. 6º E.I	A.L. 1º B	A.L. 1º A y 1º B	A.L. 1º A
13:40-14:30	A.L. 3º A	A.L. 5º E.I	A.L. 4º B	A.L. 1º A	

## 6.2 CONCRECIÓN DOS APOIOS EN AULA E ESPECÍFICOS FÓRA DA AULA DO GRUPO DE REFERENCIA.

A atención ao alumnado estará supeditada aos criterios establecidos e aprobados polo Departamento de Orientación, priorizando aqueles casos con necesidades permanentes (parálise cerebral, retrasos no desenvolvemento, trastorno específico da linguaxe...). Tamén tomaremos como referentes os seguintes criterios:

A prioridade de atención do alumnado por parte das mestras especialistas de PT e AL estará supeditada ao que **presente maiores necesidades e xa teña esgotadas as medidas ordinarias procurando dar continuidade ao alumnado que xa estaba sendo atendido**. Atenderemos aos seguintes criterios:

1. Atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)
2. Alumnado con adaptación curricular
3. Alumnado con informe psicopedagóxico ou informe do EOE onde se determine a necesidade da intervención especializada
4. Alumnado que repita curso e non se prevé que acade os obxectivos do ciclo co reforzo educativo
5. Alumnado con informe psicopedagóxico que non cumpre os requisitos anteriores pero tivo apoio de mestres especialistas en anteriores cursos e tras avaliación inicial se determina que os segue precisando
6. Alumnado con trastornos dos sons da fala do primeiro ciclo da etapa de educación primaria e do último curso da educación infantil por poder repercutir no proceso lectoescritor.
7. Outros casos

Así mesmo, teremos en conta as seguintes *consideracións para a optimización da nosa intervención*:

O apoio será sempre que sexa posible na aula ordinaria.

Os apoios dirixiranse preferentemente á adquisición das aprendizaxes instrumentais das linguas e os procesos cognitivos que afecten a estas aprendizaxes.

Os apoios impartiranse preferentemente durante as áreas de: Linguas, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais e non en Ed. Física, Plástica, Inglés ou Música.

As familias do alumnado susceptible de reforzo serán informados das medidas a adoptar.

Os apoios que se fagan por parte da especialista de A.L requirirán de coordinación periódica entre especialista, titor/a e orientador/a.

Atenderemos ao alumnado que así o necesite fóra da aula ordinaria e sempre que se poida dentro do grupo de referencia.

O alumnado que atenderemos ao longo deste curso académico será o seguinte:

1. Alumnado con dificultades na fala (dislalias múltiples): maioritariamente no último curso de Educación Infantil e 1º ciclo de Primaria.
2. Alumnado con retraso na linguaxe a nivel expresivo e comprensivo en 5º curso de Educación infantil .
3. Alumnado en 1º curso de Primaria con diversidade funcional dificultades na linguaxe expresiva e no proceso lectoescritor.
4. Alumnado en 6º curso de Primaria, con diversidade funcional.
5. Alumnado de Educación infantil con dificultades na comunicación e na linguaxe expresiva e receptiva con diversidade funcional.
6. Alumnado con dificultades na aprendizaxe da lectoescritura en 3º e 5º curso de Primaria .

### *6.3 PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN.*

O desenvolvemento desta programación levarase a cabo en diferentes sesións de entre 20 e 50 minutos dentro ou fóra da aula ordinaria en función de cada caso en particular.

Na atención ao alumnado con NEAE será necesario levar a cabo un traballo individualizado de seguimento de tarefas e avaliación das mesmas en coordinación cos titores/as, aportando actividades e recursos que poidan favorecer o seu desenvolvemento académico na aula e no fogar. Participaremos do mesmo xeito

nas reunións convocadas polos titores/as e Departamento de Orientación para establecer canles de actuación común con este alumnado.

## **7- METODOLOXÍA XERAL E ADAPTADA EN CASO DO ENSINO A DISTANCIA.**

En todas as intervencións, ben sexan grupais ou individuais, procurarase seguir unha metodoloxía activa, personalizada e significativa. No desenvolvemento das sesións, trataremos de artellar actividades que fagan uso de diferentes vías: sensorial, visual, auditiva e kinestésica.

O contexto dos apoios será lúdico, combinando un modelo estruturado e funcional controlando posibles elementos distractores.

Seguiremos os seguintes principios educativos:

- A metodoloxía será participativa, activa, funcional e significativa.
- Adaptarémonos a cada caso de forma concreta para desenvolver as capacidades do alumnado no maior grao posible, partindo do seu nivel de competencia.
- Reforzaranse conceptos previos que se atopen nun grao de afianzamento deficitario.
- Promoverase a autonomía na realización das tarefas de xeito que cada alumno/a poida desenvolverlas coa mínima axuda necesaria.
- Promoverase o desenvolvemento dos procesos básicos da aprendizaxe que favorecerán un maior rendemento nas áreas instrumentais.
- Coidarase de promover o esforzo, o respecto e as actitudes e comportamentos positivos dentro e fóra das aulas.
- Procurarase dispor e ofrecer tódolos recursos precisos para a consecución dos obxectivos.
- Planificaranse os momentos de apoio fóra da aula para evitar un desaxuste no proceso de ensino aprendizaxe, coordinado cos titores/as.
- Seleccionaranse e elaboraranse materiais en función das necesidades do alumnado.

- Atenderanse aos alumnos e alumnas en función dos criterios de prioridade que o D.O. estableza.

### **7.1 Estratexias**

- Reforzo positivo.
- Técnicas instrutivas facilitadoras da comprensión.
- Contextualización das aprendizaxes.
- Secuencias instrutivas pormenorizadas.
- Autoinstrucións.
- Autocorrección.
- Uso de materiais personalizados.
- Simplificación e desglose en actividades máis sinxelas.
- Reiteración de actividades múltiples e diferenciadas para a consecución dos obxectivos prioritarios.

## **8- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS, TEMPORALIZACIÓN E RECURSOS.**

### **- Organización de espazos:**

A aula de AL está ubicada no edificio de Educación Infantil. Será aquí onde o alumnado reciba a atención da especialista en AL así como na aula ordinaria.

### **- Recursos Personais e materiais:**

Como recursos persoais destacamos: a figura da orientadora, 1 mestra de PT, 1 mestre de P.T compartida, unha mestra de AL, titores e titoras dos diferentes cursos, especialistas: 2 mestres de Educación Física, 2 mestras de Inglés, 1 mestre de Música, 1 mestra de Relixión Católica, 1 coidadora, 1 mestra de apoio en Educación Infantil, as familias, asociacións externas, terapeutas, psicólogos e logopedas, centros de recursos como pode ser o CEE López Navalón, Servizos de atención temperá, Asociación Sarela...

Recursos materiais de AL:

- ◆ **Material de hixiene:** guantes de látex, xel hidroalcohólico, pantalla protectora, panel de metacrilato, produtos de limpeza para desinfección do material, panos desbotables e depresores linguais.
  
- ◆ Xogos de uso lúdico especializados e non especializados.
- ◆ Sopro
- ◆ Espellos
- ◆ Xogo simbólico
- ◆ Lotos fonéticos
- ◆ Xogos educativos: fono-ident, fonodil....
- ◆ Material para o vocabulario básico
- ◆ Material específico para dificultades de comprensión lectora
- ◆ Cómicos para falar.
- ◆ Parellas lóxicas
- ◆ Secuencias temporais
- ◆ Mini arco
- ◆ Estruturação da linguaxe: “Enséñame a falar”
- ◆ Programas informáticos: “Velocidad lectora”, “Vamos a jugar con las palabras”
- ◆ Libros como “Reeducación de la Dislexia”, “Aprendo a pronunciar la erre” “Cicerón”, “Estimulación del lenguaje”, “Programa de refuerzo de las Habilidades Metalíngüísticas”...
- ◆ ....

#### - **Temporalización:**

Este programa de intervención levarase a cabo durante este curso académico 2024-2025. As sesións individuais con aqueles alumnos/as con dificultades na fala serán de 20 minutos. O alumnado con necesidades permanentes recibirán sesións de 50 minutos. Ao longo deste curso académico non será posible levar a cabo o PELO cos diferentes grupos de Educación Infantil debido ás necesidades de intervención de alumnado con NEAE.

## **9- COORDINACIÓN/COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS, TITORÍAS E DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.**

Informaremos ás familias sobre o traballo que levamos a cabo co alumnado na aula establecendo pautas para colaborar connosco animando e axudando aos seus fillos ou fillas nas tarefas propostas.

Para conseguir que a cooperación coa familia sexa efectiva, podemos potenciar a coordinación de diferentes formas: reunións no centro educativo, reunións virtuais a través do Cisco Webex, mensaxería ABALAR a través da persoa titora ou enviando a través de gmail pautas para traballar cos seus fillos/as no fogar.

Cos titores e titoras a comunicación manterase no día a día da aula e nos intercambios comunicativos que se poden ter en horas dispoñibles, sempre exercendo un contacto constante, sobre todo naqueles casos nos que o apoio se leve a cabo fóra da aula ordinaria.

En referencia ao Departamento de Orientación, faranse reunións semanais para valorar os novos casos, facer seguimento do alumnado, pautar novos recursos, adaptacións de acceso ao currículo, adaptacións curriculares...

## **10- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Levarase a cabo unha primeira avaliación inicial de cada alumno/a para detectar as necesidades educativas particulares de cada caso sobre a que se baseará a intervención. Algúns instrumentos son: o Rexistro fonolóxico inducido de Monfort e Juárez; informes psicopedagóxicos do curso pasado, informes médicos actuais deste ano...

Faremos un seguimento de cada caso e informaremos ao titor e á familia sobre a evolución do alumnado. Cando supere as dificultades polas que tivo que recibir apoio de AL será dado de alta e así se recollerá nun documento que se gardará no DO.

É importante regular o proceso de ensino-aprendizaxe, consolidando os éxitos conseguidos polo alumnado e axudándolle e promovendo a consecución dos obxectivos que lles custa máis alcanzar; todo mediante a avaliación formativa. Finalizada cada avaliación é importante partir duns criterios de avaliación, que fan referencia á consecución de cada un dos obxectivos propostos.

### ***10.1 MODELO E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE.***

Se verdadeiramente queremos que a avaliación se converta nun

elemento formativo e informativo do proceso de ensino - aprendizaxe en xeral, esta debe abordar todos os elementos que están implicados no devandito proceso polo que aquí abordaremos a avaliación da programación e da acción docente, analizando se as diversas decisións e elementos postos en xogo para ofrecerlles a este alumnado a resposta educativa que requiren foron os axeitados.

Así, consideramos como instrumento de análise e avaliación a propia observación e reflexión diaria a todos os niveis (planificación, organización, posta en práctica, capacidade de reformulación...), así como tamén sería moi útil a información obtida polo intercambio de información entre o titor ou titora, mestra especialista en AL e a orientadora.

Utilizaríamos uns items de recollida de información para suscitar a reflexión sobre as decisións colexiadas que guían as fases de deseño, desenvolvemento e avaliación do plan de traballo do alumno con NEAE.

1. Os programas educativos personalizados mostran unha correspondencia realista coas NEAE. e características dos alumnos aos que vai dirixida.
2. Os plans foron realistas na súa proposta de obxectivos para estes alumnos.
3. A proposta de contidos e a súa secuenciación permitiron a consecución dos obxectivos expostos, reflectindo a adquisición das competencias clave.
4. Os criterios metodolóxicos foron útiles para a proposta de situacións de ensino- aprendizaxe factibles.
5. A temporalización prevista do plan de traballo cumpriuse.
6. A organización espacial e temporal foi axeitada para o desenvolvemento dos distintos programas.
7. A avaliación permitiu informar do proceso de ensino-aprendizaxe e actuar na realidade de forma coherente.
8. Leváronse a cabo as coordinacións acordadas entre a mestra de AL e titores/as resultando eficaces.
9. Partiuse dos currículos oficiais e reflexionouse sobre a contribución de cada área ou materia ao desenvolvemento das competencias clave.
10. Tivéronse en conta as liñas educativas e os acordos recollidos no proxecto educativo e na memoria do curso anterior. Partiuse dos obxectivos da PXA



para vertebrar de forma explícita as decisións que se van a tomar nos demais apartados do plan de actuación.

11. Constitúen as competencias clave o elemento central do plan de traballo.

12. Contextualizouse a programación á nosa realidade.

13. Reflexionouse sobre os contidos que permiten traballar mellor as competencias clave, tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación.

14. Realizouse unha selección e organización de contidos nos programas.

15. Os programas responden a enfoques metodolóxicos que favorecen a adquisición das competencias clave e permiten o desenvolvemento do currículo.

16. Os instrumentos de avaliación previstos son adecuados para os aprendizaxe que queremos avaliar e para a metodoloxía seleccionada.

17. Os criterios seguidos para deseñar as tarefas e actividades consideran diferentes niveis de complexidade e de estilos de aprendizaxe para o seu deseño.

18. O enfoque da programación permite o uso de distintos espazos e escenarios para a actividade docente, posibilita diferentes agrupamentos, así como a utilización de materiais, recursos e soportes diversos.

19. Prevíronse as medidas organizativas, de acceso aos materiais e recursos necesarios para poder facer efectiva a programación.

## **PROGRAMACIÓN ANUAL DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA 2024-2025**

Mestra de Pedagogía Terapéutica 1: Ana Isabel Vázquez García

Mestra de Pedagogía Terapéutica 2: Johanna Otero García

### **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO**

De acordo co principio de **inclusión** e **normalización** que establece a *LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa)* e a *LOMLOE (Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)* e seguindo as concrecións realizadas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve,

concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos. A intervención das mestras de Pedagogía Terapéutica (PT) contribuirá, seguindo os principios de inclusión e igualdade de oportunidades, na adecuación da resposta educativa dada para todo o alumnado, máis concretamente do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Enténdese por **alumnado con necesidade específica de apoio educativo** aquel que require, de forma temporal ou permanente, unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socio educativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar (*Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: LOMLOE*).

Desde o día 11 de setembro, seguindo a *Orde do 12 de abril de 2024* pola que se aproba o calendario escolar, o profesorado de PT estará apoiando na incorporación e adaptación do alumnado con necesidades específicas en 6º de Educación Infantil (EI) e en 1ºA, 1ºB, 3ºA, 3ºB, 4ºA, 4ºB, 5ºA e 6ºA de Educación Primaria (EP). Nestas primeiras semanas elaboraranse os horarios dos apoios para comezar o antes posible o resto das intervencións. Por outra banda, os reforzos educativos serán dados polo profesorado titor ou por profesorado con dispoñibilidade horaria.

Durante o presente curso o centro conta con dúas especialistas de PT: unha definitiva no centro “PT 1” e outra provisional, “PT 2” compartida co CEIP Apóstolo Santiago. A “PT 2” asiste a dito centro os martes e xoves, quedando 11 sesións no noso colexio, repartidas entre luns, mércores e venres.

Deste xeito, a mestra de “PT 1” dedica o seu horario lectivo maioritariamente a atención de alumnado escolarizado nas aulas de 1ºA, 4ºB e 6ºA de Educación

Primaria (EP) onde atende alumnos con ACNEE dentro da aula, dous deles con ACI, e outros alumnos con necesidades escolarizadas en 3ºA e 3ºB.

A “PT 2” atenderá a unha alumna en 6ºA de Ed. Infantil, un alumno en 1ºB e un alumno en 5ºA posiblemente compartido con outro caso en 4ºA.

Estamos pendentes dos informes doutros casos con necesidades.

Despois de seguir uns criterios para establecer as prioridades na atención á diversidade quedan alumnos sen atender debido á falta de profesorado especialista a tempo completo no CEIP de Roxos, que serán obxecto dos apoios por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.

## **2. OBXECTIVOS XERAIS**

As programacións dos mestres especialistas en pedagogía terapéutica do centro basearan as súas accións e intervencións na consecución dos seguintes obxectivos.

### **2.1 Con respecto ao centro.**

1. Colaborar e contribuír desde as funcións que temos encomendadas nas medidas a desenvolver a nivel de centro con respecto á atención á diversidade.

2. Garantir unha resposta educativa ao alumnado con necesidades específicas baseada nos principios de inclusión e normalización. De tal modo que o apoio dado polas especialistas fundamentalmente realizárase dentro da aula ordinaria, de ser necesario pode haber atencións fóra da aula para a aplicación de programas específicos segundo a decisión adoptada conxuntamente coa xefatura do departamento e o profesorado titor que atende ao alumno ou á alumna, sempre coa autorización dos pais, nais ou tutores legais.

3. Asesorar ao profesorado do centro no ámbito da atención ás NEAE, con respecto aos aspectos metodolóxicos, á selección e á adaptación tanto de materiais curriculares como das probas de avaliación.

4. Colaborar co DO e co profesorado titor na realización de ACS, nos programas de reforzo, na detección ACNEAE e no desenvolvemento de programas de convivencia.

No caso das ACS, cando así o requira a adecuación da resposta educativa ao alumnado, esta elaborárase conxuntamente co profesorado titor e os especialistas

que lles imparten docencia.

5. Fomentar a coordinación entre a familia, o centro educativo e as entidades externas ás que acuda o alumnado con NEAE

6. Colaborar na prevención de dificultades de aprendizaxe.

7. Promoción da inclusión e socialización nos tempos de lecer.

8. Contribuír nos principios para unha convivencia positiva.

## **2.2 Con respecto ao alumnado**

Co fin de dar resposta as necesidades que presenta o alumnado do centro traballaremos seguindo os seguintes obxectivos:

- Favorecer a eliminación de barreiras para a aprendizaxe e colaborar na personalización do mesmo.
- Garantir unha resposta educativa inclusiva ofrecendo os apoios necesarios. Proporcionando unha resposta educativa axustada a súas características e necesidades educativas que lles permita seguir o currículo.
- Crear situacións de aprendizaxe variadas e flexibles con metodoloxías que favorezan a inclusión.
- Lograr a participación do alumnado obxecto de seguimento ou intervención, na vida diaria da súa aula ordinaria, do centro e do entorno próximo.
- Crear un clima no entorno do alumno ou alumna que impulse a mellora da autoestima e dun desenvolvemento emocional positivo.
- Realizar unha avaliación continua respecto do proceso e adquisición de competencias de cada alumno e alumna en coordinación cos titores e titoras para adaptar a resposta educativa as necesidades que se poidan presentar ao longo do curso.
- Fomentar o desenvolvemento e adquisición das competencias básicas e de aprendizaxes funcionais que lles permitan unha maior autonomía.
- Empregar cando sexa necesario un Sistema Alternativo ou Aumentativo de

Comunicación.

- Realizar unha avaliación continua respecto do proceso e adquisición de competencias de cada alumno e alumna en coordinación cos titores e titoras para adaptar a resposta educativa as necesidades que se poidan presentar ao longo do curso.

Salvo en ocasións moi concretas e debidamente xustificadas, todos os apoios realizaranse dentro da aula ordinaria.

### **2.3. Con respecto ás familias.**

- Manter un contacto cotiá coa familia no que se fomente a implicación da mesma nas aprendizaxes do seu fillo ou filla.
- Asesorar as familias do alumnado con NEAE con respecto a comunicación, a autonomía persoal, pautas de conduta positiva ou hábitos a fomentar desde a casa.
- Colaborar coas familias na comprensión das necesidades educativas do seu fillo ou filla.
- Fomentar unha boa comunicación que garanta unha continua coordinación casa - escola.

### **2.4. Con respecto ao Departamento de Orientación.**

- Colaborar co DO e co profesorado titor na realización de ACS, nos programas de reforzo, na detección ACNEAE e no desenvolvemento de programas de convivencia.
- Coordinar a organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica coa xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.
- Planificar as intervencións individuais co alumnado segundo as liñas de actuación sinaladas na súa avaliación psicopedagóxica.
- Informar sobre a evolución de cada alumno e alumna, coordinándose na

adopción de medidas a adoptar en función da súa evolución ao longo do curso.

- Colaborar na elaboración e desenvolvemento do Plan de Atención a Diversidade de Centro, no Plan de Convivencia, etc.
- Participar nas reunións do Departamento de Orientación e colaborar nas actuacións planificadas a nivel de centro.

### **3. ORGANIZACIÓN XERAL DA ATENCIÓN E APOIOS DE PT PARA O CURSO 2024/25.**

O reforzo educativo baseado nas programacións de aula pretende ademais facer fincapé nos seguintes aspectos:

- Reforzo xeral e adestramento das funcións executivas: intervención na mellora da atención, da memoria operativa, uso de auto-instrucións e planificación, a relaxación, etc...
- Intervención no proceso de aprendizaxe da lectura e da escritura: reforzo na conciencia fonolóxica, silábica e fonémica, no coñecemento alfabético e de vocabulario, de estimulación da velocidade, da comprensión lectora, etc.
- Adestramento na auto-regulación de condutas, na expresión e xestión emocional, incidindo no fortalecemento da autoestima e na mellora das habilidades sociais.
- Prevención de dificultades e mellora da linguaxe oral en todos os seus niveis (fonolóxico, semántico, morfosintáctico e pragmático).
- Fomentar a competencia matemática para interpretar e producir mensaxes sobre fenómenos coñecidos susceptibles de interpretación en clave matemática; así como de cálculo, de razoamento matemático facilitando unha aprendizaxe significativa.
- Desenvolvemento doutros programas específicos que se poidan instaurar durante o curso se se aprecia a necesidade e son factibles atendendo a factores de temporalización, espazo, etc.
- Incorporación de sistemas aumentativos de comunicación, como pode ser o Sistema Pictográfico de Comunicación, que permitan ampliar o repertorio comunicativo do alumnado con necesidades específicas xeralizando o seu

uso dunha forma normalizada na aula e no centro.

A organización e priorización dos apoios farase seguindo os criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e baixo a coordinación e supervisión da xefatura do departamento de orientación.

### **3.1 DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN**

O desenvolvemento dos apoios levarase a cabo dentro ou fóra da aula ordinaria en función de cada caso en particular e das súas necesidades específicas. En xeral, priorizaremos os apoios dentro da aula ordinaria co seu grupo de referencia.

Na aula de Apoio atenderemos a un máximo de 5 alumnos/as simultaneamente tal e como se establece na Orde de atención á diversidade, mencionada con anterioridade.

Na atención ao alumnado con NEAE será necesario levar a cabo un traballo individualizado de seguimento de tarefas e avaliación das mesmas en coordinación cos titores/as, aportando actividades e recursos que poidan favorecer o seu desenvolvemento competencial na casa. Participaremos do mesmo xeito nas reunións convocadas cos titores/as e co Departamento de Orientación para establecer canles de actuación comúns.

#### **3.1.1 PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN**

Os programas de intervención dos mestres especialistas en Pedagogía Terapéutica para o curso 2024-2025 céntranse na:

- Intervención directa co alumnado con necesidade específica partindo da previsión realizada desde o Departamento de Orientación a finais do curso pasado.
- Proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, de acordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.
- As intervencións individuais co alumnado seguirán as liñas de actuación sinaladas na súa avaliación psicopedagóxica.
- Mellorar as interaccións sociais do alumnado con necesidades específicas dentro e fóra da escola.

A prioridade da intervención co alumnado con NEAE será establecida segundo se contempla no Plan de orientación anual e o PXAD, cubrindo as 23 horas da PT1 e as 10 horas (máis 1 de coordinación) da PT2.

Así, o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que será atendido este curso no C.E.I.P de Roxos, ademais de novos casos que poidan xurdir ao longo do devandito curso, son actualmente 12 alumnos e alumnas, dos que 9 son atendidos pola “PT 1” (2 dos cales teñen ACS) e 3 son atendidos pola “PT2”.

En xeral, as necesidades atendidas están enfocadas principalmente a alumnado que presenta necesidades educativas derivadas de trastorno do espectro autista (TEA) (4 casos), discapacidade intelectual e ataxia, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), retraso psicomotor, trastorno da linguaxe, trastorno da lectura e da escritura.

En 6º de EI, unha alumna que presenta as necesidades de: desenvolver os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción, memoria e razoamento), intención comunicativa e comunicación espontánea, desenvolver as súas habilidades sociais e comunicativas, adaptarse ás normas de aula, adquirir unha maior autonomía, aumentar a súa tolerancia á frustración e reforzar o coñecemento persoal e a motivación de cara a aprendizaxe.

En 1º de EP, tres alumnos que presentan as necesidades de: desenvolver os procesos psicolóxicos básicos (atención, percepción, memoria e razoamento), intención comunicativa e comunicación espontánea, desenvolver as súas habilidades sociais e comunicativas, aumentar a súa tolerancia á frustración e reforzar o coñecemento persoal e a motivación de cara a aprendizaxe.

En 3º de EP:

- Unha alumna que presenta as necesidades de: mellorar a motricidade fina, mellorar as súas capacidades de centrar e manter a atención, desenvolver as súas habilidades sociais, adaptarse ás normas de aula, aumentar a súa tolerancia á frustración.

- Unha alumna que presenta necesidades de: mellorar a lectoescritura e a conciencia fonolóxica, afianzar a numeración e desenvolver o razoamento matemático, afianzar a lateralidade e mellorar o ritmo de traballo.



- Un alumno que presenta as necesidades de: favorecer a comprensión así como a expresión oral de forma que sexa capaz de ir facendo oracións cada vez máis longas, traballar vocabulario, mellorar lectoescritura e conciencia fonolóxica, progresar na estrutura de enunciados e na conxugación verbal e reforzar o coñecemento persoal e a motivación de cara a aprendizaxe.

En 4º de EP:

- Un alumno que presenta as necesidades de: mellorar a súa coordinación grossa e fina, adquirir o esquema corporal e afianzar a lateralidade, mellorar a lectoescritura, dominar o uso do teclado como alternativa a escritura manual, desenvolver a súa competencia matemática, adquirir autonomía persoal, aumentar o ritmo de traballo, mellorar a súa autoestima e autoconcepto, aumentar a súa tolerancia á frustración, mellorar a súa expresión oral, adquirir hábitos de traballo na casa e mellorar a motivación pola aprendizaxe.

- Unha alumna que presenta as necesidades de: mellorar a lectoescritura, desenvolver a súa competencia matemática, mellorar a súa expresión oral e escrita e mellorar a súa autoestima.

- Unha alumna que presenta as necesidades de mellorar as destrezas lingüísticas y matemáticas, centrar a atención, adquirir hábitos de traballo na casa e mellorar a motivación pola aprendizaxe.

En 5º de EP, un alumno que presenta as necesidades de: mellorar as súas capacidades de centrar e manter a atención, desenvolver o seu razoamento matemático e verbal acorde ao seu grupo de referencia, desenvolver as súas habilidades sociais e comunicativas, e mellorar a súa autoestima e autoconcepto.

En 6º de EP:

Unha alumna que presenta as necesidades de: mellorar as súas capacidades de centrar e manter a atención, desenvolver o seu razoamento lóxico, intención comunicativa e comunicación espontánea, desenvolver as súas habilidades sociais e comunicativas, adaptarse ás normas de aula (concretamente saber manterse sentada mentres realiza o traballo), adquirir unha maior autonomía, mellorar a súa motricidade fina e grossa, participar e respectar as normas dos xogos, aumentar a súa tolerancia á frustración.

Unha alumna que presenta as necesidades derivadas do seu desfase curricular: aprendizaxe da lingua galega, razoamento e estratexias para a resolución de problemas, memorización das táboas de multiplicar, reforzo das operacións matemáticas básicas.

Os programas de intervención toman como referencia a programación de aula do profesorado que imparte docencia ao noso alumnado, sendo o currículo de referencia o que aparece recollido na lexislación vixente da nosa comunidade autónoma. Para o alumnado con Adaptación Curricular, será a devandita adaptación a que se considere como base de referencia.

A metodoloxía e a avaliación dos mesmos aparecen recollidos nos apartados 4 e 5 deste plan de apoio, e a coordinación co profesorado que lles imparte docencia realízase a través de reunións, chamadas e correos electrónicos segundo sexa preciso, e de forma periódica coa finalidade de que a intervención sexa o máis adaptada posible ás necesidades do noso alumnado.

Os reforzos educativos nas aulas de referencia realízanse de xeito individual, pequeno ou gran grupo dependendo da aula e das necesidades constatadas en cada caso. O reforzo educativo en aula para un grupo numeroso céntrase, en facilitar que o alumnado con dificultades de aprendizaxe teña unha atención o máis individualizada posible dentro da súa aula de referencia. Cando o apoio dentro da aula se fai individual ou en pequeno grupo, aténdense aos mesmos criterios expresados para o gran grupo, pero é posible facer máis fincapé na mellora doutros aspectos formais como presentación dos cadernos, mellora da caligrafía, uso da axenda, maior atención a normas ortográficas, repaso de contidos esquecidos necesarios para seguir unha progresión na aprendizaxe, procura de períodos de atención e concentración maiores, introdución de pasos secuenciados para a solución de problemas, fragmentación das actividades para unha mellor comprensión, etc. Estes apoios fanse en coordinación co profesorado, seguindo a programación de aula ou introducindo certas adaptacións de acceso que permitan ao alumnado unha mellor comprensión dos contidos.

Co alumnado con NEAE que ten atención individualizada fóra da aula, séguese en determinadas sesións a programación da aula de referencia tentando que o alumnado acceda aos mínimos esixibles para o seu nivel. Por outra banda, se traballan as áreas instrumentais para atender as dificultades de aprendizaxe de cada alumno/a.

En resumo, a programación de Pedagogía Terapéutica baséase fundamentalmente nas das aulas ordinarias, en coordinación coas respectivas persoas titoras, co asesoramento do responsable do Departamento de Orientación, e de ser o caso en coordinación entre PT e AL do centro cando o alumnado obxecto de intervención sexa compartido por ambos especialistas, sempre tendo en conta as súas peculiaridades e necesidades educativas para a mellora do seu desenvolvemento persoal, social e académico. Así mesmo, nos casos de intervención con ACNEE que acudan a centros externos manterase a coordinación a través do Departamento de Orientación.

No caso da realización das ACS, a intervención e a avaliación partirá do establecido para cada alumno/a na súa respectiva avaliación psicopedagóxica, en coordinación con todo o profesorado que interveña no seu proceso de aprendizaxe.

### **3.2. PLATAFORMAS, RECURSOS EDUCATIVOS E FERRAMENTAS EMPREGADAS PARA O DESENVOLVEMENTO ADECUADO DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE**

Como ferramentas para levar a cabo o seguimento do alumnado con necesidades educativas, ademais da observación sistemática e da análise das súas producións orais e escritas, empregaremos a aula virtual do centro, onde se habilita un espazo para o Departamento de Orientación e para Pedagogía Terapéutica, a comunicación a través do correo electrónico, contacto telefónico, reunións coa familia e cos profesionais que atenden ao noso alumnado, etc.

Como especialistas en PT, os recursos e ferramentas empregadas para o alumnado con NEAE será a elaboración de materiais e fichas para o reforzo e recuperación das materias nas que presentan necesidades. Este acompañamento e atención individualizada estará sempre coordinada coa persoa titora e tendo en conta as tarefas que se establecen para o grupo de referencia. Co alumnado con ACS crearase material individualizado adaptado a súas características individuais, segundo os criterios de dita ACS.

## **4. METODOLOXÍA.**

A metodoloxía empregada partirá das seguintes premisas:

- Será activa, funcional e significativa.
- Fomentarase, cando sexa posible, a docencia compartida e o intercambio de

roles entre o profesorado.

- Elimínaranse barreiras de acceso, aprendizaxe e participación, existentes nas aulas. Propiciaranse diversidade de situacións de aprendizaxe nun entorno o máis significativo posible.
- Planificaranse tarefas que faciliten a adquisición dunha aprendizaxe competencial.
- Promoverase a autonomía na realización das tarefas de xeito que cada alumno/a poida desenvolverlas coa mínima axuda necesaria.
- Adaptaranse os materiais curriculares a cada caso de forma concreta para desenvolver as capacidades do alumnado no maior grao posible, partindo do seu nivel de competencia.
- Planificaranse actividades que entren por diferentes canais de información (visual, auditivo...) e que faciliten unha aprendizaxe multisensorial.
- Estructurar tempos e espazos, así como secuenciar as tarefas do alumnado con necesidades educativas para facilitarlles a comprensión do entorno e facilitarlles a súa autonomía na aula.
- Propiciar o traballo colaborativo e axuda entre iguais dentro da aula.
- Incorporación de sistemas de comunicación aumentativos de forma ordinaria na aula para fomentar o seu uso entre o alumnado e o profesorado, procurando que teña presenza nos materiais educativos empregados como contos, cancións, programas informáticos...
- Emprego do método TEACCH (Treatment and Education of Autistic and related Communication-handicapped Children que significa: Tratamento e Educación de Nenos con Autismo e con problemas da Comunicación) nos casos que sexa necesario.
- Uso da “aprendizaxe sen erro” nos casos específicos que así o precisen.
- Incorporaremos o traballo emocional e o movemento como elementos facilitadores de axuda nas aprendizaxes.
- Adestramento en habilidades de autonomía persoal (planificación conxunta coa auxiliar coidadora presente no centro).
- Introducción de programas específicos para desenvolver habilidades sociais e comunicativas.

- Incorporación de programas específicos de conduta no caso de ser necesarios.
- A motivación e o reforzo positivo formarán parte das intervencións diarias co alumnado.
- Uso e adaptación dos protocolos de atención ao alumnado con necesidades educativas establecidos pola Consellería de educación contextualizados no noso centro ou elaborados especificamente para o noso contexto.

## **5. AVALIACIÓN**

Levarase a cabo unha avaliación inicial de cada alumno ou alumna en colaboración co profesorado titor sobre a que se baseará a intervención e planificación conxunta. Serán unha fonte de información fundamental neste primeiro momento os informes psicopedagóxicos e os informes do curso anterior, tanto dos especialistas como do titor ou titora.

En canto á avaliación do plan de apoio, os procedementos de análise e valoración son a propia observación e reflexión a todos os niveis (planificación, organización, posta en práctica, capacidade de reformulación...), así como consideramos fundamental as achegas obtidas polo intercambio de información coa persoa titora, coa mestra de Audición e Linguaxe, cos especialistas e coa xefatura do Departamento de Orientación.

Periodicamente, o profesorado especialista en PT realizará un seguimento do seu alumnado, mantendo reunións co profesorado implicado na súa educación e coas familias, analizando os progresos, estancamentos e dificultades nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

Tras as devanditas reunións ordinarias e sesións de avaliación correspondentes, os especialistas en PT elaborarán un informe a finais de curso que describa as medidas de apoio que recibiu o alumno, a valoración final da eficacia desas medidas, os progresos e dificultades atopadas e a previsión para o seguinte curso con diferentes orientacións e indicacións.









# Concreción anual plan de Atención á diversidade

CEIP de Roxos

Curso 2024/2025

# CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## CURSO 2024-25

### 1. XUSTIFICACIÓN

O centro inclúe o tratamento da atención á diversidade nos diferentes documentos (organizativos, de centro, e programación didáctica). O **Plan Xeral de Atención á Diversidade** é o documento no que se articula a forma de atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro*, e o artigo 10 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*. Neste Plan concréntanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado. O citado Decreto, no seu artigo 11 recolle que o departamento de orientación elabora dito Plan de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos ciclos, que será aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado, e pasará a formar parte do proxecto educativo. Tamén di que o equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade. Non obstante, ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de orientación dos centros elaborarán a **proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual. O equipo directivo incorporará esta concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria**. Todo isto concréntase na *sección 3ª da Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve dito decreto*

A continuación recóllense a proposta anual de actuacións, medidas e recursos para atender á diversidade, facilitando os procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado escolarizado no centro. Ditas medidas, son revisables e suxeitas a avaliación continua, debendo propiciar a participación de toda a comunidade educativa e a colaboración de ser o caso de outras administracións, servizos ou institucións.

### 2. OBXECTIVOS

- Previr dificultades de aprendizaxe e evitar, na medida do posible, fenómenos indesexables como abandono, fracaso e inadaptación escolar, asistíndoos cando se produzan.

- Colaborar co profesorado na prevención, detección temperá de necesidades e na planificación, realización e seguimento de tarefas ou actividades dirixidas a súa solución.
- Busca-la cooperación entre todos os responsables do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado para optimizar os resultados do mesmo e conseguir o desenvolvemento integral dos alumnos.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado mediante medidas oportunas tal como se recollen na lexislación vixente (contempladas no Plan de Atención á Diversidade do Centro).
- Colaborar, cando proceda, na fase de deseño e desenvolvemento das diferentes decisións curriculares.

### **3. MEDIDAS**

- **Medidas de carácter xeral**, preventivo e/ou ordinario, para atender á diversidade do alumnado (medidas curriculares e organizativas): adecuación de horarios, espazos do centro e da aula ás características do alumnado, a programación flexible e adaptada ás necesidades do alumnado, adaptación de tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación e actuacións dirixidas á mellora da convivencia e ao respecto e promoción da igualdade, desdoblamento de grupos, reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- **Medidas de carácter extraordinario** (medidas curriculares e/ou organizativas) axustadas ás características do centro e ás necesidades do alumnado, que se aplicarán cando non fosen suficientes ás de carácter xeral para acadar os obxectivos previstos e requiren de autorización do Servizo de Inspección, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral de Educación: adaptacións curriculares e apoios do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, flexibilización do período de escolarización.

Como **punto de partida** para a determinación das liñas fundamentais de intervención no presente curso dentro do plan de atención á diversidade do alumnado, partírase do recollido no Plan de Atención á Diversidade do Centro e da revisión e organización da información do alumnado con necesidade específica de apoio educativo escolarizado nos grupos, a fin de determinar as actuacións máis axeitadas. As primeiras reunións de coordinación co profesorado permiten detectar necesidades e establecer actuacións oportunas. Neste senso, o profesorado aplicará instrumentos de avaliación inicial que determinen a competencia curricular coa fin e adaptar as programacións. O departamento de orientación colaborará co profesorado na

detección de necesidades e no establecemento do tipo de actuación máis axeitada, en especial, do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que precise dunha avaliación psicopedagóxica e da organización e elaboración de medidas extraordinarias, participando no seu seguimento.

O profesorado de PT e AL colaborará no desenvolvemento de técnicas e estratexias dirixidas ó tratamento educativo das dificultades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Participará, de igual modo, na elaboración, seguimento e avaliación das Adaptacións Curriculares, co profesorado implicado e co departamento de orientación. Asistirá ás reunións da CCP e as de coordinación cos demais membros do departamento de orientación; así como ás xuntanzas do profesorado, a requirimento da xefatura de estudos realizadas con anterioridade ao comezo da actividade lectiva (nas que se puideran concretar as propostas para a atención á diversidade do alumnado).

Como en cursos anteriores, continuarase co labor de apoio e colaboración co centro educativo por parte dos Servizos Sociais do Concello co alumnado que presenta problemas persoais e socio- familiares, derivando á persoa responsable da UACO asignada ao noso centro educativo a aquel que precise especial seguimento.

#### **4. ACTUACIÓNS**

- **-Respecto ao centro:**

- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica nos termos que se establezan para continuar a elaboración do Proxecto Educativo, especialmente na revisión e actualización do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Atender aos seguintes aspectos, en coordinación co profesorado implicado, en relación ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo do centro:
  - Criterios e procedementos para a elaboración de Adaptacións Curriculares e medidas de Reforzo Educativo.
  - Plano de Titorías.
  - Organización de recursos persoais e materiais para a atención deste alumado na aula ordinaria e na de apoio.
  - Criterios e procedementos de avaliación e promoción.
  - Criterios e procedementos para recuperar as materias

- **-Respecto ao profesorado:**

- Asesoramento sobre aspectos metodolóxicos e organizativos referidos a: agrupamentos, organización dos espazos, distribución do tempo, emprego de recursos, ...
- Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente.
- Colaborar na identificación de alumnos destinatarios de reforzo ou apoio.
- Asesoramento en aspectos metodolóxicos, organizativos ... e medidas de atención á diversidade a través das distintas reunións coas persoas titoras dos diferentes cursos e de carácter extraordinario que se poidan precisar.

- **-Respecto ás familias:**

- Reunións iniciais co profesorado, alumnado e familias co fin de intercambiar información e dar orientacións axustadas ás necesidades do alumnado.
- Reunións de seguimento coas familias.
- Proporcionar asesoramento e apoio ao alumnado e familias ante posibles circunstancias de índole aptitudinal, motivacional, social, ... que puideran interferir no proceso de ensino- aprendizaxe.
- Implicación dos pais en actividades de reforzo e apoio educativo.

- **-Respecto ao alumnado:**

- Prevención, detección e coordinación do tratamento das dificultades de aprendizaxe:
- Avaliación inicial para detección de necesidades.
- Intervención nas sesións de avaliacións e reunións dos equipos docentes.
- Coordinación da avaliación psicopedagóxica do alumnado que presente dificultades de aprendizaxe e que precisen medidas educativas específicas.
- Reforzos educativos dentro da aula por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e apoios educativos das mestras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe (preferiblemente dentro da aula ordinaria, ou, fóra se fose preciso) co alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.

## **5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

O seguimento da concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade realizarase trimestralmente, por parte do Departamento de Orientación. Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro do profesorado e entregaranse á dirección do centro para a súa incorporación ao seguimento da PXA.

A final de curso farase un informe para incorporar á memoria anual do centro

<b>GRELLA DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b>				
<b>1.- CON RELACIÓN AO CENTRO</b>				
Colaboración da CCP no PE e no PXAD	1	2	3	4
Atender criterios e procedementos de AC	1	2	3	4
Atender a concreción do PAT	1	2	3	4
Organización de recursos	1	2	3	4
Criterios de promoción	1	2	3	4
Criterios de recuperación de materias	1	2	3	4
<b>2.- CON RELACIÓN AO ALUMNADO</b>				
A detección das necesidades do alumnado é axeitada	1	2	3	4
Resolución das necesidades detectadas	1	2	3	4
Medidas propostas para favorecer a atención á diversidade	1	2	3	4
Utilidade das orientacións aportadas	1	2	3	4
Avaliación continuada-seguimento do acnees	1	2	3	4
A planificación dos horarios é axeitada	1	2	3	4
A periodicidade na revisión das medidas proposta é suficiente	1	2	3	4
As medidas preventivas son suficientes	1	2	3	4
Os recursos e materiais son suficientes	1	2	3	4
<b>3.- CON RELACIÓN AO PROFESORADO</b>				
A información facilitada ao profesorado sobre acnees é suficiente	1	2	3	4
Coordinación entre o profesorado do acnees	1	2	3	4
Asesoramento no deseño/seguimento e avaliación das ACs	1	2	3	4
Asesoramento no deseño/seguimento de programas RE	1	2	3	4
Utilidade do material aportado	1	2	3	4
<b>4.- CON RELACIÓN ÁS FAMILIAS</b>				
Asesoramento ás familias	1	2	3	4
Coordinación coas familias	1	2	3	4
Información ás familias	1	2	3	4

# Plan de Acción Titorial

PAT

CEIP de Roxos

**Curso 2024/2025**

# ÍNDICE

1. Introducción.

2. A función titorial.

2.1. Funcións dos titores e das titoras.

2.2. Marco legal.

2.3. Contextualización.

3. Acción titorial.

3.1. Obxectivos.

3.2. Desenvolvemento.

3.3. Actuacións xerais.

3.4. Subprogramas de acción titorial.

4. Cronograma.

5. Horarios, accións de coordinación e titorías.

6. Criterios e indicadores de calidade.



## 1. INTRODUCCIÓN.

A acción titorial que leva a cabo calquera docente, é inherente ao desempeño da profesión e engloba tanto unha dimensión de carácter instrutivo como persoal. Podemos dicir que a titoría é unha función de todo docente que aglutina e atende a todas as áreas de desenvolvemento do alumnado (tanto o ámbito académico como o persoal e emocional) que se ten ao cargo. Isto supón que, na tarefa educativa do docente, destacan dúas funcións primordiais: a primeira, e máis arraigada á historia educativa, na que prima o deseño e a posta en marcha de situacións de aprendizaxe que permitan a asimilación de coñecementos por parte do alumnado; e outra que se ocupa do aspecto persoal e individual do desenvolvemento dos discentes.

Tamén podemos encontrar na normativa vixente a importancia da función titorial, así como as responsabilidades que os docentes teñen que desenvolver neste eido. Por todo isto, vemos que a titoría desempeña un rol fundamental na escola de hoxe en día, e de ahí a importancia da elaboración dun documento que recolla todas as iniciativas que se levan a cabo no colexio.

Como sinalan García, R.J.; Moreno, J.M. e Torrego, J.C. (1993), para que o PAT sexa funcional debe reunir certas características:

- Será un plan de acción, é dicir, desenvolverase na aula (non pode quedarse a un nivel teórico).
- Deberá ser elaborado polo profesorado que o vai levar a cabo, non por expertos.
- Terá en conta o pasado do centro (logros, experiencias...) e o presente (necesidades) para poder proxectar un futuro.
- As propostas que aparezan no plan teñen que contrastarse coa realidade.
- O plan terá como obxectivo fundamental cambiar e mellorar.
- Un plan non pode darse por terminado, pois a medida que se vai aplicando vaise revisando e débese de ir cambiando e axustando ás necesidades do momento.

## **2. A FUNCIÓN TITORIAL.**

### **2.1. Funcións dos titores e titoras.**

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria no seu artigo 81 establece que cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a. Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- b. Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c. Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d. Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e. Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f. Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g. Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h. Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i. Informar ao resto do equipo docente das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

- j. Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- k. De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- l. Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun curso a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou titores e titoras legais.
- m. Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- n. Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- o. Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- p. Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- q. Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- r. Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- s. Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- t. Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- u. Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras, e á xefatura de estudos.
- v. Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.

- w. Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

## **2.2. Marco legal.**

O presente Plan de Actividades fundaméntase na normativa que regula na actualidade os Departamentos de Orientación e as ensinanzas en centros de Educación Infantil e Primaria, destacando a seguinte normativa:

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.
- Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **2.3. Contextualización.**

Desde o CEIP de Roxos, pretendemos que este plan signifique unha resposta deste centro cara á personalización da educación do noso alumnado. Como é lóxico, este plan debe de ir integrado no contexto do centro, que determinará a realidade á que nos enfrentamos. En termos xerais, o noso contorno caracterízase por:

- Alumnado de procedencia rural e urbana.
- Pouca presenza de alumnado inmigrante.
- Familias colaboradoras co colexio.
- Umbral socioeconómico medio-alto.
- Profesorado moi implicado na formación permanente.
- Unha porcentaxe de alumnado con algunhas dificultades na adquisición das técnicas instrumentais.

### **3. ACCIÓN TITORIAL.**

#### **3.1. Obxectivos.**

Así, tendo en conta todo o referido anteriormente, con este PAT pretendemos:

1. Coñecer as características dos alumnos a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
2. Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
3. Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnos e o equipo docente.
4. Promover unha exploración psicopedagóxica individual do alumnado, para contribuír ao seu coñecemento e ao axuste da intervención educativa.
5. Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE.
6. Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.

7. Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado- profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
8. Contribuír á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa entre os distintos centros, niveis e/ou etapas.
9. Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais e a autoestima, que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

### **3.2. Desenvolvemento.**

Na LOMLOE e demais lexislación actual podemos atopar que a función orientadora e titorial do profesorado debe de ser apoiada polo Departamento de Orientación e é responsabilidade de toda a comunidade educativa. Por este motivo, desde o noso centro pensamos que a acción titorial non é un feito individual ou de pequeno grupo nin responde só a decisións do titor, o equipo docente ou o Departamento de Orientación. “O centro educativo é unha estrutura na que os seus elementos deben organizarse dun modo global, reflexivo e coidadosamente planificado para conseguir cun óptimo aproveitamento dos recursos os mellores resultados” (Guerrero, 2013).

Cada centro debe de ter un Plan de Acción Titorial que garanta a todo o seu alumnado unha orientación educativa continua coordinada e adecuada ao seu nivel de desenvolvemento, froito dunha decisión consensuada e vinculada á acción global do centro, constituíndo, conseguintemente, a súa planificación unha parte substancial e consubstancial do Proxecto Educativo. Así mesmo, este PAT debe de ser avaliado constantemente para dar resposta eficiente ás necesidades dos seus alumnos/as. En consecuencia, establécense unha serie de actuacións que cada un dos niveis e/ou etapas desenvolve xunto co desenvolvemento de programas específicos de intervención que complementan e enriquecen estas accións de carácter xeral.

### **3.3. Actuacións.**

#### **A) Comúns.**

- Realización, nos casos de novas incorporacións, da entrevista persoal a cada familia, de cara á obtención da información necesaria para a ficha de avaliación inicial.
- Reunión inicial coas familias para explicarlles o funcionamento do centro: calendario escolar, horarios, horas de titoría, rutas dos buses, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia, ...
- Coordinación dos distintos niveis da etapa.
- Elaboración anual de informes titorías, facendo fincapé nos aspectos máis significativos do desenvolvemento do neno.
- Realización, ao remate da etapa, do informe de avaliación final, tendo en conta non só o aspecto académico, senón tamén o persoal.
- Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo, conduta...
- Realización de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno e á promoción da convivencia.
- Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Desenvolvemento das actuacións previstas no Programa de Acollida, tanto de alumnado como de novos mestres e alumnado en prácticas.
- Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes do curso e/ou etapa anterior e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos, orientando a súa implicación nas tarefas de estudo e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.

- Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno e á promoción da convivencia.
- Realización das sesións de avaliación trimestrais, contemplando unha avaliación continua e formativa, tanto para o alumnado como para o profesorado.
- Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades dos alumnos, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.
- Cumprimentar os informes de avaliación e, de darse o caso, do informe persoal por traslado.
- Promoción e coordinación de actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os nosos dereitos e deberes, normas de réxime interior e disciplina, funcionamento do centro,.. e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).
- Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo.
- Realización de técnicas de traballo en grupo.
- Organización dos tempos de traballo e lecer.
- Realización de actividades que favorezan o desenvolvemento da intelixencia emocional, respecto ás diferenzas e a cohesión do grupo clase.
- Desenvolvemento de actividades que potencien o gusto pola lectura e pola reflexión.
- Posta en práctica de actividades encamiñadas á consecución do pensamento crítico e diverxente.
- Realización de actividades que favorezan o consumo responsable e o coidado do



medio natural.

- Realización de programas de estabilidade emocional para aqueles alumnos e alumnas que o requiran (por situación persoais graves, por permanencia no curso escolar ao seguinte curso académico...).

#### **B) Niveis de Educación Infantil.**

- Desenvolvemento do Plan de Acollida de alumnado de 3 anos.
- Coordinación con Educación Primaria.

#### **C) Niveis de Educación Primaria.**

- Coordinación entre niveis.
- Coordinación coa Educación Secundaria Obrigatoria no caso do alumnado de 6º

#### **3.4. Programas de acción tutorial.**

- Programa de acollida.
- Programa de preparación para a Educación Secundaria Obrigatoria.
- Programa de convivencia e socialización.
- Programa de técnicas de estudo.



## **5. Horarios, accións de coordinación e titorías.**

O horario de atención ás familias será para todos os docentes, como forma predeterminada, os luns de 16:30h a 17:30h aínda que poderán facerse os cambios que se crean pertinentes. Así mesmo, as titorías poderanse asignar en calquera hora ou día que o titor e a familia consideren oportunos, respectando o horario do centro e a lexislación vixente. Excepcionalmente, as familias que teñan dificultades para asistir nese horario, poderán acordar co profesorado outra hora ou día que o titor/especialista e a familia consideren oportunos, sempre procurando non realizar as reunións en horario de gardas.

## 6. Criterios e indicadores de calidade.

ADECUACIÓN AOS DESTINATARIOS E AO CONTEXTO		
	SI	NON
¿Realizouse un estudo de necesidades do alumnado e familias antes da súa elaboración?		
¿Recolleuse información sobre o alumnado e familias do Centro?		
¿Cóntase cun sistema de detección de necesidades e carencias do alumnado?		
¿Coñécense as demandas e expectativas do alumnado e familias?		
¿Deséñase o PAT a partir da priorización das necesidades identificadas?		
¿Potenciouse a Educación Intercultural a través das actividades propostas?		
¿O equipo educativo coñece as características do grupo clase?		
¿Adecuáronse as programacións, ensino e avaliación á diversidade do alumnado?		
¿Coñécese o número e características dos ACNEAE e Reforzo Educativo?		
¿Foméntase a integración dos ACNEAE?		

CONTIDOS		
	SI	NON
¿Baséase na análise da realidade e nas preocupacións da comunidade educativa?		
¿Indícanse os documentos que se tiveron en conta na súa realización?		
¿Indícase a Lexislación pola que se rexe?		
¿Vertébrase segundo os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social?		
¿Especifícanse as liñas de acción titorial?		
¿Establécense unhas liñas xerais para a acollida e o tránsito entre etapas educativas?		
¿Recóllense as medidas de acollida e integración para os ACNEAE?		
¿Inclúense os obxectivos xerais e específicos do plan?		
¿Os obxectivos son suficientes e adecuados ás necesidades e demandas que o xustifican?		
¿Explicitáanse os procedementos de coordinación interna e externa da acción titorial?		
¿Indícanse os procedementos e organización da comunicación coas familias?		
¿Especifícase a organización e utilización de recursos persoais e materiais da titoría?		
¿Inclúese un sistema de avaliación do Plan?		

¿O PAT inclúe un programa de actividades?		
¿As actividades son adecuadas e coherentes aos obxectivos propostos?		
¿O programa de actividades recolle actividades diferenciadas por etapas e cursos?		
¿O programa de actividades permite a incorporación de propostas dos titores?		
¿Reflexionouse sobre os temas que deben incluírse ou eliminarse?		
¿As titorías orientáronse ao desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe e técnicas de estudo?		
¿Dispón dun programa previsto de intervencións para desenvolver coas familias?		
¿Introducíronse as novas tecnoloxías nas actividades de titoría?		
¿Os contidos están actualizados?		
¿Existe coherencia interna entre os elementos do Plan e de todos eles cos obxectivos?		
¿No PAT concréntanse os responsables de elaborar e levar a cabo o Plan?		

PARTICIPACIÓN		
	SI	NON
¿Existe un compromiso por parte de todo o persoal nas labores de titoría?		
¿Acordáronse os obxectivos do PAT entre todo o persoal implicado?		
¿Asumiuse como tarefa propia dos docentes a acción titorial do alumnado?		
¿Elaborouse entre o equipo directivo e o profesorado?		
¿O equipo directivo e profesorado consideran prioritario desenvolver a labor titorial?		
¿Os alumnos/as participaron activamente nas titorías expostas?		
¿Os pais e nais colaboraron na realización do PAT?		
¿As familias colaboran en actividades que se organizan dentro das titorías?		
¿Creáronse novos materiais a través do traballo cooperativo entre profesorado?		
¿Lógrase a cooperación de axentes sociais externos cando é necesario?		
¿O Plan é accesible ás partes interesadas e implicadas?		

APLICACIÓN		
	SI	NON
¿Sensibilizouse ao persoal implicado para que teñan actitudes favorables cara á titoría?		
¿Foron realistas os obxectivos expostos?		

¿Prevíronse os espazos, horarios, recursos e persoal necesario para o seu desenvolvemento?		
¿Os responsables da aplicación do PAT realizaron as súas funcións e tarefas?		
¿Cumpríronse os obxectivos programados?		
¿Respéctase a planificación no referente a espazos, tempos e recursos?		
¿Cumpriuse o programa de actividades deseñado para cada nivel e/ou grupo de alumnos?		
¿Propiciouse o clima de clase adecuado para a convivencia e o traballo escolar?		
¿Mediouse en situacións de conflito entre o alumnado ou co profesorado ou a familia?		
¿As titorías favoreceron a integración dos alumnos/as novos?		
¿As titorías desenvolveron a capacidade de diálogo, reflexión e autonomía do alumnado?		
¿Conseguiuse un alto grao de motivación nas actividades de titoría?		
¿Tivéronse suficientes recursos para cubrir as necesidades que xurdían nas titorías?		
¿O profesorado dispón de tempo para organizar as titorías?		
¿Dáse flexibilidade na aplicación do Plan?		
¿Apréciase satisfacción nos responsables do Plan, os seus destinatarios e demais partes implicadas?		

AVALIACIÓN		
	SI	NON
¿Avaliase en base a uns criterios de avaliación previamente establecidos?		
¿A avaliación realízase mediante reflexión de todo o persoal implicado na titoría?		
¿Acomódase ás necesidades e á dinámica dos propios grupos?		
¿Modifícase ao longo do curso?		
¿Realízase un seguimento continuado das actuacións desenvolvidas?		
¿Realízase unha valoración dos resultados finais de cada un dos obxectivos expostos?		
¿Dispónse de tempo e instrumentos para avaliar a acción titorial e o PAT?		
¿Recóllese información sobre o grao de satisfacción dos alumnos, profesorado e familias?		
¿Realízanse reunións trimestrais por nivel para poñer en común as actividades realizadas e avaliar resultados?		
¿Realízase unha reunión conxunta ao finalizar o curso para avaliar aspectos positivos e negativos da realización do PAT e acordar posibles melloras?		

¿Elabórase un informe que recolle os puntos fortes e débiles do Plan?		
¿Tómanse medidas para reforzar os aspectos positivos e eliminar os negativos?		
¿Dáse un seguimento sistemático das medidas para a mellora ata dalas por concluídas?		

# PLAN DE MELLORA

CEIP de Roxos

Curso 2024/2025



## 1. Introducción

O CEIP de Roxos está situado nunha zona rural do Concello de Santiago de Compostela, no límite co concello de Ames. A procedencia da maior parte do alumnado corresponde a unha zona non urbana do Concello, aínda que tamén se escolariza alumnado de poboacións relativamente próximas (Bertamiráns, Milladoiro, Brión...). Conta con núcleos de poboación dispersos e urbanizacións de vivendas unifamiliares construídas nos últimos anos.

Debemos entender que un plan de mellora non só debe busca resolver problemas inmediatos, senón tamén xerar un cambio sostido e positivo que beneficie a todos os actores del entorno educativo.

## 2. Obxectivos do Plan

O obxectivo dun plan de mellora dun centro educativo é promover o seu desenvolvemento integral, optimizando os seus recursos e procesos para elevar a calidade educativa. Isto implica:

- Mellorar o Rendemento Académico:
- Implementar estratexias que incrementen a aprendizaxe e os resultados dos estudantes en diversas áreas.
- Fomentar un Clima Escolar Positivo: Crear un ambiente inclusivo e seguro que propicie a participación activa de todos os membros da comunidade educativa.
- Formación Continua do Persoal: Capacitar a docentes e persoal administrativo en novas metodoloxías, tecnoloxías e enfoques pedagóxicos.
- Involucrar á Comunidade: Establecer vínculos coas familias e a comunidade para fortalecer o apoio aos estudantes e enriquecer a contorna educativa.
- Avaliación e Retroalimentación: Implementar sistemas de avaliación continua que permitan medir o progreso e axustar estratexias segundo sexa necesario.
- Optimización de Recursos: Administrar de maneira eficiente os recursos materiais, humanos e financeiros para maximizar o seu impacto na educación.
- Innovación Pedagóxica: Introducir novas metodoloxías e tecnoloxías que respondan as necesidades actuais dos estudantes e preparen aos futuros cidadáns

En resumo buscamos transformar e fortalecer a calidade educativa, asegurando que todo o alumnado teña as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e académico.

### 3. Estratexias de Mellora

Como se deduce dos obxectivos propostos, debemos entender que o Plan debe abarcar diferentes ámbitos para introducir propostas que melloren o noso centro.

#### **Educación Dixital:**

- Continuar coa implicación do profesorado na continua labor formativa
- Conseguir que todo o profesorado do centro manexe a Aula Virtual.
- Conseguir que todo o profesorado do Centro se implique na creación de contidos para a páxina WEB do centro.
- Dinamizar a aula virtual como recurso pedagóxico do centro.
- Fomentar no alumnado a consulta da páxina WEB do Centro e da Aula Virtual.
- Informar e explicar o funcionamento da páxina WEB ao profesorado que forma parte do equipo TIC e a todo aquel que o desexe.
- Conseguir que todo o material relacionado coas TIC estea centralizado nun lugar.
- Utilizar un espazo virtual, na aula virtual, para compartir recursos para todo o profesorado do centro.

#### **Na biblioteca escolar:**

- Levar a cabo un proxecto que involucre a todo o alumnado do centro, creando actividades atractivas e motivadoras.
- Realizar exposicións de relatos, elaboración de noticias, carteis, murais... coa finalidade de favorecer a expresión escrita.
- Continuar coa función dinamizadora da lectura como fornecedora de recursos para o alumnado.
- Poñer en funcionamento dinámicas e programas que posibiliten unha maior implicación do alumnado na dimensión lectora da competencia lingüística.
- Continua coa dotación na biblioteca de material de atención á diversidade.

#### **En canto ás Actividades Extraescolares:**

- Elaborar unha planificación-resumo da valoración de cada actividade por parte do profesorado e do alumnado.
- Continuar coas actividades, obradoiros, convivencia, charlas... que dinamizan a vida no noso centro.
- Realizar saídas educativas: asistencia a obras de teatro, saídas culturais, actuacións musicais....
- Planificar saídas a pé pola contorna do colexio para coñecela mellor.

#### **Co Departamento de Orientación buscarase:**

- Colaborar co profesorado no deseño e achega de recursos dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe, motivación na tarefa escolar ou do comportamento do alumnado.

- Investir economicamente no labor orientador coa finalidade de enriquecer e renovar os recursos materiais do departamento.
- Seguir potenciando o grado de compromiso do profesorado coa atención á diversidade (a accesibilidade universal)..

### **Organización de recursos e espazos:**

Un plan de mellora de organización de recursos e espazos nun centro educativo ten como obxectivo optimizar o uso dos recursos dispoñibles, mellorar a infraestrutura e os espazos de aprendizaxe, e garantir que o ambiente educativo sexa o máis adecuado posible para a aprendizaxe:

#### **A. Optimización do Uso de Espazos**

- Revisión da distribución de aulas: Asegurarse de que as aulas estean organizadas de maneira que faciliten a aprendizaxe colaborativa e o uso de tecnoloxías. É posible que algunhas aulas necesiten ser reconfiguradas para actividades máis dinámicas, como traballos en grupo, laboratorios ou actividades artísticas.
- Crear nas aulas diferentes rincóns que conviden á calma, á experimentación ou á creatividade.
- Espazos de uso múltiple: Crear espazos que poidan ser utilizados de diferentes maneiras segundo as necesidades diarias. Por exemplo, unha sala de informática que se poida usar tamén como sala de reunións ou para actividades extracurriculares.
- Zonas de descanso e recreación: Organizar e mellorar as áreas exteriores ou interiores para que os estudantes poidan descansar, socializar e relaxarse, mellorando así o seu benestar e produtividade.
- Biblioteca e espazos de lectura: Mellorar a accesibilidade á biblioteca e outras zonas de lectura, para fomentar a lectura independente e o acceso á información.

#### **B. Optimización do Uso de Recursos Materiais**

- Inventario e mantemento de recursos: Facer un inventario exhaustivo de todos os recursos dispoñibles e realizar un mantemento preventivo regular (computadoras, proxectores, material didáctico). Isto evita desperdicios e garante que os recursos sempre estean en condicións óptimas.
- Uso compartido de recursos: Implementar un sistema para que os recursos compartidos (material didáctico, equipos tecnolóxicos, ferramentas para actividades extracurriculares) poidan ser xestionados de maneira máis eficiente e non se solapen no uso.
- Adquisición de novos recursos: Identificar cales son os recursos que máis se necesitan e elaborar un plan de adquisición, priorizando aqueles que impactan directamente na calidade educativa, como tecnoloxía educativa ou materiais pedagóxicos para estudantes con necesidades especiais.

#### D. Accesibilidade e Diversidade

- Adaptación de espazos para estudantes con discapacidades: Asegurarse de que os espazos sexan accesibles para todas e todos, incluíndo rampas, mobiliario adecuado e materiais específicos para estudantes con discapacidades físicas ou sensoriais.
- Inclusión no uso de recursos: Asegurar que os recursos pedagóxicos, como os libros ou os dispositivos tecnolóxicos, sexan inclusivos e adaptados ás necesidades de todos os estudantes, como aqueles con discapacidades de aprendizaxe.

#### **No eido curricular:**

Partindo da avaliación de diagnóstico levada a cabo polo noso alumnado podemos concluir que as estratexias levadas a cabo na competencia lingüística acadamos o obxectivo de que o noso alumnado estea no mesmo nivel, e incluso nas áreas de Lingua Galega e de Lingua Inglesa esteamos por encima do nivel promedio dos centros do noso ámbito. En lingua Castelán aínda que estamos na media dos centros do noso ámbito consideramos preciso introducir dinámicas potenciadoras de experimentación lingüística por parte dos equipos e nas titoría..

Na competencia que o noso centro amosou un nivel máis baixo en comparación con centros do noso ámbito, foi na competencia matemática, polo que consideramos introducir propostas concretas para mellorar a competencia do noso alumnado. Así propónse:

#### Obxectivos Xerais:

1. Mellorar o rendemento en matemáticas dos estudantes.
2. Fomentar unha actitude positiva cara ás matemáticas.
3. Desenvolver habilidades de pensamento crítico e resolución de problemas.

#### Estratexias de Mellora:

##### 1. Formación do Profesorado:

- Talleres sobre novas metodoloxías de ensino de matemáticas.
- Capacitación no uso de recursos tecnolóxicos e manipulativos.
- Intercambio de boas prácticas entre docentes.

##### 2. Currículo e Metodoloxía:

- Revisar o currículo para asegurar que estea aliñado cos estándares educativos.
- Incorporar metodoloxías activas (aprendizaxe baseada en proxectos, aprendizaxe cooperativa).
- Integrar as matemáticas con outras áreas do coñecemento (STEAM).

##### 3. Uso de Recursos Didácticos:

- Proporcionar materiais manipulativos (bloques, ábacos, xogos).
- Implementar o uso de ferramentas tecnolóxicas (aplicacións educativas, software de matemáticas).
- Crear un recuncho na aula de recursos matemáticos.

#### 4. Actividades Extracurriculares:

- Organizar feiras de matemáticas, competicións ou xogos matemáticos.
- Fomentar clubs de matemáticas onde os estudantes poidan explorar conceptos de forma lúdica.

#### 5. Apoio Individualizado:

- Establecer titorías para estudantes con dificultades.
- Crear grupos de traballo onde os estudantes máis avanzados apoiem aos seus compañeiros, compañeiros.
- Utilizar diagnósticos periódicos para axustar o ensino ás necesidades de cada estudante.

#### 6. Avaliación e Seguimento:

- Establecer avaliacións formativas e sumativas periódicas para medir o progreso.
- Realizar reunións regulares do equipo docente para avaliar o impacto das estratexias implementadas e realizar axustes.

#### Recursos Necesarios:

- Orzamento para materiais e formación.
- Tempo para a planificación e desenvolvemento de actividades.
- Colaboración con especialistas en matemáticas.

#### Avaliación do Plan:

- Analizar o rendemento académico ao final do ciclo escolar.
- Recoller feedback de docentes, estudantes e pais.
- Axustar o plan para o seguinte ano segundo os resultados obtidos.

Este plan ten como obxectivo crear unha contorna de aprendizaxe que fomente a curiosidade e a comprensión matemática, facendo que os estudantes sentan máis seguros e motivados nesta área.

#### **Fomento da Participación Familiar:**

É evidente que a relación Familia / Escola resulta fundamental para contribuír ao desenvolvemento integral dos nenos/as. A educación é unha tarefa compartida entre pais/nais e profesores/as.

No colexio tentamos establecer unha acción conxunta e coordinada coas familias de maneira que contribúa na mellora intelectual, social e emocional dos alumnos/as.

Estamos convencidos de que esta acción conxunta dos dous contextos principais do alumnado conducirá á súa estimulación, aumentando a autoestima, o rendemento escolar e as capacidades actitudinais.

Para establecer un contacto estreito coas familias é fundamental o fluxo de información. Para iso organizamos reunións conxuntas ao principio de curso e individuais ao longo do mesmo. En Infantil de vez en cando as familias son invitadas a participar en actividades da clase e todas estas son plasmadas en blogs para facer partícipes aos proxenitores do traballo da aula. Tamén se mantén comunicación coas familias por medio da aplicación Abalar, telefonicamente ou por correo

electrónico, ademais das axendas escolares. Frecuentemente certas familias son convocadas para reunións no departamento de Orientación nas que ademais do titor están presentes o orientadora, a xefa de estudos ou o director.

A páxina web, a aula virtual ou a Aplicación Abalar son outros medios de información importante para as familias nas que seguen as actividades dos seus fillos/as no centro.

Por outra banda, en determinadas festas, as familias son invitadas ao colexio nunha xornada de portas abertas como no Antroido.

## 4. Implementación

### Cronograma:

- Mes 1-2: Diagnóstico inicial e formación do profesorado.
- Mes 3-4: Implementación de novas metodoloxías e recursos.
- Mes 5: Actividades extracurriculares.
- Mes 9: Avaliacións e seguimento do progreso.

### Recursos Necesarios.

- Orzamento para materiais e formación.
- Tempo para a planificación e desenvolvemento de actividades.
- Colaboración con especialistas en matemáticas.

## 5. Avaliación e Seguimento

### Indicadores de Éxito:

- Resultados académicos.
- Asistencia e participación.
- Satisfacción da comunidade educativa.

### Métodos de Avaliación:

- Enquisas semestrais.
- Reunións de seguimento.

## 6. Comunicación do Plan

### Canles de Comunicación:

- Páxina web.
- Reunións coa comunidade.

## 7. Conclusións

Un plan de mellora non é un proceso estático, senón que debe ser flexible e avaliado periodicamente. A través dunha avaliación continua e a retroalimentación da

comunidade, o centro educativo poderá axustar as súas estratexias, asegurando que sempre estea aliñado cos cambios na contorna social, tecnolóxico e educativo, e respondendo ás necesidades emerxentes dos estudantes e a sociedade.

Coa implementación deste plan, o centro educativo non só se adapta aos desafíos do presente, senón que tamén se posiciona como un líder na procura da excelencia educativa para o futuro.

# Plan Dixital

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	2024/2025	Plan pechado-seguemento

## 1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	09/10/24
Data aprobación consello	14/10/24
Data aprobación claustro	14/10/24

## 2. Introducción

O Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Roxos está ubicado no lugar de Roxos, na parroquia de Villestro, pertencente ao Concello de Santiago de Compostela. O centro conta actualmente con 254 alumnos e alumnas repartidos en 16 unidades: 4 de Educación Infantil (EI) e 12 de Educación Primaria (EP), habendo dúas unidades por cada nivel. É un centro de liña 2, e a media de alumnos/as por unidade é de 20.

As familias do alumnado traballan principalmente no sector terciario, e en menor medida no sector secundario. Aínda que a maioría delas presenta un nivel económico medio-alto, algunhas teñen un nivel medio-baixo. En canto ao nivel cultural, a maioría do alumnado pertence a familias con estudos universitarios, e senón teñen un nivel de estudos básicos. En xeral, as familias colaboran co centro e coas actividades que dende el se propoñen. O centro aproveita e colabora cos recursos propios da súa contorna educativa como é o Equipo de Orientación Específico (EOE), a Escola de Educación Infantil do Rial e o IES (Instituto de Educación Secundaria) Eduardo Pondal. Ademais, estableceu relacións de colaboración coas autoridades educativo-administrativas da zona, coas autoridades municipais, co servizo sanitario, coa Asociación de Nais e Pais de Alumnos (ANPA), e puntualmente con outras asociacións como a “cociña económica”, o “banco de alimentos”, a asociación “A Rula”, entre outras.

O Plan Dixital (PD) persegue os mesmos obxectivos e complementa ao Proxecto TIC do centro, dinamizando e impulsando o uso das novas tecnoloxías ao tempo que busca aproveitar a súa utilidade didáctica nas tarefas de ensinanza e aprendizaxe, facilitando así a consecución dos obxectivos curriculares. Polo tanto, o Plan Dixital está en consonancia cos fins e intencións educativas recollidas no Proxecto Educativo, formando parte do mesmo e complementándoo.

## 3. Contexto DAFO

### 3.1. Instrumentos de recollida de información previa

- Autoavaliación Selfie.
- Test CDD.



### 3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Carencia de estratexia dixital.	Organización de centro	Si
Debilidade	Desenvolvemento da estratexia co profesorado.	Organización de centro	Si
Debilidade	Intercambio de experiencias no propio centro.	Persoal docente	Si
Debilidade	Fomento da creatividade coas novas tecnoloxías.	Persoal docente	Si
Debilidade	Baixo emprego da tecnoloxía para fomentar a colaboración entre o alumnado.	Persoal docente	Si
Debilidade	Autorreflexión sobre a aprendizaxe.	Persoal docente	Si
Debilidade	Creación de contidos dixitais.	Persoal docente	Si
Debilidade	Avaliación de capacidades.	Persoal docente	Non
Debilidade	Avaliación dixital.	Persoal docente	Non
Debilidade	Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe.	Persoal docente	Si
Debilidade	Comentarios a outr@s alumn@s sobre o seu traballo.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Aprende a comportarse de maneira segura e responsable coa tecnoloxía.	Alumnado	Non
Fortaleza	Comunicación permanente entre o profesorado e as familias.	Familias	Non
Fortaleza	Dispositivos dixitais para o ensino e a aprendizaxe.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Acceso a Internet	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Asistencia técnica	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Nova estratexia dixital do centro.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Nivel de emprego da aula virtual do centro.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Interese do profesorado pola colaboración e a participación	Persoal docente	Non

Fortaleza	Participación no Desenvolvemento Profesional Continuo.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O profesorado busca e emprega recursos educativos en liña.	Persoal docente	Non
Fortaleza	Emprega as novas tecnoloxías para adaptar a educación ás necesidades do alumnado.	Persoal docente	Non

### 3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	Ratios elevadas dificultan a ensinanza personalizada e de calidade.	Administración educativa	Non
Ameaza	O exceso de burocracia reduce o tempo para explorar a ensinanza coas novas tecnoloxías.	Administración educativa	Non
Ameaza	Fenda dixital no alumnado.	ANPA	Non
Ameaza	Carencia de recursos dixitais en galego.	Outras	Non
Oportunidade	Novo equipamento do profesorado para fomentar a estratexia dixital.	Administración educativa	Non
Oportunidade	O CAFI favorece a formación nas novas tecnoloxías aplicadas á educación.	Administración educativa	Non
Oportunidade	O cambio lexislativo LOMLOE promove a competencia dixital.	Lexislación	Non
Oportunidade	O profesorado coñece e respecta as normas sobre os dereitos de autor.	Lexislación	Non
Oportunidade	Multitude de recursos e ferramentas dixitais gratuítas para empregar na aula.	Outras	Non

## 4. Obxectivos

### 4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
OO1PD	Aumentar a competencia dixital do profesorado a través da formación para o uso do material de Polos Creativos.
OO2PD	Aumentar a competencia dixital do alumnado a través do aumento de propostas que incorporen o uso do material de Polos Creativos.

## 4.2. Datos do obxectivo OO1PD

Código	Estado
OO1PD	Pendente

### 4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Intercambio de experiencias no propio centro.

Debilidade - Persoal docente - Fomento da creatividade coas novas tecnoloxías.

Debilidade - Persoal docente - Creación de contidos dixitais.

Debilidade - Organización de centro - Carencia de estratexia dixital.

Debilidade - Organización de centro - Desenvolvemento da estratexia co profesorado.

### 4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de profesores que participan no PFPP	0	10				

### 4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Solicitud ao CAFI dun PFPP para o centro.	15/10/2024	setembro, outubro
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo.	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
En proceso. Estase levando a cabo unha liña do PFPP dirixida á ampliación da formación do profesorado no emprego da aula virtual. Estamos en pleno desenvolvemento do mesmo.	05/02/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2 Realización das actividades de formación.	30/05/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Persoal externo do centro.	
<b>Destinatario</b>	Profesorado.	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3. Avaliación dos resultados obtidos da formación	20/06/2025	maio, xuño
<b>Responsables</b>	Equipo Directivo	
<b>Destinatario</b>	Profesorado	

### 4.3. Datos do obxectivo OO2PD

Código	Estado
OO2PD	Pendente

#### 4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - Fomento da creatividade coas novas tecnoloxías.

Debilidade - Persoal docente - Baixo emprego da tecnoloxía para fomentar a colaboración entre o alumnado.

Debilidade - Persoal docente - Autorreflexión sobre a aprendizaxe.

Debilidade - Persoal docente - Emprego de datos para mellorar a aprendizaxe.

#### 4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de alumnado participante en dinámicas a partir dos recursos do programa Polos Creativos.	0% do alumnado	30% do alumnado				

### 4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1.: Integrar o material de Polos Creativos en propostas formativas do profesorado.	02/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Profesorado	
<b>Destinatario</b>	Alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Consideramos que está conseguido o obxectivo proposto de realizar unha sesión de clase na aula virtual por parte dunha parte significativa dos docentes do centro.	24/05/2024	
En proceso de consecución xa conseguido nun 15% dos grupos clase.	05/02/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1.: Integrar o material de Polos Creativos en propostas formativas do profesorado.	02/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
<b>Responsables</b>	Profesorado	
<b>Destinatario</b>	Alumnado	

Revisión	Data	Arquivo
Consideramos que está conseguido o obxectivo proposto de realizar unha sesión de clase na aula virtual por parte dunha parte significativa dos docentes do centro.	24/05/2024	
En proceso de consecución xa conseguido nun 15% dos grupos clase.	05/02/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2.: Avaliación dos resultados obtidos.	20/06/2025	maio, xuño
<b>Responsables</b>	Coordinador Plan Dixital	
<b>Destinatario</b>	Centro educativo.	

## 5. Seguimento

### 5.1. Procedemento para o seguimento

O Plan Dixital será sometido a unha avaliación continua ou procesual (para avaliar o seu desenvolvemento e realizar posibles adaptacións) e final (para avaliar o grado de consecución dos obxectivos e establecer propostas de mellora de cara ao seguinte curso). No contexto da avaliación continua ou procesual, o plan avaliarase unha vez ao trimestre valorando o grado de consecución dos plans de acción e realizando as modificacións necesarias para acadar os obxectivos planeados a final de curso.

No contexto da avaliación final, mediante a reflexión conxunta e valoración dos resultados das accións levadas a cabo durante todo curso e da adquisición dos obxectivos previstos.

A partir dos resultados das reflexións realizaranse as oportunas propostas de mellora de cara ao vindeiro curso, así como se estimarán os seguintes obxectivos ou pasos a seguir no relativo á estratexia dixital do centro.

### 5.2. Primeiro trimestre

### 5.3. Segundo trimestre

### 5.4. Terceiro trimestre

## 6. Avaliación

### 6.1. Procedemento para a avaliación

No contexto da avaliación continua ou procesual, o plan avalíase unha vez ao trimestre valorando o grado de consecución dos plans de acción e realizando as modificacións necesarias para acadar os obxectivos planeados a final de curso. Esta avaliación realízase partindo dunha reflexión conxunta dos membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital e serve para guiar e adaptar a estratexia dixital do centro.

No contexto da avaliación final, preto do remate do curso académico, realízase unha reflexión final conxunta e valóranse os resultados das accións e a adquisición dos obxectivos previstos no Plan Dixital. A partir dos resultados das reflexións, realízanse as oportunas propostas de mellora de cara ao vindeiro curso, así como se estiman os seguintes obxectivos ou pasos a seguir no relativo á estratexia dixital do centro.

### 6.2. Valoración xeral

### 6.3. Propostas de mellora

## 7. Comunicación e difusión

### 7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

A estratexia de difusión do Plan Dixital promove que toda comunidade educativa sexa partícipe e coñeza as responsabilidades e implicacións deste proxecto compartido.

Para iso establecemos 3 niveis de difusión do Plan Dixital:

- Interpersoal: A través de mensaxes específicos a persoas ou grupos concretos dentro do Centro Educativo. A comunicación é bidireccional.
- Grupal: A través de mensaxes específicos dirixidos a grupos homoxéneos (Ciclos/ ao Claustro do Profesorado/ ao Consello Escolar) con motivo de comunicar o plan aos representantes dos membros da Comunidade Educativa. A comunicación é bidireccional.
- Masivo: A través da difusión homoxénea do Plan Dixital a todas as persoas que forman parte da Comunidade Educativa. A comunicación é unidireccional e prodúcese publicando o plan na páxina web do centro e enviando un aviso pola aplicación Abalar. Outro xeito sería a través do buscador de plans da Consellería de Educación en Educalidade, a comunicación sería unidireccional e prodúcese accedendo a través do da aplicación de Educalidade.

## 8. Outros datos

## 9. Anexos

Descripción	Archivo
Resultados do TestCDD	15022590_CEIPDEROXOS_CDD_07032022.pdf
Informe SELFIE 2021-2022	15022590_CEIPDEROXOS_SELFIE_291121_161221.pdf



# CEIP Proxecto fomento uso do galego do CEIP de Roxos

Curso 2024/2025

<b>1. <u>INTRODUCCIÓN</u></b>	<b>2</b>
<b>2. <u>ANÁLISE SOCIO-LINGÜÍSTICA</u></b>	<b>3</b>
<u>2.1. - A contorna sociolingüística do centro</u>	3
<u>2.2. - A situación do profesorado</u>	5
<u>2.3. - A situación do alumnado</u>	5
<u>2.4.- A situación lingüística do centro</u>	6
<b>3.- <u>OBXECTIVOS</u></b>	<b>8</b>
<u>3.1.- Obxectivos xerais</u>	8
<u>3.2.- Relativos á contorna socio-lingüística</u>	8
<u>3.3.- Relativos ao profesorado</u>	9
<u>3.4.- Relativos ao alumnado</u>	9
<u>3.5.- Relativos á situación lingüística do centro</u>	10
<b>4.- <u>DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA</u></b>	<b>11</b>
<u>4.1.- A contorna socio-lingüística</u>	11
<u>4.2.- Profesorado</u>	12
<u>4.3.- Alumnado</u>	13
<u>4.4.- Centro</u>	15
<b>5.- <u>AVALIACIÓN DO PROXECTO</u></b>	

## 1.INTRODUCCIÓN

Comezamos o curso 2024-2025 coa intención de levar a cabo as actividades contidas neste proxecto, coa finalidade de darlle á nosa lingua a importancia e dignidade que necesita e merece. A evidencia de que desde hai varios anos a lingua galega está perdendo falantes entre o noso alumnado é un tema que nos preocupa; de aí o noso propósito de espertar neles/as o interese pola nosa cultura e pola nosa lingua, de facerlles ver a riqueza que iso supón, tanto a nivel individual como social.

Este proxecto ten como finalidade a implicación e participación de toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) nas diferentes actividades a realizar ao longo do curso na procura de manter a lingua viva e incrementar o seu uso.

Ao mesmo tempo, reflíctense neste proxecto uns apuntamentos sobre a situación sociolingüística actual do centro, as circunstancias, variables e condicionantes que inflúen e nos que se basea a formulación dos obxectivos para este curso e as actividades a realizar.

O EDLG continuará a ser un recurso activo no uso, defensa, difusión e normalización da nosa lingua e da nosa cultura no CEIP de Roxos.

Aínda que o colexio está localizado nun entorno rural do concello de Santiago, a lingua usada de xeito maioritario polo alumnado é o castelán, cunha porcentaxe aproximada dun 90%, fronte a só un 10% que usa o galego. Percíbese nos últimos anos un preocupante descenso no número de nenos e nenas que manteñen o galego como lingua de uso habitual ao rematar a súa escolarización en Educación Primaria, mesmo aqueles/as que se incorporan á escola sendo galego-falantes. Isto xustifica a necesidade de continuar o labor de sensibilización enfocado ás familias, ao alumnado, ao profesorado e mesmo aos responsables de lexislación en materia educativa para continuar superando a situación diglósica de Galicia e avanzando na conquista de novos espazos de uso para a nosa lingua.

Resulta imprescindible continuar cun traballo de concienciación da validez da lingua galega como lingua axeitada para todos os ámbitos dos saberes, así como para a produción e transmisión cultural contemporánea.

No curso 2024-2025, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP de Roxos está constituído polo seguinte profesorado:

- M.<sup>a</sup> Pilar Rodríguez Piñeiro (Ed. Infantil)
- Irene Formoso Lago (1º ciclo EP)
- Antonio García Río (1º ciclo EP)
- Aida Lorenzo Arceo (2º ciclo EP)
- Elisa M.<sup>a</sup> Freire Ramos (2º ciclo EP, coordinadora)
- Manuel Ángel Garea Penas (3º ciclo EP)

As reunións do Equipo de Dinamización terán carácter mensual e realízanse, xeralmente, un luns de cada mes, de 17:30 a 18:30 horas.

## **2. BREVE ESTUDO SOCIO-LINGÜÍSTICO**

### **2.1. A contorna sociolingüística do centro**

O CEIP de Roxos está situado nunha zona rural do Concello de Santiago de Compostela, no límite co concello de Ames. A procedencia da maior parte do alumnado corresponde a unha zona non urbana do Concello, aínda que tamén se escolariza alumnado de poboacións relativamente próximas como Bertamiráns, Milladoiro... A contorna conta con núcleos de poboación dispersos e urbanizacións de vivendas unifamiliares, adosadas ou pareadas construídas nos últimos anos. Os lugares de referencia para a maior parte dos traballos das familias, as relacións comerciais e o ocio son a cidade de Santiago de Compostela e, en menor medida, a localidade de Bertamiráns.

Como reflexo da situación diglósica que persiste no noso país, a lingua de relación das familias cos seus fillos e fillas é maioritariamente o castelán, nunhas proporcións aproximadas do 90% e 10%, respectivamente, cunha tendencia manifesta a incrementar a porcentaxe en favor do castelán.

Non obstante, conséntase que o galego é a lingua usada habitualmente polas familias nas relacións co profesorado e co persoal non docente; non ocorre o mesmo na relación cos seus fillos e fillas; tampouco ocorre o mesmo cando os nenos e nenas se relacionan entre eles. Mesmo se dá a circunstancia de que unha parte do alumnado que chega ao colexio sendo galego-falante cambia a súa lingua para adaptarse á maioría do alumnado que usa o castelán de xeito habitual.

O galego é a lingua habitual e maioritariamente empregada pola veciñanza en xeral nos distintos ámbitos sociais. O mesmo ocorre coas distintas entidades asociativas e culturais coas que o colexio mantén algún tipo de relación, e por parte do Concello.

Tendo en conta esta realidade lingüístico-cultural da contorna do centro, consideramos que é necesario avanzar no que se refire á presenza do galego na vida social do centro. Non obstante, cómpre ter en conta que este posible incremento da presenza do galego só será posible se desaparecen, ou cando menos mingüen, unha serie de prexuízos, atrancos, eivas e resistencias que persisten no momento actual no ámbito social, político e educativo de Galicia.

Desde o Equipo de Dinamización da Lingua pretendemos espertar no noso alumnado e nas súas familias o interese polo uso, recoñecemento, respecto e cariño pola nosa lingua e polas súas manifestacións culturais, desde o firme convencemento de que só se pode valorar aquilo que se coñece.

## **2.2. A situación do profesorado**

O profesorado que emprega o galego como lingua habitual en todas as situacións é minoritario. No labor docente, o profesorado emprega a lingua galega como vehicular nas áreas nas que así o estipula a lexislación. Non obstante, existe entre o profesorado unha actitude positiva cara á normalización do uso da lingua galega na escola.

Sen dúbida, a implicación do profesorado nas actividades de dinamización lingüística é determinante para acadar os obxectivos marcados. É preciso sinalar que no noso centro a colaboración nas propostas que fai o EDLG sempre teñen moi boa acollida por parte de todo o profesorado. Contar cun profesorado comprometido ou, cando menos, que asume as tarefas deseñadas, é fundamental para o noso proxecto, dada a súa función como axente produtor e reprodutor de representacións sociais e o seu impacto no resto da comunidade educativa, en especial sobre o alumnado. Debemos ter presente que para os nenos e as nenas somos un referente, tamén no aspecto lingüístico. Aí radica a importancia de que o alumnado sexa consciente do uso normal da lingua por parte do profesorado en todas as situacións: tanto na aula cando cumpra, como nas relacións coas familias, co resto do profesorado, co persoal non docente ou co propio alumnado.

Resulta tamén fundamental a coordinación e estreita colaboración existente entre o EDLG e os outros equipos didácticos do centro como son o equipo de Biblioteca, o equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, o equipo de Convivencia e o equipo de TIC.

## **2.3. A situación do alumnado**

A enquisa realizada a comezos deste curso 2024-2025 aos pais e as nais do alumnado de 3 anos (de nova incorporación) amosa os seguintes datos en canto á lingua de uso habitual:

4º Infantil      Galego: 11 familias

Castelán: 7 familias

En canto á totalidade dos alumnos/as, a lingua usada maioritariamente polo alumnado do CEIP de Roxos é o castelán cun 90%, fronte a un 10% do galego, aproximadamente.

Un dato salientable e preocupante (como xa se ten mencionado anteriormente) é o feito de que moito do alumnado que ten o galego como lingua materna mudan na escola ao castelán, adaptándose aos seus compañeiros/as castelán falantes, é dicir cambiando de lingua segundo o rexistro (compañeiros/as-familia); non así sucede á inversa. É dicir, a escola actúa como un elemento castelanizante. De aí a necesidade de poñer en valor a nosa lingua, implantando e mantendo unha discriminación positiva.

É preciso matizar que case na totalidade dos alumnos e das alumnas castelán falantes apréciase unha actitude de respecto e valoración do galego dentro do ámbito escolar. Este é un aspecto a destacar, tendo en conta que o obxectivo final da planificación lingüística nun centro ten o alumnado como destinatario inmediato das medidas deseñadas, e polo tanto a súa participación e colaboración é indispensable non só como axentes pasivos senón, e sobre todo, como parte activa. A súa relación co galego é a clave para a consolidación da lingua na sociedade.

A maiores das eivas sinaladas anteriormente que determinan a necesidade de medidas de reforzo para asentar e afianzar a nosa lingua, entre a poboación infantil cobra especial importancia o feito de que a práctica totalidade do material vinculado ao ocio (películas, videoxogos, música, álbumes de cromos, xoguetes...) non está dispoñible en lingua galega, o que contribúe a manter ou mesmo acrecentar a situación de diglosia anteriormente mencionada.

Tamén é necesario mencionar a escaseza de materiais didácticos e actividades complementarias, vídeos didácticos... en lingua galega, mesmo nas materias de obrigada impartición na nosa lingua, como son Ciencias Naturais, Sociais e mesmo se denota escaseza de textos e modelos de expresión escrita para empregar na área de Lingua Galega.

#### **2.4.- A situación lingüística do centro**

Ademais das actividades docentes que corresponden desenvolver en lingua galega, utilízase tamén esta na documentación administrativa, nas comunicacións coas familias, con outras institucións, nos rótulos do centro, nas actividades extraescolares e nos contextos informais.

●**Na administración:** a normalización do idioma galego neste campo pódese considerar acadada practicamente. De forma xeral, aténdese ao público en galego e emprégase este idioma de forma usual en moitos ámbitos e situacións. As circulares, oficios, convocatorias, citacións, certificados, documentos de relación coas familias e coa contorna social, como poden ser a correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados e demais documentos académicos e oficiais están redactados en galego, como corresponde.

●**Na rotulación de espazos:** os carteis, rótulos, letreiros... que existen no Centro están redactados en lingua galega, tanto nas dependencias académicas como naquelas que ofertan os diferentes servizos (comedor, actividades extraescolares...).

●**Nos espazos de convivencia e nas relacións humanas:** o uso do galego é maioritario a pesar de que a lingua predominante dos mestres é o castelán, como corresponde á dinámica social que circunda o centro. Así, o emprego da lingua galega por parte do profesorado é habitual nas conversas que mantén coas familias, co alumnado e co persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial e en contextos informais o castelán teña tamén a súa presenza derivada das opcións persoais de cada quen.

●**Nas actividades complementarias e extraescolares:** nas actividades complementarias e extraescolares úsase o galego en todo tipo de convocatorias, avisos, citacións, anuncios... Do mesmo xeito, a lingua oral de relación e uso no desenvolvemento das mesmas é o galego. Neste sentido, podemos dicir que estas actividades están practicamente normalizadas no que se refire ao uso do idioma desde a súa xénese, na realización e na promoción.

Cómpre reiterar que no CEIP de Roxos a disposición do equipo docente é totalmente receptiva e favorable a todas as propostas feitas para o fomento do uso do galego, colaborando e participando en todas as actividades deseñadas. É necesario salientar tamén o compromiso do equipo directivo no apoio ás achegas e propostas feitas polo EDLG para desenvolver no noso centro.

### **3.- DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS**

#### **3.1.- Obxectivos xerais**

- Fomentar a concienciación de toda a comunidade educativa ante a riqueza que supón posuír unha cultura e lingua propias e a responsabilidade de mantelas vivas.
- Valorar o galego como lingua propia de Galicia, tendo en conta a realidade diglósica do país e a necesidade dunha discriminación positiva da nosa lingua.
- Fomentar e promover actitudes positivas cara á lingua galega.
- Potenciar o uso do galego dun xeito interdisciplinar.
- Fomentar o hábito lector en galego.
- Potenciar o coñecemento da cultura, da historia, da literatura, da arte e do folclore galegos.
- Fomentar a relación coas persoas maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.
- Valorar a lingua como sinal de identidade colectiva.
- Coñecer en profundidade Galicia e, por suposto, a nosa comarca.

#### **3.2.- Relativos ao contorna sociolingüística**

- Potenciar o uso do galego como lingua de comunicación entre todos os sectores (familia, concello, institucións locais, etc.) e utilizala en todos os documentos pedagóxicos e administrativos do centro.
- Colaborar nas actividades promovidas pola ANPA, Concello, colexios da zona e outras entidades e asociacións da contorna.

- Respectar e valorar as achegas dos diferentes axentes da comunidade: familias, asociacións veciñais e culturais, Concello...
- Empregar estratexias atractivas e lúdicas para desenvolver un proceso de sedución e convencemento, non de imposición, cara toda a comunidade escolar (profesorado, alumnado, familias) en relación co uso da nosa lingua.
- Dar publicidade e difundir as actividades desenvolvidas no centro entre todos os sectores mencionados. Fomentar a participación nestas actividades.

### **3.3.- Relativos ao profesorado**

- Proporcionar información sobre a normativa que regula o uso da lingua, facilitando ao profesorado os materiais didácticos e lingüísticos necesarios para ampliar a súa competencia lingüística en galego.
- Recompilar materiais para elaborar unidades didácticas que permitan traballar as celebracións tradicionais.
- Ampliar o abano de recursos que utiliza o profesorado para fomentar o uso da nosa lingua.
- Fomentar o traballo en equipo e a cohesión do grupo para mellorar a iniciativa e creatividade do profesorado, logrando a colaboración dos distintos órganos colexiados nas actividades de normalización e dinamización.
- Artellar unha colaboración e coordinación efectiva entre todos os equipos docentes: EDLG, biblioteca, actividades extraescolares, convivencia, TIC e os equipos de ciclo.
- Fomentar entre o profesorado o uso de *software* na nosa lingua, instándoo a utilizar a versión en galego da suite Open Office instalada en todos os ordenadores do colexio.

### **3.4.- Relativos ao alumnado**

- Afirmar no alumnado galego-falante a identificación coa súa lingua, favorecendo unha actitude de dignificación do seu uso en calquera ámbito.
- Potenciar que o alumnado castelán-falante valore a lingua galega como sinal de identidade e manteña actitudes positivas cara o seu uso.
- Estimular o uso da lingua galega no alumnado castelán-falante, sen facer excesivo fincapé nos erros que poida cometer.
- Avanzar no emprego do galego nas distintas manifestacións tanto orais como escritas, en contextos formais e non formais.



- Difundir os usos do galego en contextos e soportes de vangarda: Internet, redes sociais, música, audiovisuais, artes escénicas...
- Facilitar algún encontro por videoconferencia con algún personaxe significativo da vida social galega, deportistas, persoas escritoras ou artistas, onde o alumnado poida achegarse ás súas vidas, profesións ou obras.
- Contribuír á difusión da literatura, da historia e do coñecemento dos personaxes máis significativos da lingua galega.
- Fomentar o gusto pola lectura a través da participación en campañas de fomento da lectura como vehículo transmisor da cultura e saber da nosa terra.
- Difundir entre o alumnado, en colaboración co Equipo de Biblioteca, as novidades da literatura infantil e musical na nosa lingua.
- Animar o alumnado ao uso da Biblioteca, recomendando especialmente os títulos en galego, tanto de ficción como divulgativos.
- Celebrar actividades que poñan en valor as festas e tradicións da nosa cultura, e que contribúan a coñecer a orixe ou o porqué destas celebracións, así como outros xeitos de celebralas en diferentes lugares de Galicia.
- Fomentar a participación do alumnado en actividades de emprego da lingua escrita: redaccións, murais, carteis, campañas de promoción da lingua ...
- Organizar actividades que potencien o coñecemento da contorna.

### **3.5.- Relativos á situación lingüística do centro**

- Empregar a lingua galega en todos os documentos do centro, tanto administrativos e pedagóxicos como nos dirixidos ao alumnado e ás familias, e en todo tipo de carteis, letreiros, avisos... potenciando a visibilidade permanente da lingua galega no centro.
- Potenciar a adquisición de material impreso e en formato multimedia en galego tanto para a biblioteca do centro como para as bibliotecas de aula.
- Colaborar co equipo de Biblioteca na selección, creación e difusión de materiais de animación á lectura tanto en soporte papel como en soporte dixital.

## **4.- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **4.1.- A contorna sociolingüística**

#### **ACTIVIDADES COAS FAMILIAS:**

- Divulgación, dirixida aos diferentes sectores da comunidade educativa, das actividades e das liñas de actuación propostas desde o Equipo, tratando de integrar nelas á maior cantidade de persoas posible. Utilizar a páxina web do centro para este fin.
- Implicación das familias na realización de determinadas actividades e participación en proxectos a desenvolver. Preténdese que colaboren co alumnado na realización dalgunhas actividades, como un xeito de estreitar vínculos afectivos e de transmitir valores e coñecementos da nosa cultura popular.
- Ante a situación lingüística percibida no centro (cada vez un menor número de alumnado e profesorado usa a lingua galega de xeito habitual), trasladarase ao profesorado a proposta de que na reunión de comezo de curso coas familias, as insten a usar a lingua galega cos seus fillos e fillas.

### **PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR ASOCIACIÓNS DA CONTORNA:**

O centro escolar pretende estar inmerso activamente na súa contorna e na nosa escola procuramos colaborar con todas aquelas asociacións e entidades da zona.

- Participación e colaboración en actividades que teñen como obxectivo promover o uso da nosa lingua ou fomentar a nosa cultura.
- Articularanse, se fose posible, actuacións conxuntas con aquelas entidades locais -asociacións veciñais e culturais- que traballen a prol da nosa lingua.
- Fomentaranse as saídas pola contorna para coñecer o noso patrimonio natural e cultural (carballeiras, o río, a vexetación de ribeira, os petroglifos, o campiño, os lagos artificiais...)

### **PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:**

- Participación en convocatorias e certames ofertadas polo Concello para as escolas.
- Asistencia a exposicións, concertos e actividades culturais que promova o Concello.
- Realización de visitas guiadas organizadas para coñecer a cidade e a nosa contorna.

#### **4.2.- Profesorado**

- Adquisición de material impreso, fonográfico, audiovisual... Realizar adquisicións de materiais en galego ou sobre Galicia que poidan ser utilizados na biblioteca e nas aulas nas distintas materias do currículo. Neste sentido prestarase especial atención á procura de páxinas web e material

vídeo e gráfico que fomenten o uso do galego en relación coas celebracións, cos contidos curriculares ou coas actividades a desenvolver neste curso.

- Ofrecemento de apoio ao profesorado, por parte do Equipo de Dinamización, en relación co proceso de normativización e normalización na docencia.
- Colaboración coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e co Departamento de Orientación no deseño de estratexias que conduzan á plena integración lingüística dos alumnos e das alumnas procedentes de fóra de Galicia.
- Localización de actividades multimedia en galego para o encerado dixital.
- Recompilación de materiais e espazos na Internet que faciliten o traballo coa lingua galega (tradutores, correctores, dicionarios, aplicacións en galego de utilización na aula, ...)
- Colaboración co Equipo TIC para dinamizar ou colaborar nos contidos dixitais que se precisen.

### **4.3.- Alumnado**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega colaborará co resto dos Equipos, especialmente co Equipo da Biblioteca, co de Convivencia e co de Actividades Extraescolares na organización das diferentes celebracións de carácter tradicional, como poden ser o Magosto, o Samaín ou o Entroido.

A nivel de centro, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, organizará, entre outras, os seguintes celebracións:

- 23 - 31 outubro: celebración do **Samaín**, con exposición de cabazas decoradas nos corredores do centro; pódense decorar e expoñer tamén outros elementos propios deste tempo de outono: trompos, espigas de millo...
- Mes de decembro: **Nadal**. Decoración do centro, elaboración de postais, preparación de panxoliñas e outras cancións para representar en residencias da 3ª idade próximas ao colexio. Degustación dunha chocolatada coas familias.
- 23 de febreiro: **Día de Rosalía**. Actividades literarias e plásticas relacionadas coa obra de Rosalía de Castro. Visita á casa de Rosalía por parte dalgúns niveis do centro.
- 8 de marzo: **Día da Muller**. Elaboraranse modelos de entrevistas para realizar a mulleres de distintos ámbitos: escritoras, científicas... ou mesmo a nais ou avoas do alumnado do centro que se considere que teñen vidas ou profesións de interese.
- 21 de marzo: **Día da Poesía**. A actividade consistirá no recitado de poesías no campio próximo ao colexio. O alumnado maior leralles poesías aos máis pequenos/as. Os dos cursos intermedios recitarán poesías para os compañeiros e compañeiras do mesmo nivel.

•17 de maio: **Día das Letras Galegas**. Esta actividade vai ter unha duración mínima dunha semana. Traballarase a vida e as obras das autoras homenaxeadas este ano: as cantareiras populares.

Outras celebracións tradicionais, como o Magosto ou o Entroido serán organizadas polo equipo de Actividades Extraescolares, ademais da festa de fin de curso. O resto de conmemoracións (Día dos Dereitos da Infancia, Día do Libro, Día da Paz...) serán organizadas polo resto de Equipos (Biblioteca, Convivencia). O Equipo de TIC será o encargado de facilitar unidades didácticas e outro tipo de recursos para as celebracións e conmemoracións.

#### **4.4.- Centro**

●**Adquisición, en colaboración co Equipo da Biblioteca, de materiais en galego**, tanto de libros de consulta e lectura coma en formato multimedia: discos infantís en galego, música tradicional e folk galega, películas en formato DVD con versións en galego, xogos de mesa e xogos multimedia en galego.

●**Preparación de textos e materiais axeitados a cada nivel** para traballar os diferentes tipos de texto: narrativo, informativo, poético..., tanto a nivel oral como escrito (en colaboración co Equipo TIC).

### **5.- AVALIACIÓN DO PROXECTO**

Realizarase unha avaliación continua e final do proxecto e de cada unha das propostas realizadas, para a súa reformulación ou para incorporar melloras en anos sucesivos.

Despois de cada celebración realizarase nos diferentes equipos unha avaliación con respecto a planificación, participación e adecuación da proposta aos contidos traballados.

Na avaliación final recolleranse os seguintes puntos:

- Grao de consecución dos obxectivos enunciados con respecto á contorna, ao alumnado, ao profesorado e ao centro.

- Valoración do desenvolvemento das actividades.

- Grado de satisfacción a participación en actividades doutras entidades ou das ofertadas polo Concello.

- Formulación de propostas de mellora cara o vindeiro curso.

# PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

CEIP ROXOS

CURSO 2024/2025

Coordinación:

M. Begoña Santamaría (Mestra E.F.)

David Calvo (Mestre E.F.)

## 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O ritmo de vida imperante na sociedade actual está a producir cambios no estilo de vida dalgunhas persoas, que tenden a adoptar actitudes e comportamentos pouco saudables dende curta idade. Por una banda apréciase un aumento do sedentarismo infantil, porque as formas de xogo deixan de ser activas, de movemento e pasan a ser xogos máis estáticos debido entre outras cuestións ao uso desmedido das pantallas (videoxogos, redes sociais...etc.) e por outra banda presentan hábitos insáns (alimentarios, de descanso, hixiene.. etc.). Cando falamos de hábitos saudables referímonos aos comportamentos e condutas que incorporamos a nosa rutina diaria e que repercuten positivamente no noso benestar físico, psicolóxico e social. Unhas costumes que adquirimos dende a infancia e que van a acompañar sempre, axudándonos a ter un bo desenvolvemento físico e mental.

Ante esta realidade e coa intención de erradicar o sedentarismo a OMS sinala que practicar algunha actividade física de maneira habitual é crucial para o desenvolvemento físico, mental, psicolóxico e social de menos e nenas. Expón os beneficios que ten a práctica de actividade física: mellora da forma física músculo-esquelética, da saúde cardio-metabólica, da saúde ósea, da saúde mental, dos resultados cognitivos... E fai novas recomendacións de actividade física para nenos e nenas cun mínimo de 60 minutos diarios de actividade moderada a vigorosa (aeróbica na súa maioría e convén incorporar, como mínimo tres veces por semana, actividades vigorosas que reforcen, en particular, os músculos e osos) repartida ao longo do día (se acumulamos máis de 60 minutos diarios os beneficios para a saúde son maiores), estes 60 minutos poden alcanzarse en períodos máis curtos, sempre que sexan superiores a 10 minutos..

Este plan xustifícase co marco normativo de referencia:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de Educación (LOMLOE)

- Decreto 150/2020, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia que no artigo 31 recolle a promoción de estilos de vida saudables.

- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle no título III os plans educativos, no artigo 35. Promoción de estilos de vida saudables: 1. Os centros docentes deberán incluír dentro de seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa e saudable, por parte de alumnas e alumnos, y que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións. 2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización axeitada e segundos recursos dispoñibles.

Neste plan de hábitos saudables trabállanse todas as competencias: Competencia en comunicación lingüística (CCL), Competencia plurilingüe (CP), Competencia dixital (CD), Competencia para aprender a aprender (CPAA), Competencias sociais e cívicas (CSC), Competencia en conciencia e expresión culturais, (CCEC), Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE), Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Ademais da competencia específica da área de Educación Física: 1 Hábitos saudables “Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas, lúdicas e deportivas, adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz, para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.”

Tomando como referencia os obxectivos da etapa de primaria podemos priorizar o que segue: k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferencias e utilizar a educación física, o

deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Por outro lado a nosa comunidade educativa asume os retos do S.XXI e apoia os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 da ONU. A través deste plan contribúese a consecución do ODS 3: Saúde e Benestar (Garantir unha vida sa e promover o benestar para todas as persoas en todas as idades), e tamén do ODS 4: Educación de calidade (Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida) e do ODS 5: Igualdade de xénero (Lograr a igualdade entre xéneros e empoderar a mulleres e nenas). Un plan que impulsa a práctica deportiva, exercicio físico e actividade física unido a unha vida saudable e, ao mesmo tempo, como espazo educativo inclusivo en igualdade.

Tendo en conta todo o anterior, este documento presenta o Plan de actividades físicas e hábitos saudables do CEIP de Roxos que ten por finalidade a práctica diaria de deporte, exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar, ademais da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

## 2. ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP de Roxos está situado nunha zona rural do Concello de Santiago de Compostela, no límite co concello de Ames. A procedencia da maior parte do alumnado corresponde a unha zona non urbana do Concello, aínda que tamén se escolariza alumnado de poboacións relativamente próximas (Bertamiráns, Milladoiro). Conta con núcleos de poboación dispersos e urbanizacións de vivendas unifamiliares construídas nos últimos anos. Nestes últimos anos estase a consolidar un asentamento da poboación na zona de influencia do colexio asociado á aparición destas novas urbanizacións e vivendas de nova construción próximas ao centro. Actualmente contamos con 285 alumnos e alumnas, repartidos en 16 titorías, 4 de educación infantil e 12 de educación primaria.



Coñecendo a realidade do noso centro, para este curso 24-25, continuaremos na liña do plan anterior para concretar os obxectivos e planificar as actividades para acadalos.

Así establécense os seguintes obxectivos para a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

### 3.OBXECTIVOS .

- Promover a práctica de deporte, exercicio físico e actividade física do alumnado durante a xornada escolar dentro e fóra do centro.
- Facilitar ao alumnado a adquisición de información de hábitos alimenticios saudables.
- Facilitar ao alumnado o coñecemento e/ou as habilidades necesarias para desenvolver, manter e/ou ampliar hábitos saudables de hixiene, descanso...etc.
- Promover a autonomía do alumnado no seu autocoidado para contribuir ao mantemento da súa saúde e o seu benestar.

Indicadores de logro (indican o grao de consecución dos obxectivos):

- Índice de actividades realizadas para promover a práctica de actividade física do alumnado durante a xornada escolar, dentro e fóra do centro.
- Grao de participación do alumnado nas actividades físicas organizadas dentro e fóra do centro.
- Porcentaxe de alumnado que recibiu información sobre hábitos alimenticios saudables.
- Grao de establecemento e aplicación de normas nutricionais para as merendas escolares.
- Porcentaxe de alumnado que participou na orientación para a selección de alimentos para merendas saudables.

-Índice de materiais e recursos utilizados e/ou actividades realizadas para que o alumnado adquira o coñecemento e/ou as habilidades necesarias para desenvolver hábitos saudables de hixiene, descanso...etc.

-Porcentaxe de alumnado que amosa certa autonomía no seu autocoidado, nos hábitos que se poñen en práctica no centro, para contribuir ao mantemento da súa saúde e o seu benestar.

Medidas que se van poñer en marcha e/ou actividades que se van desenvolver durante o curso para acadar os obxectivos propostos:

-“Recreos activos” para desenvolver actividades físicas no tempo de recreo poñendo material a disposición e propoñendo alternativas diferentes nas zonas de xogo, fomentando a participación igualitaria e a inclusión.

-Rutas de sendeirismo pola contorna do centro.

-Presentación de deportes que realizan os club da contorna para realizar sesións prácticas dentro do horario de E.F.

-Participación no programa Xogade en actividades que se realicen en horario escolar, organización de torneos deportivos no centro, organización de convivencias deportivas entre centros... apostando por un modelo deportivo lúdico orientado a participación.

-Celebración activa dalgunhas das conmemoracións escolares con actividades físicas, musicais...etc.

-“Calendario de merendas” e “froitómetro para fomentar o consumo de alimentos saudables e froitas nas merendas, a través da orientación para a selección de alimentos saudables.

-Participación en obradoiros de Educación Vial, R.C.P. e primeiros auxilios, habilidades sociais, bo uso das Tics...

-Campaña de sensibilización das condutas sedentarias que debemos evitar a través de diferentes recursos en soporte papel ou dixital.

-Campaña de concienciación de determinadas actividades cotiás que axudan a levar unha vida activa a través de diferentes recursos en soporte papel ou dixital.

-Campaña de concienciación da importancia do autocoidado (hixiene postural, alimentación sa, hidratación, aseo, descanso, fotoprotección...) dende as clases de E.F.

#### 4.PROCEDEMENTO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN E NO SEU CASO DE DIFUSIÓN

Establecerase un seguimento continuo e permanente, cunha revisión trimestral que nos permitirá comprobar a realidade entre o planificado e o conseguido, o grado de cumprimento dos obxectivos planific

ados. a idoneidade das actividades postas en marcha, da súa organización... que nos permitirá analizar as dificultades atopadas e reflexionar para establecer propostas de mellora. Todo isto quedará rexistrado na memoria final do plan.

Este plan incluírase na PXA e a través de circulares, web do centro e/ou Abalar informarase ás familias do seu desenvolvemento.

# Plan anual de lectura

CEIP de Roxos

Curso 2024/2025



## PLAN ANUAL DE LECTURA

Este documento recolle a programación de obxectivos e accións para o desenvolvemento do proxecto lector do noso centro.

O obxectivo principal do noso Proxecto Lector é **formar aos alumnos e alumnas como lectores competentes** e mellorar a lectura, a comprensión e a expresión oral e escrita.

A finalidade arriba descrita podemos concretala nos seguintes **obxectivos xerais** establecidos no Proxecto Lector deste centro aprobado polo claustro e consello escolar.

### OBXECTIVOS XERAIS

1. Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuíndo, en definitiva, ao enriquecemento persoal do alumnado.
2. Integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario, respondendo ás características e necesidades propias de cada materia.
3. Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- 4.-Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que implica todas as áreas, e que se pode traballar de diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co profesor ou co alumno de protagonistas, en dramatizacións ou en recitais, individualmente ou con varias voces, etc
5. Diseñar actividades de comprensión lectora por ciclos e/ou niveis que teñan como marco os principios do proxecto lector de centro, utilizando todo tipo de textos (literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, receitas, cartas, gráficos) e de soportes (impresos ou electrónicos).
- 6.-Facilitar ao alumnado textos escritos que lles poidan servir como referentes á hora de crear as súas propias producións escritas (descricións, narracións, diálogos, textos expositivos, textos poéticos...).
- 7.-Prestar especial atención ao desenvolvemento da expresión oral, tanto nas actividades de comprensión lectora, como na exposición das súas propias producións escritas, dramatizacións, intervencións en conversas, debate....co obxectivo de iniciar/afianzar ao alumnado nas normas que rexen a comunicación oral (escoitar, respectar, esperar, atender), mellorar a fluidez verbal e vencer a timidez a expresarse en público.
- 8.-Utilizar os recursos da biblioteca escolar que se irán actualizando neste curso coa nova catalogación dos libros no KOHA, de xeito que a biblioteca sexa considerada coma o espazo moi importante da vida diaria do centro, tanto para o alumnado como para profesorado. Tendo en conta as preferencias e gustos do alumnado sempre que sexan axeitadas a súa idade.

**9.-**Impulsar e/ou deseñar actividades de promoción lectora que contribúan a fomentar a lectura como fonte de pracer e de información.

**10.-**Informar o profesorado sobre a necesidade da formación de usuarios para un bo funcionamento da biblioteca, coñecer o espazo e as seccións, así como a busca e manexo dos recursos bibliográficos.

**11.-** Implicar ás familias no desenvolvemento lector das súas fillas e fillos con recomendacións por parte do centro, mochilas viaxeiras e recomendacións de compras e agasallos de libros no Nadal, lectura de contos de nais/pais ou avós/avoas.

**12.-** Ofertar materiais e libros para poder traballar e ampliar todas as festividades e celebracións do curso escolar.

Neste curso a biblioteca será utilizada nos recreos para facer préstamos e devolucións ( a partires do día 16 de setembro) cun horario establecido por niveis . Cada nivel tamén escollerá unha sesión semanal para poder ler, facer actividades relacionadas coa lectura, préstamos e devolucións...acompañados do seu titor/a.

No horario de tarde, a biblioteca abrirá de 16:30h -18:30h de martes a venres. Neste tempo o alumnado poderá ler , facer deberes e solicitar ou devolver libros. O alumnado de Primaria pode asistir a biblioteca só, o alumnado de infantil terá que vir acompañado dun adulto.

A pesares das dificultades que poidamos atopar, a biblioteca escolar debe seguir sendo un punto de referencia para o noso alumnado como fonte de riqueza intelectual e de búsqueda de información.

Por este motivo as intervencións destinadas ao fomento da lectura que se desenvolvan ao longo do curso deberán ser motivadoras e interesantes. Non debemos esquecer que o espazo queda pequeno para a cantidade de alumnado que ten o centro na actualidade, asimesmo os estantes ten máis libros dos que deberían, dificulta moitas veces unha escolla rápida e efectiva. Quizáis coa nova catalogación fagamos un expurgo e desta maneira conseguir reubicar libros e distribuir os espazos nos estantes.

Antes de comezar o funcionamento da biblioteca, nos recreos, o Lermiño pasará polas aulas deixar unhas cartas coas normas, consellos, novidades, pautas a ter en conta, a importancia do silencio, .... tamén se explicará na biblioteca a cada grupo/aula como se colocan os libros e como se fan os préstamos e as devolucións.

O alumnado de 6º que queira colaborar nos recreos na biblioteca poderá facelo e terán un calendario de quendas axudarán cos préstamos e devolucións, búsqueda de libros para os máis pequenos, avisos ás aulas e reparto de libros.

Para o alumnado 4º de Infantil e 1º de Primaria chegarán tamén, con carta de Lermiño, as novas carpetas co respectivo carné de lector, para ter un carácter máis motivador será en paquete agasallo.

#### **INTERVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA**

## HORA DE LER

Están establecidos 20 minutos diarios de lectura para o nivel de Infantil e de Primaria, será sempre na sesión despois do recreo independentemente do mestre/a especialista que imparta clase nesa sesión.

Organización da *hora de ler*:

Cada titor/a organizará este tempo como mellor considere, tendo en conta que deben ler tanto en galego como en castelán. Como pauta propónse:

- *Lectura silenciosa e libre*: Cada neno/a elixe a lectura que desexa de forma libre e le en silencio de maneira autónoma. (É importante que o alumnado vexa facer o mesmo ao profesorado).
- *Lectura en voz alta por parte do mestre/a*: O mestre/a escolle a lectura e le en voz alta para o seu alumnado. Amósase coma modelo de lector/a correcto/a ao tempo que se traballa a entoación e expresividade. A lectura en voz alta feita, por unha persoa lectora competente, fai que o alumnado preste máis atención e escoite atentamente a historia.
- *Lectura do alumnado en voz alta, de un en un*: para estimular a atención, expresividade, fluidez lectora, gusto pola lectura e superación de timidez.
- *Lectura dramatizada*: O alumnado le unha obra de teatro de forma colectiva adxudicando a cada neno/a un personaxe.
- *Lectura de producións propias elaboradas polo alumnado*: poemas, contos, redaccións, receitas de cociña.
- *Lectura de prensa*: En proceso de comunicación con prensa-escuela para traballar nalgúns niveis. O 3º ciclo recibe todos os mércores o xornal na aula.
- *Lectura en soporte dixital*: Pode facerse a nivel grupo, individual ou por parellas.
- *Recomendacións de libros*: Un alumno/a ou dous, presentan aos seus compañeiros/as un libro que xa leron e que lles gustou moito, explicando quen é o autor ou autora, quen o ilustrou, por qué lles gustou, de que trata...e animando aos demais a lelo.

A lectura poderá facerse na aula, no patio cuberto, zona de xardín interior, incluso se o tempo o permite pode ser no campo da urbanización anexa ó colexio.

**MOCHILAS VIAXEIRAS (alumnado de Primaria) e CARPETAS VIAXEIRAS (alumnado de infantil)**

Como nos cursos anteriores, continuaremos desenvolvendo a actividade das Mochilas Viaxeiras. O obxectivo das mochilas é fomentar e compartir a lectura en familia. En definitiva, lograr que as familias aprendan a compartir os momentos de lectura cos seus fillos e fillas.

O Equipo de Biblioteca elaborou os deseños dos materiais complementarios: logo, caderno viaxeiro, follas explicativas, modelos de inventarios...etc.

Hai unha mochila viaxeira para cada aula que permanece no domicilio de cada alumno/a durante unha semana. As quendas do alumnado son determinadas polos titores/as.

Os criterios de selección dos materiais que se inclúen en cada mochila son:

- Literatura infantil en galego.
- Literatura infantil en castelán.
- Literatura infantil en inglés a partir do 3º nivel.
- Un ou dous libros informativos axeitados a idade e intereses do alumnado.
- Banda deseñada adecuada a cada nivel.
- Libro de poesía en galego preferentemente, pero tamén en castelán.
- Una revista infantil: “Caracola”, “Leo leo” ou “ Reportero Doc.

Cada mochila inclúe un caderno viaxeiro no que as familias e os nenos e nenas poden recoller as súas impresións sobre esta actividade, aconsellar lecturas, dar opinións, facer un debuxo sobre un dos libros, animar a ler un libro... A comezos de curso nunha reunión do equipo de biblioteca co profesorado do centro explicase cómo deben seleccionar os libros e rexistrar o préstamo, aconsellamos ter un control cada vez que cambie de alumno/a a mochila, revisar o caderno para poder comprobar os consellos e os gustos polos libros da mochila. Será unha maneira de seleccionar os libros para o curso vindeiro así como ter en conta na hora de adquisicións de novos fondos bibliográficos.

Neste curso continuamos coas carpetas de lectura para Infantil, 1º e 2º niveis. Cada nivel unha cor diferente, co seu carné de lector na portada para comezar a familiarizarse co mesmo, a carpeta utilízase para levar o libro de lectura semanal á casa.

- O alumnado de infantil terá nunha aula de desdobre un espazo para facer desde alí os préstamos e as devolucións, faráse o rexistro desde o ordenador desa aula e será supervisado polas mestras titoras ou pola mestra de apoio de Infantil. O libro irá a casa durante unha semana e utilizarán a carpeta viaxeira para levar e traer o libro. Cada titora



decidirá a actividade a levar a cabo coa lectura do mesmo: debuxo, frase-resumo, ficha de datos do libro...

### **EMPRÉSTITO DE FONDOS DA BIBLIOTECA**

O empréstito de fondos volverá a desenvolverse nas sesións de recreo, cada día terá asignado un nivel. As encargadas da biblioteca farán os préstamos e devolucións, o alumnado os colaborador de 6º curso fará o reparto polas diferentes aulas.

O alumnado de 1º nivel virá a biblioteca coas suas titoras, posto que non hai recreos suficientes para todo o alumnado, en 1º nivel deben de vir en pequeno grupo para coller hábitos e costume dun axeitado uso da biblioteca.

### **DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA**

- Neste curso comezaremos coa nova catalogación de libros no KOHA, será un traballo a longo prazo porque precisamos facer un expurgo e ser varias persoas as que poidan facer a catalogación posto que unha aplicación descoñecida e na que temos pouca formación. Comezaremos catalogando as novas adquisicións, será durante varios anos porque aproveitaremos a facer un expurgo en libros deteriorados ou aqueles que non son seleccionados para ler por ser demasiado antigos ou non axeitados para as idades do noso centro. Continuaremos facendo os préstamos e as devolucións no Meiga.
- Desde o equipo de Biblioteca dinamizaremos a mesma coas seguintes propostas:

- **Dar a coñecer os fondos** e traballar algunha temática en concreto relacionada coas festividades anuais que se celebran no noso centro e tamén arredor dalgunhas temáticas que poidan ser do interese do profesorado ao longo do curso. Neste curso seleccionaremos libros para o proxecto de Centro.

A comezos de curso fíxose unha reunión co profesorado para dar unha explicación sobre funcionamento da biblioteca, libros de nova adquisición, cantidade de exemplares de determinados libros, importancia de valorar a biblioteca e fomentar o uso e manexo na mesma, necesidade de facer ben os préstamos e devolucións no Meiga, colocación axeitada segundo a CDU.

Facemos fincapé q é moi importante a colaboración do profesorado para desenrolar un traballo eficaz na biblioteca.

- **Elaborar Guías de Lectura** que aconsellen libros de calidade por idades, para que as familias saiban que tipo de literatura mercarlle aos seus fillos e fillas. Nos procesos de elaboración

teremos moi en conta os consellos ou a opinión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, co fin de promocionar a lectura en galego. Estas guías irán as casas no Nadal e no fin de curso.

- **Fomentar a lectura:** Continuaremos no paso a secundaria co fomento da lectura, escolleremos un libro axeitado a idade do alumnado para agasallar en fin de curso, nel vai unha dedicatoria para animarlle na súa nova etapa de estudo e no gusto pola lectura.
- **Colaborar nas datas de celebracións ó longo do curso:** o equipo de biblioteca facilitará material bibliográfico para as diferentes celebracións ó longo do curso escolar, seleccionando e aportando libros, facendo exposición de libros no corredor axeitados a cada momento e ambientando a biblioteca con motivos da temática que se está traballando en cada celebración do curso.
- **Celebrar o día das Bibliotecas:** Enviaremos un modelo de frase curta a cada aula, promocionando a lectura e as bibliotecas, será “Lermiño” o encargado de facelo. Cada aula elaborará e ilustrará un novo lema e con todos decoraremos a biblioteca para animar a ler (“Se queres aventura lánzate a lectura” “Ler faime medrar e tremar” ...)
- **Celebrar a Semana do libro:** Prepararemos diferentes actividades para o fomento da lectura e da escritura, temos as seguintes propostas que iremos preparando o longo dos trimestres:
  - Sesión de contacontos: É habitual chegar a acordos ou contratar con algunha editorial, contacontos, visita dalgún escritor, poeta ou ilustrador, entrevista a algún escritor vía online,..experiencia que normalmente é moi ben acollida polo alumnado.
  - Elaboraremos o libro cos contos feitos no curso 2023/24 e entregaremos un exemplar en cada ciclo.
  - Solicitaremos visitas a diferentes bibliotecas: Biblioteca Pública de Santiago, a da Fundación ABanca, a do CEE Manuel López Navalón.
  - Solicitaremos a Bibliotecas escolares as maletas viaxeiras que nos interesen.
  - Retomaremos o apadriñamento lector.
  - Escribiremos unha carta as familias para que os avós e avoas que queiran visiten o noso colexio e nos conten os seus contos.
  - O alumnado de 5º e 6º nivel poderá ler contos ou escenificar algún aos nenos e nenas de Infantil.
  - Presentación e explicación dun libro de poemas que trata das emocións.
  - Obradoiro de imprenta relacionado cos libros e coa biblioteca.

Tamén se fará fincapé no **fomento da escritura**, o alumnado poderá escribir pequenos contos, historias, cómics... unha vez corrixidos poderán pasar a formar parte de fondo da biblioteca da sección de produccions propias.

- Continuación da actividade de outros anos, escribirlle a residencia de maiores unha postal xigante con bos desexos , frases e debuxos motivadores.
- Elaboración dun poema entre todo o colexio, (o Poema de Lermiño) comezará “Lermiño” coa primeira estrofa e irá pasando de aula a aula, unha vez feito faremos decoración do mesmo.

Na Biblioteca haberá un caderno de Lermiño para o alumnado nel poderán escribir consellos de lecturas, cartas para o Lermiño, debuxos, poemas, libros que lles gustaría ler ou ter na biblioteca.... E outro para o profesorado no que poden deixar solicitude de compras, proxectos para levar a cabo...Lermiño promete que irá contestando ó longo do curso.

### **INTERVENCIONS DESTINADAS Á FORMACIÓN DE USUARIOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Neste punto, o noso obxectivo será:

*- Formar usuarios autónomos capaces de recoñecer as súas necesidades de información e atendelas por si mesmos, mediante o emprego de acertadas estratexias de busca e o manexo eficiente dos diferentes recursos bibliográficos e servizos que posúe a biblioteca.*

A formación de usuarios será responsabilidade dos titores asesorados polo Equipo de Biblioteca. Levarán a cabo esta labor no horario semanal que ten asignado cada titoría para acudir á biblioteca.

Neste apartado as nosas intervencións estarán dirixidas á:

- Entender a biblioteca como centro de recursos do colexio e como servizo para toda a comunidade
  - Coñecer o espazo da biblioteca e as distintas seccións.
  - Coñecer as funcións da biblioteca e os seus servizos: consulta, sala de lectura, préstamo...
  - Coñecer e saber utilizar o servizo de préstamo.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que se debe manter nunha biblioteca
  - Respectar as normas establecidas na biblioteca.
  - Respecta e coidar os materiais.
  - Coñecer as normas de utilización da sala de lectura.
- Adquirir o hábito de uso da biblioteca como recurso para a información e o ocio

- Diferenciar entre documentos de información e de ficción. Observar o diferente tratamento temático nuns e outros.
- Coñecer o lugar no que están ubicados dentro da biblioteca os fondos de consulta e os de ficción.
- Buscar e localizar información dentro da biblioteca
  - Localizar na biblioteca do centro os libros para Prelectores (baldas azuis), Primeiros Lectores (baldas vermellas) e Lectores Autónomos (baldas verdes) e coñecer o seu sistema de organización.
  - Comprender e utilizar o sistema de clasificación e organización da colección empregando a margarida da CDU e baseándonos nas súas cores e pictogramas.
  - Colocar correctamente os libros nos estantes
  - Coñecer a existencia de catálogos e a súa función.
  - Coñecer o concepto de sinatura como sistema para localizar documentos.
- Coñecer e utilizar axeitadamente os documentos
  - Recoñecer as partes físicas dun libro: cuberta, lombo, portada e contraportada
  - Recoñecer os elementos que identifican os documentos: autor, título, editorial, ilustrador
  - Diferenciar as funcións de autor e ilustrador.
  - Establecer relacións entre as imaxes e a información entender: as imaxes como fontes de información.

## **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE LECTURA NA EDUCACIÓN INFANTIL**

Tendo en conta o carácter globalizador da Educación Infantil e a flexibilización dos horarios nesta etapa acorde cos intereses, capacidades de atención e ritmos dos alumnos e alumnas destas idades , o equipo docente de Educación Infantil concreta o Proxecto Lector do seguinte xeito:

Obxectivos:

- Achegar ao noso alumnado a diferentes tipoloxías textuais de xeito significativo e funcional.
- Promover no alumnado o interese pola lectura empregando diferentes formatos de conto.
- Buscar que a lectura sexa para o alumnado un elemento de goce persoal.
- Comprender textos de tradición cultural.
- Comprender fragmentos de poemas, detalles de contos, etc.
- Desenvolver o gusto ou pracer por oír e mirar contos cando o adulto le.
- Ler e interpretar imaxes.
- Contar detalles dos contos e memorizar poemas.

- Poñer atención e demostrar interese polos textos de tradición cultural, clásicos e de autor.
- Desenvolver a actitude de coidado no manexo dos libros.
- Ampliar o vocabulario a través de diferentes textos de uso social.

## **Propostas:**

- Lecturas de libros a través das imaxes a cargo do alumnado, autónomamente ou de xeito compartido coa profesora ou cos seus compañeiros, durante periodos de 10 minutos principalmente despois doutra actividade colectiva.
- Hora do Conto. Cada xornada despois do tempo do patio realízase a lectura dun conto a cargo de lectores competentes.
- Carpeta Viaxeira. Unha vez á semana as nenas e os nenos levarán un libro da Biblioteca para ler no fogar e así implicar ás familias no desenvolvemento dunha actitude favorable á lectura a través dos contos de gran importancia emocional.
- Lectura de textos informativos e expositivos a cargo da profesora durante a primeira sesión da mañá sobre temas relacionados co Pequeno Proxecto posto en marcha . Estes textos son achegados polos propios alumnos e alumnas , pola profesora ou mediante préstamos da Biblioteca do Centro.
- Lectura de contos polo alumnado en pequenos grupos.
- Lectura de frases con apoio de pictogramas. Durante a primeira sesión da mañá.
- Lectura Libre. Tanto de textos informativos relacionados cos proxectos de aula ou textos literarios empregados como Recuncho de Actividade.

## **Sesións planificadas pola mestra de apoio de animación á lectura**

A intención é que os alumnos de Educación Infantil, atopen nos libros unha fonte de axuda para o seu crecemento emocional, cognitivo e social.

### Obxectivos

- Apoiar e acompañar ao alumnado no seu desenvolvemento emocional, intelectual, social e creativo a través da lectura.
- Crear conciencia sobre as calidades da lectura e dos libros para o desenvolvemento persoal e social, e, en concreto, para a identificación e expresión emocional.

- Multiplicar as posibilidades de acceso á lectura e aos libros.
- Contribuír á mellora da comprensión lectora na etapa infantil.
- Axudar ao alumnado para desenvolver competencias para seleccionar lecturas.
- Xogar coa creatividade do alumnado.
- Discernir e identificar emocións centrándonos nas emocións básicas: alegría, tristeza, noxo, enfado, medo e sorpresa.
- Crear vínculos emocionais cos mediadores implicados.

O neno debe chegar á lectura por iniciativa propia, por curiosidade ou interese; pero ademais ese movemento debe ser apoiado e incitado, o cal implica un importante esforzo ou impulso cara a ese primeiro paso, cara ao descoñecido.

Por suposto que o indispensable é que neses primeiros encontros coa lectura o libro sexa do gusto de quen se inicia. E, sobre todo, que non se converta nunha obrigaón diaria imposta, porque dese modo córrese o risco de afastar, quizá para sempre, ao posible lector.

A adquisición do hábito da lectura é un proceso que non está asegurado sen máis. Débese inculcar desde idade moi temperá, require persistencia e dedicación e conséguese soamente cunha longa práctica.

Por iso expomos a necesidade da mediación lectora, é dicir o traballo conxunto de familias, docentes e outros membros da comunidade, como vehículo emocional entre os libros e os nenos.

Entendemos a lectura como un acto máis aló da idea de alfabetización. O concepto que queremos traballar é o de ler por pracer, como fonte de emocións e experiencias únicas para o lector; e como ferramenta para o seu desenvolvemento persoal e creativo. O importante é que o interese pola lectura, o amor cara a ela, non só mellore o desempeño na vida académica e a adquisición de coñecementos senón tamén que desenvolva habilidades para a vida e lévenos a experiencias persoais únicas. En definitiva, que nos achegue unha gran satisfacción e benestar. Por todo isto faise indispensable promover a lectura e estimular o achegamento a todas as súas formas e formatos, creando así unha cultura lectora.

Na era da tecnoloxía e a innovación, un neno pode convivir perfectamente con distintos formatos que ofrecen información e diversión (televisión, libros, tabletas, internet...), pero esta cohabitación debe ser meditada e dosificada. O desenvolvemento das habilidades lectoras facilitaralles un achegamento positivo a estas tecnoloxías e axudaralles a adaptarse a un mundo cambiante.

O pracer de ler, como di Bloom, é un dos mellores praceres. No libro é onde vive a linguaxe; a súa

maxia reside no achegamento a outros mundos e sobre todo no feito de que non existe intermediario algún que nos diga o que debemos pensar respecto diso ou en que debemos fixar a nosa atención. Estamos sós ante o libro e da nosa interacción con el xurdirán as nosas emocións.

A lectura promove o entendemento, a capacidade de escoitar, a de comprender, a imaxinación, achéganos á arte por medio das ilustracións e sobre todo alegra e mellora a nosa calidade de vida.

Por suposto que no proceso cara á lectura interveñen moitos factores de personalidade, inclinacións, motivacións... así que aí reside o noso traballo como docentes; en favorecer experiencias motivadoras que induzan aos nenos a non querer vivir nun mundo sen lectura.

## **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE LECTURA NO 1º CICLO**

O obxectivos que perseguiremos co noso alumnado no 1º ciclo serán os seguintes:

- Desenvolver a súa competencia lectora.
- Favorecer a súa competencia literaria.
- Fomentar o seu hábito da lectura
- Desenvolver a súa competencia escritora ou expresión escrita.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Educalos no uso crítico da información.
- Incorporar paulatinamente as TICs para a busca de información
- Fomentar o uso da biblioteca como recurso, espazo de intercambio e interacción.
- Implicar ás familias no fomento dos hábitos lectores e escritores dos seus fillos/as.

### **INTERVENCIÓN DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA.**

- ***Hora de ler***

No noso centro están establecidos 20 minutos diarios de lectura despois do recreo independentemente do mestre ou especialista que imparta clase na terceira sesión.

Nas titorías de 1º ciclo, organizaremos unha biblioteca de aula con fondos da biblioteca do centro que inclúan narrativa, poesía, teatro, cómic, revistas e textos informativos e que iremos actualizando cada trimestre.

Todo isto non impedirá que os titores/as poidan solicitar ao seu alumnado que traia fondos persoais para engadir á biblioteca de aula.

Como organizamos o tempo da Hora de Ler?

- *Lectura Silenciosa e Libre*: cada neno/a elixe a lectura que desexa de forma libre e le en silencio autonomamente.
- *Lectura Compartida e Guiada polo mestre*: tódolos rapaces len o mesmo libro guiados polo mestre. Este tipo de lectura é moi interesante cando se trata de traballar lecturas con certo nivel de complexidade (xa sexa por un vocabulario complicado ou por ser un tipo de texto que aínda non coñezan) que precisan da guía e apoio do mestre.
- *Lectura en voz alta por parte do mestre*: o mestre escolle a lectura e lea en voz alta para o seu alumnado aproveitando para servir de modelo lector correcto e traballar a entoación e a expresividade.
- *Lectura en voz alta por parte dun alumno*: un alumno/a escolle e prepara unha lectura para lerlla en voz alta aos seus compañeiros.
- *Lectura dramatizada*: o alumnado le unha obra de teatro de forma colectiva adxudicando a cada neno un personaxe.
- *Hora do Conto*: o mestre conta ou le un conto ao seus alumnos. Tamén se pode pedir a algún pai ou nai que prepare un conto e llo veña contar aos rapaces. Cando estes se sintan capaces, poden ser eles os que preparen un conto e llo conten aos seus compañeiros.
- *Presentación de libros*: Un par de rapaces por sesión presentan aos seus compañeiros un libro que xa leron e que lles gustou moito explicando de quen é, quen o ilustrou, de que vai, por que lle gustou... e animando aos seus compañeiros a lelo. Axuda a desfacerse do medo a falar en público.
- *Contamos aos demais*: todo un grupo prepara un conto cunha presentación para lerlles aos seus compañeiros.
- Lectura en soporte dixital.

- ***Mochilas viaxeiras***

Continuaremos desenvolvendo a actividade das Mochilas Viaxeiras que xa leva anos en marcha. O obxectivo das mochilas é lograr que as familias compartan momentos de lectura cos seus fillos.

Hai unha mochila viaxeira para cada aula que permanecerá no domicilio de cada alumno durante 7 días. As quendas do alumnado son determinadas polo/a titor/a en función das necesidades e asistencia do alumnado.

As mochilas incluírán:

- Literatura infantil para o rapaz seleccionado en función dos seus intereses e gustos.
- Revista infantil axeitada á idade.



- Libros informativos axeitados á idade e intereses do alumnado.
- Literatura para os pais que aborde o tema do fomento do hábito lector nos seus fillos.

Cada mochila incluírá un caderno viaxeiro no que as familias e os rapaces poderán recoller as súas impresións sobre esta actividade.

Será cada titor quen debe encargarse de seleccionar os materiais da mochila da súa aula e de elaborar o inventario correspondente e comprobar que non se perde ningún documento. Polo tanto, a xestión desta actividade é responsabilidade dos titores, aínda que recibirán asesoramento do Equipo de Biblioteca.

- ***Aproveitamento das exposicións temáticas e de difusión dos fondos da biblioteca.***

Sacaremos partido de todas exposicións de fondos que con motivo dalgunhas das festividadeas anuais o Equipo de Biblioteca organiza no centro e tamén arredor dalgunhas temáticas que poidan ser do noso interese ao longo do curso.

O obxectivo é que os rapaces coñezan polo miúdo os fondos dos que dispoñemos e xerarlles intereses novos para que sintan novas curiosidades e accedan a lecturas que por si mesmos, ao mellor, non descubrían.

- ***Aproveitamento das guías con recomendacións de lectura***

Enviaremos ás familias as guías con recomendacións de lecturas que elabora a Biblioteca en datas como o Nadal e as vacacións de verán para que as familias saiban que tipo de literatura mercar aos rapaces

- ***Empréstito***

O empréstito neste ciclo será xestionado polos titores de 1º curso durante unha sesión que cada titoría ten reservada no horario semanal.

En 2º curso o empréstito realizase os venres durante a hora do recreo e xestionado polos membros do Equipo de Biblioteca.

En ambos cursos serán os alumnos os que escollerán as súas propias lecturas.

- ***Participación do 1º ciclo naquelas actividades organizadas polo Equipo de biblioteca.***

As titorías do 1º ciclo participarán nas actividades de fomento da lectura organizadas pola biblioteca con motivo do Día da Biblioteca, a Semana do libro (como contacontos, charlas de expertos, encontros con autores ou con ilustradores...

## INTERVENCIÓNS DESTINADAS Á ENSINANZA DE ESTRATEXIAS DE COMPRESIÓN LECTORA.

- **Antes da lectura**

- *Motivar para a lectura:* Buscaremos que o neno sinta que é *capaz* de ler e que o atope *interesante*. Promoveremos aquelas actividades que se aproximen a contextos de uso real (ler por pracer e ler cun obxectivo claro) e respecten o ritmo do lector.
- *Observar o libro,* manipulalo, identificar o título, o autor, o ilustrador, ver as ilustracións da tapa e outras informacións...
- *Identificar o obxectivo da lectura:* Isto é algo vital porque determina o tipo de estratexias que se debe aplicar para conseguir a comprensión do texto.
- *Activar os coñecementos previos:* Anticiparemos o tipo de texto que se vai ler e axudaremos a que se fixen en determinados aspectos do texto que poidan activar o seu coñecemento previo, como as ilustracións, os títulos, os cambios de tipografía, palabras clave.
- *Animar aos alumnos a que expoñan o que coñecen sobre o tema:* Fomentaremos un pequeno debate no que os rapaces verbalicen os coñecementos que teñen sobre a temática da lectura e concluír cunha síntese dos aspectos máis relevantes.
- *Xogar co título:* inventar outro variando as palabras pero mantendo o ritmo do mesmo, a cadencia sonora...
- *Establecer predicións sobre o texto:* Animaremos aos rapaces a formular hipóteses sobre cal podería ser o título do texto, que ilustracións cabería esperar, cal será a estrutura do texto...
- *Promover as preguntas dos alumnos sobre o texto:* Fomentaremos que os rapaces formulen cuestións que conducen a establecer o tema do texto, as súas ideas principais e o seu núcleo argumental.

- **Durante a lectura**

Os lectores competentes non só comprenden, senón que ademais saben cando non comprenden e polo tanto poden levar a cabo accións que lles permitan solucionar unha posible lagoa de comprensión. Trátase dunha actividade de avaliación da propia comprensión e só cando é asumida polo lector a súa lectura se fai produtiva e eficaz.

Proporemos ao alumnado unha **primeira lectura individual e silenciosa** previa a calquera actividade de lectura expresiva (2º curso) ou unha **lectura exemplificadora** por parte do mestre (en 1º curso).

A continuación levaremos a cabo unha **lectura compartida** a través da cal o mestre amosa como constrúe as súas propias predicións, como as verifica, en que puntos do texto se detén máis para unha cousa ou outra...

Trala lectura, o mestre conducirá aos alumnos a través de catro **estratexias básicas**:

- Primeiro, encárgase de facer un resumo do libro e solicita o acordo dos rapaces.
- Pode despois pedir aclaracións ou explicacións sobre determinadas dúbidas que plantexa o tema.
- Máis tarde, formula aos nenos unha ou algunhas preguntas cuxa resposta fai necesaria a lectura.
- Tras esta actividade, establece as súas predicións sobre o que queda por ler, reiniciándose deste modo o ciclo (ler, resumir, solicitar aclaracións, predicir), esta vez a cargo doutro “responsable” o moderador.

Sería útil propoñer tamén variacións nesta secuencia para adaptala ás diferentes lecturas, aos alumnos que participan nela e aos obxectivos que a presiden.

O seguinte paso, será pasar ao que chamamos **lectura independente**, na cal o lector impón o seu propio ritmo e “trata” o texto para o seu fin. Será a maneira de comprobar a funcionalidade das estratexias traballadas ata o momento. Para isto o mestre preparará textos co propósito de que practiquen pola súa conta algunhas estratexias que puideran ser obxecto das tarefas de lectura compartida, con toda a clase, ou en pequenos grupos o parellas, como os seguintes:

- Textos con erros para identificar
- Textos con lagoas para completar
- Textos con frases pirata
- Completar textos, engadir finais, reescritura segundo diversos criterios.

Que faremos cando o alumno se atope ante erros e lagoas de comprensión?

Unha boa estratexia sería pedir aos alumnos que subliñen as palabras descoñecidas dun texto e que borren, logo dunha segunda lectura, as que puideron interpretar.

Cando ningunha destas estratexias da resultado é o momento de acudir a unha fonte externa: o mestre, un compañeiro ou o dicionario. Deste xeito, dáse unha progresión no proceso pasando dunhas estratexias nada disruptivas como seguir lendo, ata a que acabamos de sinalar, pasando por termos medios como reler o contexto que corta o ritmo da lectura pero moito menos que interromper e preguntar.

- **Despois da lectura**

- *A idea principal:* Neste nivel o primeiro que debemos ensinar é a identificar o tema dun texto, é dicir, a palabra ou sintagma que resume o contido dun texto. Máis adiante, comezaremos a ensinar de forma explícita a buscar a idea principal dun texto, é dicir, o enunciado máis importante que o escritor emprega para explicar o tema.
- *Elaboración de resumos:* Neste nivel ensinaremos a resumir pequenos textos de forma oral.
- *Formulación e resposta de preguntas:* Formular preguntas sobre a lectura é unha estratexia moi empregada na escola pero ás veces, a busca da resposta literal no texto fai que se converta nunha actividade mecánica que chega a perder o significado e o seu obxectivo para o alumno. É perfectamente posible non comprender un texto e, non obstante, responder preguntas que se refiran a el. Pensamos que será moito máis útil elaborar unha secuencia de dificultade progresiva traballando con:
  - Preguntas de resposta literal: a súa resposta encóntrase de forma literal e directa no texto
  - Preguntas “para pensar”: a súa resposta é deducible pero require que o lector relacione diversos elementos do texto e que nalgún grado, realice inferencias.
  - Preguntas de elaboración persoal: a resposta esixe a intervención do coñecemento previo, a experiencia e/ou a opinión do lector.
- *Actividades que fomenten a creatividade e o pensamento diverxente:* traballar con textos que formulen un problema e que os alumnos teñan que propoñer diferentes solucións.
- *Actividades que formen lectores críticos:* traballar con textos que expoñan problemáticas sociais ante os cales os alumnos teñan que ofrecer a súa opinión persoal.
- *Actividades que desenvolven a afectividade:* traballar con textos que expoñan situacións nas que os rapaces teñan que poñerse “en lugar de” é dicir, que traballen a empatía.

#### **INTERVENCIÓNS DESTINADAS AO FOMENTO DA ESCRITURA.**

A aprendizaxe das estratexias de redacción é unha das maiores preocupacións do profesorado deste centro.

Neste ciclo as nosas intervencións terán como factor común fomentar entre o noso alumnado a posta en práctica da **técnica dos borradores**.

- **Redacción de contos**

Para facilitar o traballo con este tipo de texto propoñeremos a seguinte secuencia de traballo que levaremos a cabo neste nivel en forma de traballo colectivo:

- Primeiro o mestre lles o conto aos alumnos
- Despois pediráselles que busquen outras versións do mesmo conto para ler e comparar.
- A continuación veremos unha película sobre o conto.
- O seguinte paso será entregarlles as diferentes secuencias do conto en ilustración, a modo viñetas para que as ordenen seguindo a secuencia temporal da historia (o número de viñetas dependerá da idade e capacidade dos alumnos).
- Por fin, o derradeiro paso será redactar a historia seguindo o fío condutor das viñetas traballando xa o vocabulario, os conectores, o tempos verbais, a composición, a gramática...

- **Actividades de redacción relacionadas coas distintas celebracións cíclicas**

O obxectivo desta actividade é sempre proporcionar aos titores escusas para traballar diferentes tipos de textos, ensinarlles aos rapaces as estruturas que seguen estes textos e ofrecerlles estratexias claras que lles axuden a aprender a redactar (historias de medo polo Samaín, historias de amor e amizade polo Día dos Namorados, poesías polo Día da Poesía, pequenos textos polas Letras Galegas...

- **Elaboración de traballos en soportes diversos despois dun traballo de busca documental.**

Aproveitaremos a materia de Proxecto Competencial co obxectivo é lograr que os alumnos sexan capaces de levar a cabo labores de busca de información, análise e interpretación da información para finalizar realizando unha reelaboración da información obtida, co fin de cubrir as necesidades informativas xurdidas.

O resultado poderá ser maquetado en distintos soportes: documentos, presentacións, murais, flipbooks...

É moi importante, neste tipo de proxectos, concienciar aos alumnos da importancia de citar sempre as fontes documentais e respectar en todo momento os dereitos de autor.

Durante este curso, o proxectos de investigación xirarán en torno ao tema do teatro e as emocións.

## **ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE LECTURA NO 2º CICLO**

O equipo do segundo ciclo de Primaria entendemos a lectura como un factor esencial do enriquecemento intelectual e unha actividade clave en todo o proceso educativo, por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe que abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe da lectura xunto cunha escasa comprensión lectora conducen ao alumnado ao fracaso escolar e persoal. A comprensión lectora, ademais de ser unha habilidade básica para o afianzamento de moitas aprendizaxes, é un requisito indispensable para despertar o gusto pola lectura. Por e para iso, a lectura estará presente en practicamente todas as áreas da Educación Primaria coa finalidade de acadar, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- Potenciar a comprensión lectora en e desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Lograr que o alumnado descubra a lectura como un elemento de goce, evasión e enriquecemento persoal.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica.
- Usar as bibliotecas (tanto escolares como alleas) para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.
- Estimular o gusto polas producións escritas, usando textos coñecidos como modelos para as creacións propias.
- Fomentar o interese por mellorar a expresión escrita en todas as súas variables: caligrafía, ortografía, vocabulario, corrección gramatical, cohesión...
- Espertar o interese por realizar de forma escrita producións creativas e orixinais.
- Valorar de forma crítica as composicións escritas propias e as realizadas polos compañeiros e compañeiras.

A competencia en comunicación lingüística é un obxectivo primordial de 3o e 4o niveis. Con esta finalidade, ademais de todas as ocasións que se presentan nas distintas áreas do currículo para ler, dedicarase diariamente un tempo denominado Hora de ler no que se traballará sistematicamente a lectura en diferentes aspectos. Serán 20 minutos diarios despois do recreo nos que se practicarán a lectura tanto en galego coma en castelán e en diversas modalidades:

- Lectura en voz alta en galego e en castelán (todo o alumnado no mesmo texto), para estimular a fluidez lectora, a atención...
- escoitar a lectura do/a profesor/a, para ter un patrón de lectura, fomentar a atención, a concentración e a comprensión oral
- Lectura individual silenciosa, coa intención de fomentar o gusto pola lectura e a concentración.

Preténdese conseguir unha lectura fluída e sen silabeo, coa entoación adecuada, comprensión lectora, fluidez na expresión oral, coa debida precisión e corrección.

Realízanse lecturas colectivas de textos variados (narracións longas, relatos ou contos, poesías, noticias relacionadas coa actualidade, etc.).

Tamén se realizarán sesións de lectura por parte do profesorado coa finalidade de estimular a atención e comprensión oral e facilitarlles un patrón de lectura.

Despois da lectura realízanse actividades, preferentemente orais, de análise e comprensión da lectura, de ampliación de vocabulario e de valoración, crítica e/ou relación con experiencias propias. A elección dos textos farase atendendo ao grao de maduración do alumnado, ao atractivo e interese dos temas, ao aumento da dificultade ao longo do curso, á variedade de contidos e xéneros literarios, etc.

Crearase unha biblioteca de aula con fondos da biblioteca do colexio, que será renovada cada mes ou cada trimestre e que será utilizada polo alumnado para realizar lectura individual silenciosa. Esta biblioteca de aula inclúe textos informativos, revistas, cómics, contos, poesía, etc. É dicir, son textos variados cos que pretendemos que o alumnado lea para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para coñecer e vivir outras realidades.

A biblioteca do centro poderá ser utilizada polo alumnado de cada nivel durante un día á semana na hora do recreo para préstamos e devolucións. Ademais, cada titoría ten adxudicada hora lectiva dentro do horario semanal.

A maiores, considérase importante a lectura conxunta nas familias (adultos/as cos nenos e nenas), posto que mellora diferentes aspectos como a atención sostida, o desenvolvemento afectivo, etc. A esta finalidade agardamos que contribúa a actividade organizada polo equipo de biblioteca do Centro denominada Mochila Viaxeira. Trátase de que cada alumno/a leve á súa casa durante unha semana unha mochila que contén material bibliográfico (libros, revistas, cómics..). Ao final da semana pídesse ao alumnado e á familia que faga unha pequena valoración da experiencia e das lecturas nun caderno que tamén forma parte do contido da mochila.

### **Traballo de expresión escrita e expresión oral no 2º ciclo de Primaria**

As actividades de expresión escrita relaciónanse estreitamente coa lectura e coas actividades de expresión oral. Un dos obxectivos do 3º e 4º nivel de Primaria, é facer atractivas para o alumnado

todas as actividades relacionadas coa lectura, a comprensión lectora e a expresión escrita. Entendemos que estas son o alicerce no que se asentán a maior parte das aprendizaxes que o alumnado ten que realizar ao longo de toda a súa vida escolar e académica. Pero non só iso, tamén estas actividades poden chegar a ser unha fonte inmensa de satisfacción a nivel persoal, tanto cando se realizan como medio de satisfacer a curiosidade ou como mera evasión. Cómpre, por isto, iniciar ao alumnado desde moi cedo e co rigor axeitado á súa idade nestas experiencias enriquecedoras: lectura e escritura. O estímulo e o gusto pola lectura seguramente conducirán o alumnado ao desexo de ler e de buscar modelos para a expresión escrita.

Resulta tal vez máis difícil despertar no alumnado o gusto pola expresión escrita, polo maior esforzo que supón esta actividade. Tentárase facelo con textos relacionados coas súas vivencias e cos seus intereses. Cando os textos se refiran a experiencias nas que participou toda a clase, (saídas escolares, actividades extra escolares ou complementarias, resumo e valoración dos libros que se leron en voz alta...) elaboraranse de xeito colectivo para que o alumnado se vaia familiarizando co proceso que implica a creación: reflexión, selección, redacción, cohesión, corrección ortográfica e gramatical, etc. Cando se considere oportuno e/ou necesario, facilitaránse modelos de textos similares semellantes aos solicitados.

No presente curso escolar, en 3º e 4º niveis, decidimos perdirlle ao alumnado un caderno pequeno, de pauta, para traballar a expresión escrita. Empezaremos por escribir frases que inclúan palabras con dificultade ortográfica, logo iremos alongando oracións, describindo obxectos ou escenas que ven, facer resumos, pequenas copias, ditados... para acabar elaborando sinxelos textos propios.

Máis alá da complexidade dos textos, que se irá adquirindo co paso do tempo, cómpre facer fincapé desde o momento en que se empeza a traballar na escola, en dous aspectos fundamentais:

a) aspecto formal

b) contido

a) En canto ao aspecto formal cómpre:

- Usar unha caligrafía clara e lexible, e respectar as marxes e a distribución do texto no espazo dispoñible.
- Procurar unha presentación limpa e coidada, que faga atractiva a tarefa de ler os textos de creación propia e allea.
- Coñecer as normas básicas de ortografía para aplicalas na escrita.
- Coñecer as normas básicas de acentuación (en 4º nivel) e aplicalas nas producións escritas.
- Recoñecer os diferentes tipos de puntos e o seu uso.
- Recoñecer os usos máis habituais dos signos de puntuación (coma, dous puntos, puntos suspensivos...) e utilizalos axeitadamente nos textos de elaboración propia.



- Utilizar axeitadamente os signos de interrogación e exclamación.

b) En relación ao contido traballaranse os seguintes aspectos:

- Observar a presentación e o aspecto formal dos textos que se len a diario.

- Narrar oralmente vivencias persoais ou acontecementos de interese, respectando a orde cronolóxica dos feitos.

- Trasladar á linguaxe escrita as narracións orais, evitando determinadas expresións coloquiais.

- Responder, oralmente e por escrito, preguntas relacionadas cun texto lido.

- Elaborar, inicialmente coa axuda do profesorado, resumos de textos sinxelos. Seleccionar as ideas principais dun texto.

- Elaborar esquemas ou mapas conceptuais de textos que reúnan as condicións necesarias para facelo. Aplicar especialmente esta técnica nos temas das áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

- Ler e asimilar pautas para elaborar textos variados: descrições, contos, textos informativos, cómics, cartas, ...

- Elaborar relacións de palabras necesarias e axeitadas para utilizar en cada un textos.

- Buscar as comparacións máis acaídas para facer as descrições dos personaxes, cando cumpra.

- Ler e observar modelos da tipoloxía de textos que se pretende elaborar.

- Elaborar textos semellantes aos modelos dados, con modificacións mínimas.

- Elaborar textos da tipoloxía proposta, introducindo elementos de elaboración propia e incluíndo cando sexa necesario, outros elementos complementarios: títulos, onomatopeas, ilustracións, valoración persoal...

- Procurar que o vocabulario utilizado nos textos elaborados sexa o axeitado ao tema sobre o que se escribe.

- Buscar a orixinalidade nas creacións propias.

- Comprobar a orde, a estrutura, a cronoloxía e a coherencia nos textos de produción propia.

A tipoloxía de textos a traballar será, de xeito orientativo, a seguinte:

- A narración de experiencias persoais.

- O resumo.

- A descrição.

- O texto informativo.

- A noticia.

- O conto.

- A poesía.

- O cómic.
- A carta.
- O esquema.

## **ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE LECTURA NO 3º CICLO**

Ademais de fomentar o hábito de lectura, o plan anual ten como obxectivos: o traballo da comprensión lectora, da expresión oral e escrita, das tecnoloxías da comunicación e da información, do acercamento aos distintos xéneros literarios e da educación en valores de forma transversal.

Co fin de promover o uso da biblioteca como espazo de traballo e investigación, de xeito habitual o alumnado de 5º e 6º ten reservada unha sesión semanal na mesma e realízase o préstamo de libros para a casa durante os recreos.

### **1. Rutinas de lectura**

Todos os días, despois do recreo, facemos a hora de ler seguindo, de forma xeral, o seguinte esquema de actividades:

- Lectura individual
- Comprensión de textos escritos
- Lectura colectiva
- Lectura do profesor
- Dramatizacións

De forma puntual faránse nesa hora actividades como:

- Traballo da velocidade lectora
- Lectura e análise de periódicos dixitais con noticias de especial interese
- Traballo con vocabulario específico
- Elaboración de fichas dos libros da biblioteca escolar
- Traballo con diferentes tipoloxías textuais: descrições, cómics, contos, poesías, lendas, trabalinguas, refráns, etc.
- Técnicas de estudo: subliñado, resumo, esquemas, mapas conceptuais, etc.
- Lectura de imaxes
- Elaboración de textos a partir de palabras ou imaxes elixidas entre o grupo.
- Recomendacións de libros entre o alumnado de cada grupo.

- Formación de usuarios da biblioteca.

2. Actividades para a implicación das familias:

Este curso os alumnos continúan levando para casa a Mochila Viaxeira, que coma outros anos inclúe obras de tipoloxía moi diversa, como cómics, novelas infantís, contos e revistas de divulgación científica.

A mochila, unha vez devolta, quedará un día en corentena antes de entregarse ao seguinte alumno.

3. Participación en actividades propostas desde o Equipo de Biblioteca.

Todo o ciclo participara naquelas actividades propostas desde o Equipo de Biblioteca encamiñadas á promoción da lectura e á formación de usuarios da biblioteca

# Fomento da Educación Dixital

CEIP de Roxos

Curso 2024/2025



Este plan elabórase coa idea de que o ensino debe estar encamiñado á integración do alumnado na sociedade. Debe ser, por tanto, globalizado, e existir unha interrelación entre as áreas do currículo, para poder dar así resposta ás actuais demandas da sociedade.

Debe transmitir e xerar información, dar estratexias de razoamento para poder aplicalas na vida cotiá.

O obxectivo deste plan é utilizalo como un recurso metodolóxico máis na consecución da formación integral do alumno/a e non como único medio de formación.

Este plan está pensado para alumnos de educación infantil e primaria do CEIP de Roxos, así como para o profesorado, os representantes da ANPA, e tamén como medio de transmisión de información ás familias dos alumnos do colexio.

### Formación do profesorado.

O profesorado do centro, na súa maioría, participou e participa en cursos de formación no centro ou en cursos tanto presenciais coma “on line” impartidos polo CAFI.

Este ano o Centro participa como parte do PFPP en formación relacionado co material da iniciativa Polos Creativos.

### Utilización dos recursos.

Actualmente contamos coas aulas dende Infantil a 4º de Primaria con monitores interactivos con conexión a internet. Espérase que este curso chegue o mesmo tipo de material para as aulas de 5º e 6º.

Este novo material permite unha integración das TIC na aula de xeito moito máis dinámico, para proxectar vídeos/infografía/presentacións, acceder a internet, facer xogos; utilización da pantalla como encerado dixital tanto polo docente coma polo alumnado, acceso á páxina web do centro [www.edu.xunta.es/centros/ceiproxos/](http://www.edu.xunta.es/centros/ceiproxos/) para a consulta de información e dos recursos creados polos docentes.

Nas aulas de Abalar, utilízase a pantalla dixital cando se quere facer unha exposición a nivel de aula (tanto por parte do profesorado como do alumnado durante a presentación dun traballo), para facer lecturas de imaxe, proxectar presentacións; proxectar algún texto co fin de que o discente aprenda a subliñar, para corrixir algún traballo en concreto, e en xeral para traballar con ferramentas dixitais.



O alumnado utiliza os netbooks cando teñen que facer algunha busca individual de información que, ademais, plasmarán nun documento odt que gardarán na súa carpeta para poder utilizala cando a necesiten; para realizar actividades en liña co fin de reforzar conceptos adquiridos en cada materia (actividades colgadas na aula virtual da páxina web do colexio, actividades interactivas das editoriais coas que traballamos, actividades de kahoot, prensa escola virtual ou de calquera outro programa ou páxina que o profesor considere oportuno que o alumno coñeza).

### Obxectivos para o centro.

- Utilizar as TIC para dinamizar a actividade docente.
- Facilitar o uso cotián das ferramentas informáticas ao conxunto de profesores/as do claustro.
- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de ensino-aprendizaxe utilizándoa de xeito activo e responsable polo alumnado.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotiá e as actividades de aula: programacións, actividades, fichas, traballos coa pantalla dixital, proxeccións de vídeos, Power Point, Impress, Presentacións en Prezy...
- Ofrecer recursos educativos aos diferentes niveis (direccións de internet dalgunhas páxina interesantes para utilizar nos diferentes ciclos)
- Potenciar o uso da páxina Web e a Aula virtual do colexio.

### Obxectivos para o alumnado.

- Utilizar programas que faciliten a súa aprendizaxe nas diferentes áreas de contido e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas, e coñecementos das mesmas.
- Espertar o interese por aprender e darlles as pautas para acceder á información precisa. Potenciar o seu razoamento e o seu afán de coñecemento.
- Utilizar o ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/ou colectivo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, integración, cooperación, e de expresión das ideas de cada un.



- Utilizar o ordenador como medio para afianzar, reforzar ou ampliar conceptos adquiridos na aula por medio de actividades interactivas subidas á aula virtual do colexio, ou aquelas, sacadas de internet que o docente considere.
- Mellorar a competencia en novas tecnoloxías.

#### Obxectivos para o profesorado.

- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización, de aproveitar a información que delas poida sacar, para mellorar a exposición pedagóxica a través da súa utilización e incrementar a motivación do alumnado
- Empregar os ordenadores para o traballo cotiá e as actividades da aula: programacións, actividades, exames, fichas, circulares, información ás familias, etc.
- Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursiños de formación, convocatorias... como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos e actividades relacionados coas TIC
- Favorecer a participación do profesorado na páxina Web do Centro.
- Mellorar a competencia dixital.
- Adquirir competencias no manexo do Espazo Abalar como ferramenta de comunicación coas familias.
- Manter activa a páxina web.

#### Obxectivos para a Comunidade Educativa.

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o seu entorno: follas informativas, páxina Web, correo electrónico, no que se divulgue o Centro e a súa oferta educativa, diferentes notificacións, relación coa ANPA, e intercambio de información coas familias.
- Manterse informado de todo o concernente a leis, información educativa e normativa, así como de convocatorias, competencias e demais temas legislativos a través da Xunta de Galicia e organismos competentes.



- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: prensa, páxina web, contacontos, semana da poesía,...

### **Persoal para impartir a Educación Dixital.**

- Nas aulas de Educación Infantil durante este curso escolar, son as profes de apoio as encargadas de introducir ao alumnado no manexo dos ordenadores, das tablets e dos monitores interactivos das aulas, de xeito que empregan 1 ou 2 sesións semanais para este fin. Tamén se empregan as TICs como recurso para traballar e reforzar os contidos da etapa.

- Por norma xeneral, en Primaria **será o titor/a** o/a responsable da integración curricular das TIC e da realización das actividades que esta supoña:

- **Traballo individual** na propia aula para realizar tarefas concretas:
  - Aprendizaxes individuais: consulta do periódico dixital, busca de información relacionado coas materias.
  - Reforzos: realización de actividades mediante programas educativos concretos.
  - Ampliación de contidos utilizando páxinas web axeitadas á idade e coñecementos do alumnado.

**Traballo de grupo** para recadar información na elaboración de traballos con dúas finalidades:

- Aprender a aprender buscando e seleccionando a información importante.
- Adquisición da competencia social e cidadá como medio de socialización, respecto e aprender a convivir entre o alumnado para o que se requirirá que os grupos non sexan pechados senón que vaian cambiando os integrantes nas distintas actividades realizadas ó longo do curso.
- Utilización por parte do profesorado especialista para reforzar e ampliar os contidos das áreas explicados anteriormente nas aulas coa finalidade de que os coñecementos sexan funcionais.





- Traballo individual ou de pequeno grupo con **alumnos con necesidade específica de apoio educativo**, realizadas polos profesores de Pedagogía Terapéutica ou a de Audición e Linguaxe para traballar aspectos concretos das adaptacións curriculares, reforzos educativos, ou actividades de creación ou de aprendizaxe individualizadas. Actuarase especialmente na recompilación de recursos para facilitar a adquisición do idioma castelá e galego por parte de aqueles alumnos/as que o descoñezan.
- Utilización na área de lingua estranxeira para reforzar e afianzar o “listening” e o “TPR” (total physical response) coa finalidade de desenvolver a capacidade auditiva e de resposta en todas as súas dimensións.
- Utilización de recursos web cada vez que a necesidade de reforzo ou ampliación da área a impartir así o requira.

En todas as actividades se utilizará o ordenador da clase, ou ben os monitores interactivos

## 2. Equipo de Educación Dixital.

O Equipo de Educación Dixital está formado por catro representantes do profesorado pertencentes a diferentes niveis educativos do Centro, sendo a especialista de Pedagogía Terapéutica a coordinadora do equipo, cunha sesión semanal de 50 minutos para dita coordinación.

O equipo reunirse todos os segundos luns de cada mes de 17:30 a 18:30 horas co fin, sobre todo de potenciar e dinamizar a páxina web do colexio, coordinar e preparar actividades para os diferentes niveis/ciclo, subsanar problemas que poidan xurdir, elaborar protocolos de actuación nas aulas Abalar, recoller ideas que poidan mellorar o Plan.

A súa duración será para un curso académico con carácter revisable ao fin de cada un para poder modificalo, ampliando ou reelaborando algún apartado que se considere necesario, tendo en conta as demandas da comunidade educativa.



	Acadado	En proceso	Non acadado
Conseguimos que as familias estivesen informadas das actividades complementarias e eventos realizadas no Centro a través da páxina web			
Implicouse o profesorado na elaboración da páxina web do Centro			
Conseguimos realizar unha listaxe de recursos educativos on line por nivel			
Conseguimos que todo o profesorado do centro fomentase o uso das TIC na docencia			
Conseguimos que todo o profesorado do centro fomentase o uso das TIC entre o alumnado			
Fomentamos, nos alumnos, o uso das TIC como ferramenta de investigación			
Potenciamos as destrezas e habilidades necesarias para a utilización correcta dos ordenadores e no acceso a información online			
A formación do profesorado contribuíu a unha mellor utilización das TIC na aula.			
Como profesores acadamos un rendemento óptimo da Aula Virtual			
Conseguimos que o alumnado fose quen de aproveitar os recursos da Aula Virtual do Colexio			
Logramos que teñan a competencia dixital necesaria para manexarse ba Aula Virtual			

- Reclamar máis persoal especializado para ter dispoñibilidade horaria e poder asumir estas funcións, tendo en conta a situación excepcional provocada pola pandemia.
- Conseguir que todo o profesorado do Centro se implique na páxina web do colexio.
- Fomentar no alumnado a consulta da páxina web do Centro.
- Conseguir que o alumnado colabore na construción da páxina coas súas aportacións.
- Informar e explicar o funcionamento da páxina web ao profesorado que forma parte do equipo e a todo aquel que o desexe.
- Conseguir que todo o material relacionado coas TIC estea centralizado nun lugar.
- Utilizar un espazo para compartir recursos para todo o profesorado do centro.
- Iniciar ao alumnado de 5º e 6º no do programa GIMP para tratamento de imaxes.
- Iniciar ao alumnado de 5º e 6º na elaboración de presentacións en Impress e Prezy.

# Plan de actividades complementarias e extraescolares

CEIP de Roxos

Curso 2024/2025

## **EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares encargárase de promover, planificar, organizar e desenvolver as actividades didácticas tanto de carácter complementario como extraescolar que se realicen no centro. Así mesmo, coordinárase co resto de equipos (Convivencia, Biblioteca, Tics e EDLG), coa ANPA e demais entidades que colaboren no centro na programación das actividades.

### **a) Integrantes do equipo:**

- Carmen Gómez Vilacoba
- Ana Belén Fontáns Rilo
- M<sup>a</sup> Carmen Vázquez Espantoso
- Rosa M<sup>a</sup> Rodríguez Rodríguez
- M<sup>a</sup> Begoña Santamaría Pérez (coordinadora)

### **b) Obxectivos Xerais:**

As actuacións levadas a cabo dende o equipo buscan acadar os seguintes obxectivos xerais para este curso escolar:

- Planificar e organizar as actividades asinadas ao equipo (Magosto, Entroido e Festa fin de curso) para todo o centro durante o horario lectivo.
- Dinamizar e fomentar a participación de todos os cursos nas actividades comúns.
- Promover a participación activa do alumnado en actividades complementarias que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado, a súa autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo de lecer.
- Favorecer a sensibilidade, curiosidade e creatividade do alumnado.
- Promover no alumnado o sentimento positivo de pertenza ao centro e ao seu grupo.
- Posibilitar o acceso ás actividades culturais e/ou deportivas a todo o alumnado.
- Promover a participación en actividades levadas a cabo por diferentes organismos distintos ao centro, relacionadas coa contorna natural, social e cultural.
- Mellorar as relacións entre o alumnado fora do ámbito académico e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación en diferentes contextos.
- Exercer un efecto compensador das desigualdades sociais que provocan o que moitos alumnos e alumnas non teñan a posibilidade de gozar correctamente do seu tempo libre por falta de medios económicos, problemas familiares, condicións persoais ou carencias do seu entorno inmediato.

Para a consecución destes obxectivos teremos en conta diferentes accións coma:

- Realizar unha reunión mensual (ademais das que poidan xurdir en función das necesidades) para planificar e coordinar as actividades.
- Manter informadas as persoas responsables das coordinacións de ciclo de diferentes ofertas para a participación en actividades complementarios e/ou extraescolares axeitadas en función do alumnado.
- Manter informado a todo o claustro en xeral das datas e actividades dos grupos mediante un calendario mensual exposto na sala de mestres.
- Colaborar na organización de actividades que dende os diferentes niveis vaian xurdindo e resulten de interese en función das características e necesidades do alumnado.
- Poñer a disposición do profesorado material axeitado para a realización das actividades, tanto en formato físico coma dixital.
- Elaborar a memoria de final de curso recollendo as conclusións do traballo realizado e as propostas de mellora.

### **c) Proposta de actividades complementarias a nivel de centro.**

En primeiro lugar, fomentárase a celebración de datas ou períodos importantes pola súa tradición no centro: Magosto, Samaín, Nadal e Entroido.

- Conmemoracións: (As previstas no calendario escolar no curso 2024-25)

Conmemoracións orientativas

- 20 de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- Semana do 6 decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.

- 1 de abril de 2025: Día de las Artes Gallegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- Semana do 23 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- Semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Medio Ambiente.
- De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Así mesmo, trataremos de planificar, coordinar e fomentar a participación naquelas actividades que poidan xurdir ao longo do curso escolar e sexan de interese para o alumnado.

Este equipo tamén xestionará e dinamizará o horto escolar e o invernadoiro do centro no eixo da Educación Ambiental.

## **ACTIVIDADES PREVISTAS POLA ANPA PARA O CURSO 2024/25**

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP de Roxos é unha asociación sen ánimo de lucro formada por persoas voluntarias que, segundo queda recollido nos seus estatutos, ten como fins principais a defensa do dereito dos nenos e nenas a recibir unha **educación integral**, o apoio e fomento da **participación das familias** na formación dos seus fillos e fillas e a promoción e **realización de actividades** de carácter educativo, cultural e deportivo que favorezan o proceso formativo de todo o alumnado.

A ANPA de Roxos entende o seu labor dende a **cooperación e o traballo colectivo** tanto co colexio coma cos demais axentes da comunidade na que se integra. Neste senso, pretende servir como vehículo de comunicación entre as familias e a dirección do centro escolar e de igual xeito en sentido inverso. Cando a situación o requira, a ANPA tamén exercerá –sempre que sexa posible– como altofalante das familias e da comunidade educativa ante os organismos e/ou unidades administrativas que sexa pertinente (concello, inspección educativa, xefatura territorial...), tanto de xeito unilateral por parte da asociación, coma de forma conxunta co colexio cando a directiva do mesmo o considere necesario.

Neste curso o traballo da ANPA –sen perder de vista os estatutos– xirará ao redor de tres grandes eixos vertebradores:

### **1. FOMENTO DA COMUNICACIÓN E DA PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS**

Dende a Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as de Roxos considérase que unha **comunicación bidireccional fluída** é a mellor ferramenta para que os pais, nais e titores legais do alumnado poidan manter co colexio unha relación saudable baseada **no respecto e na confianza**.

Outras das novidades deste curso serán as campañas destinadas a captar novos socios, buscando chegar ao maior número posible de familias e na procura dunha maior **lexitimidade** baseada no incremento da **representatividade**.

#### **Accións destinadas a fomentar a comunicación e a participación das familias**

Creación de canais de difusión coas novidades que surxan

Creación de contidos para o Facebook da asociación

Envío de correos coas actividades previstas

Campañas periódicas para a captación de novos socios

Emprego do servizo Abalar cando as destinatarias da mensaxe sexan todas as familias

Celebración de reunións e asembleas informativas con carácter periódico

En resumo, trátase de que as familias do CEIP de Roxos saiban que tamén teñen a opción de falar e de ser escoitados/escoitar ou, o que é o mesmo, que sintan que son unha parte importante da comunidade educativa.

## 2. AMPLIACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO

Este curso, a Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as volve organizar, xunto coas empresas VAIDAVAI EVENTOS, CLUBE DE ATLETISMO DE O PINO, CLUBE DE BALONCESTO GALOGRIM e STEMROBOTS, unha serie de actividades extraescolares que se realizarán durante as xornadas lectivas, en horario de 16:30 a 17:30 e de 17:30 a 18:30, nos seguintes espazos autorizados: aula de psicomotricidade, pavillón, patio e comedor. As actividades que se van levar a cabo, suxeitas aínda a posibles cambios tanto de grupos coma de horarios no momento de redactar este informe, son: **atletismo, patinaxe, judo, ballet, baloncesto, teatro, robótica, cociña, baile moderno, xogando co inglés e fútbol.**

Hora	Lugar	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
16:30 – 17:30	Aula psicom./ Aula de relixión	Xogando co inglés	Teatro Robótica	Ballet (infantil e primaria)	Judo Xogando co Inglés	Baile Moderno Robótica
	Pavillón	Fútbol	Atletismo	Fútbol	Atletismo	Atletismo
	Patio		Patinaxe	Patinaxe	Patinaxe	Patinaxe
17:30 – 18:30	Aula psicom.	Judo		Teatro (infantil e primaria)	Atletismo	
	Pavillón	Atletismo	Baloncesto	Atletismo	Baloncesto	
	Patio		Patinaxe			



	<b>Comedor</b>	<b>Cociña</b> (infantil e primaria)	<b>Xadrez</b> (primaria)	<b>Cociña</b> (infantil e primaria)
--	----------------	--	-----------------------------	--

Tamén se ofertou o idioma da música e baile galego pero o número de solicitudes de usuarios foi inferior a 8 e, polo momento, non se van levar a cabo.

Todas as actividades propostas dende a ANPA teñen carácter lúdico, educativo e/ou deportivo e están pensadas para promover hábitos saudables, dar a coñecer distintas disciplinas artísticas, físicas e culturais e, ao mesmo tempo, facilitar a **conciliación familiar**. Neste senso, a asociación tamén pon a disposición dos pais, nais e titores un servizo de **ludoteca gratuita** para os días nos que se celebran xuntanzas no centro escolar e participa nos programas de conciliación promovidos pola Federación Galega de Anpas Compostela que se levan a cabo durante as vacacións de Nadal, Entroido, Semana Santa e no verán incluíndo, todas elas, se o número de usuarios supera os mínimos requiridos, servizos de madrugadores e comedor.

### **3. PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LÚDICAS E FORMATIVAS DIRIXIDAS A TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA**

A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP de Roxos ten previsto realizar durante o curso 2022/23 unha serie de obradoiros e actividades destinadas tanto ao alumnado como ás familias. Así, en función dos membros da comunidade educativa implicados nas distintas accións, podemos falar de:

#### **a) Obradoiros e iniciativas lúdico-formativas para nenos e nenas:**

Destinadas a nenos e nenas do CEIP de Roxos, tanto de familias socias (participación de balde) coma non socias (inscrición con pagamento). As actividades enmarcadas neste epígrafe serán temáticas e dependerán dos espazos que o colexio autorice, en cada caso, para a súa celebración. Terán carácter lúdico e formativo e, se é posible, celebraranse nos meses de decembro, marzo e xuño.

Dentro destas actividades, a ANPA contempla a celebración da presentación do libro escrito por David Navarro, ex xogador profesional de baloncesto e pai de tres alumnos deste centro.

Tamen temos en mente facer algunha saída coma no curso anterior. A organización e finalidade do evento serán consensuadas e acordadas conxuntamente coa dirección do colexio.



## **b) Colaboración e apoio nos festivais e actividades lúdicas do colexio**

Destinadas a toda a comunidade educativa. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as do CEIP de Roxos manifesta a súa vontade de colaborar achegando **recursos humanos, materiais e económicos** cando sexa preciso, en todas as actividades e festivais celebrados nas instalacións do colexio e organizados polo mesmo.

Tanto o Magosto/Samaín, o Nadal, o Entroido e as festas de fin de curso foron festas nas que a ANPA do CEIP de Roxos participou e gustaríalle participar de novo nas que o colexio considere viable esa colaboración, sumando en positivo e na procura dunhas actividades máis heteroxéneas, abertas e nas que poidan escoitarse todas as voces que conforman a comunidade educativa.

Un ano máis faremos a chocolatada con churros e non rosca, visto o éxito do ano pasado.

Por esa razón, acordamos co centro encargarnos da parte lúdica da Festa de Entroido, con animación musical e exhibición de bailes preparados pola cativada das actividades extraescolares.

## Listado de libros curso 2024-2025

Nivel	Área	Editorial/Proxecto	ISBN
1º EP	Ciencias da Natureza	Santillana (Construíndo mundos)	978-84-9185-411-1
	Ciencias Sociais	Non utiliza libro de texto	
	Música	Santillana (1 PRI Novo Tiroliro)	978-84-9185-401-2 Non comprar ata setembro* CAD. 978-84-9185-522-4 (Non comprar ata setembro)*
	Plástica	Non utiliza libro de texto	
	Lingua castelá e literatura	Vicens(Comunidade Zoom/TipTap)	978-84-6829-887-0
	Lingua galega e literatura	Santillana (Construíndo mundos)	978-84-9185-399-2 978-84-9185-532-3
	Matemáticas	Anaya (Operación mundo)	978-84-698-93517
	Inglés	Oxford (All about Us Now 1)	C.B 978-01-940-7422-3 A.B 978-01-940-7968-6
	Relixión Católica	Non utiliza libro de texto	

- Inglés: CB = Class Book - AB = Activity Book
- Música: CAD = Caderno.

Non comprar nin o libro, nin o caderno de música ata setembro, enviarase co resto de material, se é necesario mercalo.

Nivel	Área	Editorial/Proxecto	ISBN
2º EP	Ciencias da Natureza	Santillana/Construíndo Mundos	978-84-9185-694-8
	Ciencias Sociais		978-84-9185-696-2
	Música	Santillana/2 PRINovo Tiroliro	<b>978-84-9185-700-6</b> Non comprar ata setembro* <b>CAD. 978-84-9185-671-9</b> (Non comprar ata setembro)*
	Plástica	<b>Non utiliza libro de texto</b>	
	Lingua castelá e literatura	Vicens Vives/Comunidad Zoom	978-84-6829-193-2
	Lingua galega e literatura	Santillana/Cosntruíndo Mundos	978-84-9185-675-7
	Matemáticas	Vicens Vives/Comunidad Zoom	978-84-6829-184-0
	Inglés	Oxford/All About Us Now 2	<b>CB 978-01-940-7443-8</b> <b>AB 978-01-940-7973-0</b>
	Relixión Católica	<b>Non Utilizan libro de texto</b>	

- Inglés: CB = Class Book - AB = Activity Book
- Música: CAD = Caderno.

**Non comprar nin o libro, nin o caderno de música ata setembro, enviarase co resto de material, se é necesario mercalos.**

Nivel	Área	Editorial/Proxecto	ISBN
3º EP	Ciencias da Natureza	Vicens (Comunidade Zoom)	978-84-6828-533-7
	Ciencias Sociais	Vicens (Comunidade Zoom)	978-84-6828-537-5
	Música	Santillana (3 PRI Novo Tiroliro)	978-84-9185-404-3 Non comprar ata setembro* CAD 978-84-9185-525-5 Non comprar ata setembro*
	Plástica	Non utiliza libro de texto	
	Lingua castelá e literatura	Santillana (Construyendo Mundos)	978-84-680-7201-2
	Lingua galega e literatura	Santillana (Construíndo Mundos)	978-84-9185-409-8
	Matemáticas	Vicens (Comunidad Zoom)	978-84-682-8283-1
	Inglés	Oxford/All About Us Now 3	CB 978-01-940-7465-0 AB 978-01-940-7976-1
	Relixión Católica	Non Utilizan libro de texto	

- Inglés: CB = Class Book - AB = Activity Book
- Música: CAD = Caderno.

Non comprar nin o libro, nin o caderno de música ata setembro, enviarase co resto de material, se é necesario compralo. (O Activity Book non está incluído no fondo solidario de libros).

Nivel	Área	Editorial/Proxecto	ISBN
4º EP	Ciencias da Natureza	Vicens Vives/Comunidade Zoom	978-84-6829-250-2
	Ciencias Sociais	Vicens Vives/Comunidade Zoom	978-84-6829-253-3
	Música	Santillana/4 PRI NovoTiroliro	978-84-9185-674-0 Non comprar ata setembro* CAD. 978-84-9185-678-8 Non comprar ata setembro*
	Plástica	Non utiliza libro de texto	
	Lingua castelá e literatura	Santillana/Construíndo Mundos	978-84-144-0738-7
	Lingua galega e literatura		978-84-9185-705-1
	Matemáticas	Vicens Vives/Comunidad Zoom	978-84-6829-185-7
	Inglés	Oxford/All About Us Now	CB 978-01-940-7480-3 AB 978-01-940-7979-2
	Relixión Católica	Non utiliza libro de texto	

- Inglés: CB = Class Book - AB = Activity Book
- Música: CAD = Caderno.

Non comprar nin o libro, nin o caderno de música ata setembro, enviarase co resto de material, se é necesaria a súa compra. (O Activity Book non están incluídos no fondo solidario de libros).

Nivel	Área	Editorial/Proxecto	ISBN
5° EP	Ciencias da Natureza	Santillana (Construíndo Mundos)	978-84-9185-407-4
	Ciencias Sociais	Santillana (Construíndo Mundos	978-84-9185-415-9
	Música	Santillana (5PRI Novo Tiroliro)	978-84-9185-400-5 Non comprar ata setembro* CAD 978-84-9185-521-7 Non comprar ata setembro*
	Plástica	Non utiliza libro de texto	
	Lingua castelá e literatura	SM (Revuela)	978-84-139-2506-6
	Lingua galega e literatura	Anaya (Operación Mundo)	978-84-143-0225-5
	Matemáticas	SM (Revuela)	978-84-139-2525-7
	Inglés	Oxford (All About Us Now )5	CB 978-01-940-7498-8 AB 978-01-940-7982-2
	Relixión Católica	Non utilizan libro de texto	

- Inglés: CB = Class Book - AB = Activity Book
- Música: CAD = Caderno.

Non comprar nin o libro, nin o caderno de música ata setembro, enviarase co resto de material, se é necesaria a súa compra. (O Activity Book non está incluído no fondo solidario de libros).

Nivel	Área	Editorial/Proxecto	ISBN
6° EP	Ciencias da Natureza	Santillana/Construíndo Mundos	978-84-9185-669-6
	Ciencias Sociais		978-84-9185-693-1
	Educación e Valores Cívicos e Éticos	SM/Revuela	978-84-1392-569-1
	Música	Santillana/6 PRI Novo Tiroliro	<b>978-84-9185-677-1</b> Non comprar ata setembro* <b>CAD 978-84-9185-682-5</b> Non comprar ata setembro*
	Plástica	<b>Non utiliza libro de texto</b>	
	Lingua castelá e literatura	SM/Revuela	978-84-985-6178-4
	Lingua galega e literatura	Anaya/Operación Mundo	978-84-143-2217-8
	Matemáticas	SM/Revuela	978-84-191-0277-5
	Inglés	Oxford/All About Us Now	<b>CB 978-01-940-7513-8</b> <b>AB 978-01-940-7985-3</b>
	Relixión Católica	<b>Non utiliza libro de texto</b>	

- Inglés: CB = Class Book - AB = Activity Book
- Música: CAD = Caderno.

**Non comprar nin o libro, nin o caderno de música ata setembro, enviarase co resto de material, se é necesaria a súa compra. (O Activity Book non está incluído no fondo solidario de libros).**



## INFANTIL

Nivel	Título	Editorial	ISBN
3 anos		Agardar a Setembro	
		Agardar a setembro	
		Agardar a setembro	

Nivel	Título	Editorial	ISBN
4 anos	Matemáticas 2 Cuaderno	Anaya	978-84-6781-589-4
	Diario de creatividad. Mandarin	Edelvives	978-84-1405-607-3
	Proyecto animales en peligro. 2º Nivel	Anaya	978-84-1433-727-1

Nivel	Área	Editorial/Proxecto	ISBN
5 anos	Cuaderno Matemáticas 3	Anaya	978-84-6781-590-0
	Proyecto animales en peligro 3º Nivel	Anaya	978-84-1433-728-8